



PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)

DE

INFANTIL E PRIMARIA

Mestra: M^a Esther Rodríguez Velasco.

C.E.I.P. CAMPOMAIOR-(Ordes).

Curso 2021-2022.



PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)

DE

INFANTIL E PRIMARIA

CURSOS:

-4º DE EDUCACIÓN INFANTIL (3 ANOS).

-5º DE EDUCACIÓN INFANTIL (4 ANOS).

-1º,2º, 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.



PROGRAMACIÓN

DE

INGLÉS

2º Ciclo de Educación Infantil.

CURSOS:

-4º DE EDUCACIÓN INFANTIL (3 ANOS).

-5º DE EDUCACIÓN INFANTIL (4 ANOS).



PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS).

4º Curso de Educación Infantil.

(3 anos)

Mestra: M^a Esther Rodríguez Velasco.

CEIP Campomaior (Ordes).

CURSO 2021/2022



ÍNDICE.

1.INTRODUCCIÓN.

2.XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DO PROXECTO. CONTEXTUALIZACIÓN.

3.OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN INFANTIL.

4.OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA.

5.OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA E A RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO.

6.CONTIDOS.

7.COMPETENCIAS CLAVE.

8.CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

9. METODOLOXÍA.

-SITUACIÓN DE CLASES PRESENCIAIS/ NON PRESENCIAIS.

10. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS DA ENSEÑANZA DE INGLÉS NA EDUCACIÓN INFANTIL.

11.ACTIVIDADES.

12.RECURSOS.

13.TEMPORALIZACIÓN.

14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

15. POSIBLES ESCENARIOS EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA: ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E / OU NON PRESENCIAL.

16.TEMAS TRANSVERSAIS.

17. AVALIACIÓN.

18. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA:

MECANISMOS DE REVISIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.



1.INTRODUCCIÓN.

A presente programación que expoño a continuación, desenvólvese nun marco legislativo de transición entre a Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, e a nova Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que de acordo có Real Decreto 806/2006, de 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do Sistema Educativo establecida na LOE.

Polo tanto, con respecto ao currículo vixente, seguiremos baseándonos, a nivel estatal, no Real Decreto 1330/1991, do 6 de setembro, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo de Educación Infantil, e a nivel autonómico no Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Infantil para a Comunidade Autónoma de Galicia.

En canto ao grupo de alumnos/as de 3 anos ao cal remítese esta programación, estaría formado por dúas unidades de tres anos con 29 alumnos/as.

Un aula con 14 nenos e nenas, e outra con 15 nenos/nenas. A lingua materna predominante en cada un dos grupos é o Galego, polo que a lingua vehicular será tamén o Galego.

Baseando o noso labor educativo nas teorías psicopedagóxicas que sustentan o noso actual currículo, tal e como se recolle no Deseño Curricular Base de Educación Infantil, estaríamos traballando con nenos e nenas pertencentes, segundo Piaget, ao Período preoperacional que inclúe dos 2 ós 6 anos de idade.

A principal característica que define este período, é, indiscutiblemente, a capacidade de representación simbólica. As demais características unicamente matizan o modo en que se proxecta esa intelixencia representativa. Podemos destacar, como tales, o debuxo, a imitación diferida, as representacións mentais, o xogo simbólico e a adquisición da linguaxe. Non obstante, aínda deberán mellorar aspectos como a irreversibilidade, o egocentrismo que implica erros como o realismo; o animismo, o artificialismo, o finalismo e o fenomenismo; o carácter estático da realidade, a centración, a dificultade para relacionar e incluír: as seriacións, as clasificacións.

Tamén, e dentro deste mesmo período, o propio Jean Piaget, diferencia entre subperíodo do pensamento simbólico ou preconceptual, e o subperíodo do pensamento intuitivo.

O primeiro deles atingue dos 2 ós 4 anos, mentres que o segundo, considerado máis propiamente coma un período de transición período preoperacional ao período das operacións concretas, comprende dos 4 ós 6 anos. O subperíodo do pensamento simbólico ou preconceptual caracterízase polo dominio da función simbólica, así como pola construción dos primeiros conceptos todavía moi simples e en forma de imaxes.

O segundo subperíodo do pensamento intuitivo caracterízase porque o pensamento do neno/a evoluciona de iuxtaposto ata chegar a converterse nun pensamento intuitivo,



as imaxes dos primeiros conceptos son substituídas pola linguaxe, e ao final deste período o/a neno/a será quen de facer seriacións, clasificacións, inclusións e desenvolverá o que Piaget denominou a semiirreversibilidade.

En canto ao desenvolvemento socio-afectivo, indicar que mediante o xogo o/a neno/a interacciona e é aceptado polo grupo de iguais.

Wallon, indícanos que dos 3 aos 6 anos desenvólvese o estadio do personalismo no que se constrúe a personalidade infantil.

Dentro deste estado diferenciamos varias fases:

Fase de crise de oposición, é a fase do non.

O/a neno/a autoafírmase e toma conciencia da súa individualidade mediante a imposición dos seus desexos.

Fase de gracia. O/a neno/a intentará gañarse o afecto e agarimo dos demais facendo monerías e uso das súas novas capacidades e destrezas. Imitación dos modelos. Neste estadio descobre a imitación como unha forma máis eficaz de agradar aos seus modelos.

No seno de ditas imitacións, o/a neno/a farase máis autónomo e independente, acatará normas, supeditarán os seus propios intereses aos do grupo, aceptará puntos de vista diferentes e asimilará valores tales como a solidariedade e a colaboración. Que o/a neno/a sexa aceptado polo grupo de iguais, e a calidade desas relacións, incidirá de forma decisiva na construción dun autoconcepto san e equilibrado.

En canto ao desenvolvemento psicomotor, o/a neno/a desta idade xa é moi /autónomo/a nivel de marcha. Nembargantes, aínda non posúe unha estruturación espazo-temporal obxectiva e deberanse perfeccionar aspectos como a psicomotricidade grossa, tanto a nivel de dominio corporal dinámico, estático, equilibrio con ritmo; a psicomotricidade fina, con implicacións na psicomotricidade facial, fonética e o esquema corporal todo isto tamén importante na aprendizaxe da Lingua Estranxeira.

-Dentro da **psicomotricidade grossa** podemos diferenciar:

O dominio corporal dinámico, que é a capacidade de controlar o corpo en movemento. Engloba a coordinación xeral e segmentaria, o ritmo e o equilibrio.

O dominio corporal estático, que implica a tonicidade (grado de tensión muscular necesaria para manter unha determinada postura), implica o autocontrol, a respiración e a relaxación.

-Dentro da **psicomotricidade fina** diferenciamos entre:

- Motricidade manual, que permite a autonomía da man respecto do pulso, ao tronco.

-Motricidade facial, importante como medio de relación e comunicación.

-Motricidade fonética, que posibilita a fala.



-Coordinación visomanual, que tamén poderíamos enmarcar dentro do dominio corporal dinámico como coordinación segmentaria e que é moi importante para adquisición da escritura.

Con respecto ao esquema corporal sinalar que segundo describe Le Boulch, é a imaxe mental que temos do noso propio corpo tanto en situacións estáticas como dinámicas. Polo tanto, non é algo innato senón que se adquire grazas ás sensacións, percepcións e representacións. Implica o coñecemento do corpo, tanto de forma global como segmentaria; a interiorización do eixe corporal, e por último, a lateralidade.

E por último, en canto a **estruturación espazo-temporal**, durante os primeiros meses de vida, o/a neno/a non percibe o espazo como un todo, senón como moitos espazos independentes, heteroxéneos. Progresivamente, irá adquirindo nocións espaciais básicas a través da exploración de obxectos, o dominio da marcha e a construción do obxecto permanente. Aos 18 meses de idade, o/a pequeno/a adquire a noción de espazo. E aos 6 anos o espazo aínda está centrado no seu propio corpo e non será capaz de poñerse na perspectiva do outro ata os 7 anos aproximadamente.

As nocións básicas relativas ao **espazo** son conceptos de: localización, dirección, relacións no espazo, etc.

Na adquisición destes conceptos, é moi importante a **actividade motora** e partir sempre do propio corpo do neno/a como referencia. Podemos diferenciar tres **pasos**:

-Nun primeiro momento, o/a neno/a sitúa os obxectos en relación a se mesmo.

-Posteriormente, sitúase a se mesmo/a en relación cós obxectos.

-Finalmente, sitúa os obxectos en relación aos outros.

Con respecto ao **tempo**, a súa adquisición é moito máis custosa. Durante os primeiros anos de vida o/a neno/a vai asimilando a sucesión temporal ligada, inicialmente, á satisfacción das súas propias necesidades biolóxicas. Aos dous anos, o/a neno/a é capaz de evocar recordos pasados e facer algunhas predicións futuras ligadas a actividades rutinarias. Aproximadamente aos 4 anos comeza a comprender a duración do tempo, pero ten dificultades para relacionala coa sucesión; reconece cando é fin de semana. Aos 5 anos, aínda non entenderá os lapsos fixos de tempo e utiliza os conceptos de onte e mañá.

Explicadas as características psicoevolutivas mediante as cales o noso grupo de alumnos/as guiará as súas aprendizaxes, é de obrigada referencia sinalar aquelas peculiaridades individuais que configuran a cada suxeito como único e irrepertible. Cada individuo ten o seu propio ritmo de aprendizaxe, así como uns intereses específicos e unhas motivacións concretas ás cales tentaremos dar resposta mediante a planificación de propostas globalizadas que promovan aprendizaxes significativas e funcionais.



Así pois, ademais da diversidade obvia entre cada un dos nosos/as alumnos/as, temos que destacar:

-No nivel de 3 anos: temos dúas aulas con 14 nenos/as en 3 anos A, e 15 en 3 anos B. En total 29 alumnos/as.

Todos eles están perfectamente atendidos polo correspondente Equipo de Orientación e as súas propias titoras que velan para que se lles ofrezca unha educación de calidade e atentas as súas necesidades e características individuais.

2.XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DO PROXECTO.CONTEXTUALIZACIÓN.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira é considerada un elemento enriquecedor na Educación Infantil, tanto polas necesidades culturais dos nosos tempos coma polo alto grao de compatibilidade dos procedementos involucrados na aprendizaxe do Inglés cos obxectivos propostos pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio.

A capacidade dos nenos máis pequenos para aprender idiomas é coñecida e aceptada pola maioría dos especialistas, ao que se engade a posibilidade de integrar o ensino do Inglés na metodoloxía da Educación Infantil en xeral. Ao iniciar o estudo dunha lingua estranxeira a unha idade tan temperá, preténdese que a adquisición da lingua se realice dun xeito lúdico e estimulante que prepare o neno para o proceso continuado que abarcará a Educación Primaria e Secundaria na súa totalidade. Os nenos que teñen este contacto cunha lingua estranxeira na Educación Infantil desenvolverán, cun esforzo mínimo, un conxunto de aptitudes e capacidades (sobre todo de comprensión auditiva e de pronuncia) que lles axudará ao longo dos seus anos de estudo.

Así a introdución temperá de linguas estranxeiras ou adicionais debe ser entendida en relación co contexto educativo en que ten lugar. Para o alumnado de Educación Infantil da Comunidade Autónoma de Galicia, o Inglés é a terceira lingua dentro do seu sistema de educación bilingüe. O modelo de introdución do Inglés en Infantil en Galicia engade este idioma ás dúas linguas oficiais e supón unha exposición inicial á terceira lingua, que progresivamente será maior nas seguintes etapas educativas.

Esta exposición inicial debe basearse no principio do que é a aprendizaxe en Educación Infantil : o enfoque globalizado e integrador das aprendizaxes. Hai que lembrar que o alumnado desta etapa atópase nun período pre-operacional, é dicir, que o seu mundo se constrúe en función da súa realidade inmediata no tempo e no espazo.

A percepción e a experimentación coa realidade presente é tanxible serán o referente fundamental para deseñar as actividades. O carácter global debe impregnar tódalas actuacións e actividades e a estratexia para avaliar o proceso de ensinanza será a observación.



É importante na área de Inglés a inclusión de obxectivos, contidos, criterios de avaliación e actividades correspondentes ás tres áreas de Educación Infantil.

Atendendo as idades dos nenos/as desta etapa, é fundamental o carácter lúdico co que se deben realizar as tarefas escolares e actividades na clase de inglés,(tamén nas outras materias), de xeito que os/as nenos/as as afronten coa motivación e o interese necesario, nun ambiente no que se atopen felices e que favoreza a participación, a creatividade, a expresión oral e o xogo, cunha actitude positiva cara á nova lingua. Neste senso, hai que destaca-lo papel que xoga a Literatura Infantil inglesa, (stories (contos), telling stories, nursery rhymes, songs...) e así axudar a desenrolar as súas habilidades comunicativas en Inglés, ademais das utilidades das novas tecnoloxías como forma de diversión e aprendizaxe.

Esta programación responde a un enfoque didáctico e utiliza distintas técnicas expresivas como marionetas,(o mono Monkey, Amanda panda e outras mascotas que se poidan incorporando...),mimo, dramatización, debuxos, manexo das formas e as cores, obxectos, e apóiase en outras áreas coma a lingua materna e o coñecemento prematemático e incorpora técnicas baseadas na resposta física total (Total Physical Response ou TPR).Pretende crear unha atmosfera de diversión,(“as actividades que mellor se recordan son aquelas nas que máis se desfrutou”) ,para crear un ambiente positivo para a aprendizaxe. Os aspectos lingüísticos incorpóranse en actividades divertidas que favorecen o progreso e a motivación.

CONTEXTUALIZACIÓN

O Ceip. Campomaior é un centro que escolariza alumnos de Educación infantil e alumnos de Educación Primaria. Está situado nun entorno semi-urbano, na rúa Travesa de Campomaior s/n ,15680, e pertence ao concello de Ordes (A Coruña). O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio / medio-baixo, e nel predominan os pais/nais con estudos primarios. A maioría dos nenos/nenas son galego falantes.

O horario lectivo do centro é de luns a venres en xornada contínua de 9:30 a 14:30.

A organización e funcionamento do centro axustarase ó disposto no D. 374/1996 e na O. do 22 xullo de 1997.



3.OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN INFANTIL.

Os obxectivos que aquí presento, son obxectivos xerais formulados para todo o curso académico 2021-2022, polo que non son directamente avaliábeis nin observábeis.

O referente inmediato destes obxectivos é o Proxecto Curricular de Centro, onde se secuencian e concretan os obxectivos xerais para cada etapa educativa tomando como referencia o primeiro nivel de concreción curricular que constitúe o noso currículo recollido no Decreto 3307/2009, de 4 de xuño. Así mesmo, tivemos en conta os aspectos psicomotrices e musicais recollidos en cada unha das programacións didácticas de nivel.

OBXECTIVOS:

1. A finalidade da Educación infantil é a de contribuír ao desenvolvemento afectivo, desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e das nenas.
2. En ambos os ciclos atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio. Ademais facilitarase que nenas e nenos elaboren unha imaxe de se mesmos positiva e equilibrada e adquiren autonomía persoal.

A Educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar a seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de problemas.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lecto-escritura e no movemento, no xesto e no ritmo.



4.OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA.

O obxectivo estará centrado no achegamento das nenas e dos nenos a unha nova lingua e cultura. A linguaxe debe ser entendida como unha capacidade que o alumnado debe desenvolver e que debe estar dirixida á comunicación. Por isto, entendemos que, na liña do tratamento integrado das linguas ou do meu primeiro portfolio, tanto a lingua estranxeira como as linguas ambientais deben desenvolverse paralelamente nesta etapa, xa que a primeira, segunda e terceira linguas conviven, nótrense, e retroaliméntanse nun contexto de completa normalidade. Cómpre construír todas as linguas baixo un mesmo marco conceptual, polo que os obxectivos e contidos da lingua estranxeira quedan integrados na Área de Linguaxes: comunicación e representación a través da comunicación oral.

OBXECTIVOS:

-Descubrir, coñecer, e controlar progresivamente o seu propio corpo. Tamén, adquirir unha imaxe positiva de se mesmos, valorando e respectando as diferencias de xénero, as capacidades distintas de cada un e as limitacións de acción e expresión. Paralelamente, preténdese conseguir que aos/as nenos/as adquiren hábitos básicos de saúde, hixiene e coidados persoais.

-Actuar de xeito cada vez máis autónomo nas actividades cotiás a través da adquisición progresiva dunha maior seguridade afectiva e emocional e do desenrolo da iniciativa e a confianza en se mesmos/as.

-Relacionarse cós demais e aprender normas elementais de convivencia, aprendendo a conxugar progresivamente os interese e puntos de vista propios e os dos demais, e amosar interese polas opinións e aportacións dos demais.

-Observar e explorar o entorno con curiosidade e coidado, identificando as características e propiedades máis significativas dos elementos que o conforman e algunha das relacións que se establecen entre eles.

-Coñecer algunhas das manifestacións culturais do seu entorno e tamén dos países de fala inglesa, desenrolando actitudes de respecto e interese cara a elas.

-Utilizar a linguaxe verbal de forma axeitada coma vehículo de comunicación nas diferentes situacións comunicativas, aprender a emitir mensaxes referidos as súas necesidades, sentimentos e desexos, amosando interese por participar na comunicación oral respectando as normas sociais establecidas para a mesma.

-Enriquecer e diversificar as súas posibilidades expresivas mediante a utilización dos recursos e medios ó seu alcance, así como apreciar diferentes manifestacións artísticas propias da súa idade.

-Iniciarse nas habilidades numéricas básicas.



Os obxectivos planificados para alcanzar na **ÁREA DE INGLÉS**.

Que os alumnos e alumnas sexan capaces de:

- Aprender a saudarse e despedirse en Lingua Inglesa.
- Recoñecer e nomear “colours”(colores).
- Identificar e nomear “numbers”(números).
- Recoñecer e responder á linguaxe dentro dun contexto.
- Respectar as normas de comportamento na clase.
- Desenvolver a psicomotricidade fina trazando, coloreando e emparellando, etc...
- Mellorar a psicomotricidade grosa realizando as accións das cancións.
- Recoñecer algún vocabulario sinxelo dos distintos temas traballados e nomealos en Inglés.
- Crear interese no conto.
- escoitar unha canción e un conto para comprender o significado e reunir información específica.
- Mellorar a psicomotricidade fina, emparellando (match), rodeando con círculos (circle), coloreando (colour), debuxando (draw), e escribindo (write).
- Mellorar a psicomotricidade grosa, realizando as accións da canción e do conto.
- Recoñecer as partes do “body” (corpo) e nomealos.
- Recoñecer os toys” (xoguetes) e nomealos.
- Recoñecer as partes da “face”(cara), e nomealos.
- Manter rutinas de aulas.
- escoitar cancións relacionadas con “body and face” para comprendelas e obter información específica.
- Desenvolver a psicomotricidade grosa facendo mímica nas cancións e nos contos.
- Recoñecer e nomear “animals” (animais), pets/wild,(mascotas e salvaxes).
- Descubrir que os animais emiten sons diferentes en Inglés.
- Identificar e nomear as “clothes”(roupa).
- Recoñecer e responder á linguaxe dentro dun contexto.



- Utilizar a imaxinación para predicir un conto.
- Recoñecer e nomear “food and drink”(comida e bebida).
- Mellorar a capacidade de observación atopando o elemento que falta, emparellando obxectos idénticos u obxectos da mesma categoría.
- Valorar a importancia dunha alimentación equilibrada e san.
- Recoñecer e nomear “family vocabulary”(vocabulario familiar).
- Relacionar o conto coa situación persoal dos/das nenos/as.
- Recoñecer e nomear “the weather vocabulary” (vocabulario do tempo atmosférico).
- Utilizar a fantasía do conto para aprender cousas sobre o mundo real.
- Relacionar as “clothes”(roupa) dependendo do “weather”(tempo atmosférico).
- Familiarizarse coas festas e celebracións inglesas.
- Celebrar o “Halloween”.
- Familiarizar ós/ás nenos/as cunha canción e un baile de “Halloween”.
- Familiarizar ós/ás nenos/as cunha canción do Nadal, (Christmas).
- Realización dun “Christmas Card” (tarxeta do Nadal).
- Celebrar “Easter”.(Semana Santa) e familiarizar ós/ás nenos/as cunha canción de “Easter”.
- Celebrar “Carnival” (Entroido) e familiarizar ós/ás nenos/as cunha canción sobre “Carnival” (Entroido).
- Celebrar “Father and Mother’s Day” (día do pai e da nai), e aprender una canción.
- Celebrar o “Springtime” (época da primavera), familiarizarse cunha canción e realización dun debuxo da estación.
- Recoñecer, nomear e identificar: os días da semana, as estacións e os meses do ano.
- Aprender a facer peticións: “Can I go to the toilet, please?” ,”Can I borrow a pencil, please?”...
- Aprender a ser agradecido en Inglés: “Thank you”, “Thank you very much”.
- Establecer unha rutina para a clase de Inglés.
- Ofrecer ós/ás nenos/as oportunidades de comunicarse coas personaxes e o profesor.



5. OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUAS ESTRANXEIRAS E A RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO.

A incorporación da aprendizaxe do Inglés en idades temperás ten que incluír tanto os obxectivos propios da área de **Inglés**, como obxectivos, en principio, alleos á mesma, xa que, o que queremos conseguir é o desenvolvemento xeral da competencia comunicativa do neno/a. Deste xeito búscase que o neno/a prograse nas diferentes destrezas lingüísticas, nas estratexias comunicativas e na súa capacidade de utilizar os recursos expresivos no lingüísticos. Xunto con estes obxectivos inclúense outros relativos ó coñecemento de aspectos socioculturais que pretenden potenciar actitudes de tolerancia e respecto cara ás ideas, costumes e aportación dos demais. Ademais téñense en conta, os obxectivos que buscan desenvolver gradualmente as estratexias dunha aprendizaxe autónoma.

Por último, os contidos deste curso de Inglés axuda a desenvolver as destrezas prelectoras, a conciencia prematemática e a comprensión do contexto mediante a secuenciación e a combinación. Deste xeito esta programación pretende axudar ós/ás nenos/as acadar os requisitos do currículo de Educación Infantil, nas seguintes áreas específicas:

-Desenvolvemento da linguaxe: mellorando as destrezas orais coma acadar unha pronuncia e unha entoación correctas, a comprensión de contos, instrucións orais e a participación activa na comunicación oral.

-Apreciación da música: contribuíndo a comprensión do son, o silencio, a canción, o ritmo, o volume, e o compás; o desenvolvemento da coordinación do movemento seguindo a música das cancións e audicións.

-Xogos e movemento: favorecendo a conciencia do corpo e do movemento o desenvolvemento da coordinación motriz grossa e motricidade fina; proporcionando a adquisición de nocións básicas de orientación espacial; fomento do respecto polas regras dos xogos e á consideración e apoio dos demais.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Comprender globalmente mensaxes orais sinxelos.
- Recoñecer palabras nas mensaxes orais e identificar as imaxes as que se refire.
- Comprender o significado dunha canción e dun conto sinxelo.
- Seguir instrucións orais.
- Expresarse oralmente:
- Dar respostas verbais e non verbais.
- Utilizar os saúdos e as fórmulas de cortesía na rutina da clase.



- Utilizar palabras e expresións moi sinxelas en Inglés para comunicarse na aula e para xogar.
- Participar nas distintas actividades da clase:
- Cantar unha canción.
- Debuxar e colorear seguindo unhas instrucións.
- Participar nos xogos interactivos.
- Comprender e seguir as regras dun xogo.
- Facer asociacións.
- Completar secuencias e seriacións.
- Contar en Inglés.
- Actitudes e valores socioculturais:
- Valorar a importancia de escoitar as mensaxes dos demais.
- Valorar a importancia da comunicación.
- Comprender a importancia de axudar ós demais.
- Traballar cooperativamente con outros compañeiros.
- Participar activamente nos xogos e actividades da clase respectando o turno de intervención.
- Valorar a importancia de saudar e despedirse como formas de cortesía e educación.
- Actitudes sobre aprendizaxe:
- Amosar interese por aprender.
- Considerar a aprendizaxe coma unha experiencia positiva.
- Amosar interese por comprender e expresarse en Inglés.
- Tomar conciencia do progreso na aprendizaxe.
- Participar activamente na aula.



As tres áreas de experiencia na Educación Infantil.

As tres áreas son:

- Coñecemento de se mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento da contorna.
- Linguaxes: comunicación e representación.

Convén destacar que o obxectivo dos materiais deste proxecto é que os ensinados derivados do método non se limiten á aprendizaxe do Inglés. Así e todo, dado que se abarcan áreas de coñecementos próximos á propia experiencia dos nenos, estes entrarán tamén en contacto con conceptos, procedementos e actitudes das áreas de identidade e autonomía persoal, medio físico e social e comunicación e representación. O ensino do Inglés bríndanos a oportunidade de integrar estas áreas dunha forma globalizadora, así como de demostrar a súa interdependencia. Polo tanto, coas actividades que propoñemos no noso método, os nenos non só aprenden este idioma, senón que o utilizan como unha ferramenta de comunicación que lles permite descubrir e coñecer o seu corpo e adquirir unha imaxe positiva de se mesmos e dos seus compañeiros, a fin de adoptar actitudes autónomas con hábitos básicos de saúde e benestar e iniciar e promover as súas relacións sociais cos outros nenos e cos adultos.

A continuación, detallo os obxectivos de cada unha das tres áreas en Educación Infantil:

1.- O coñecemento de si mesmo e a autonomía persoal.

Esta área de coñecemento e experiencia fai referencia, de forma conxunta, á construción gradual da propia identidade, ao establecemento de relacións afectivas cos demais e á autonomía persoal como procesos inseparábeis e necesariamente complementarios. Os contidos que nesta área se agrupan, adquiren sentido dende a complementariedade co resto das áreas, e deberán de interpretarse nas propostas didácticas dende a globalidade da acción e das aprendizaxes. Para contribuír ao coñecemento de si mesmo e á autonomía persoal, convén promover o xogo como actividade privilexiada que integra a acción coas emocións e co pensamento, e favorece o desenvolvemento social.

A escola, e especialmente a estas idades, é un ámbito particularmente axeitado para enriquecer os procesos de construción do coñecemento de se mesmo e da autonomía persoal, ofrécese unha intervención educativa axustada ás distintas necesidades individuais en contextos de benestar, seguridade e afectividade.

Os contidos divídense en catro bloques: o corpo e a propia imaxe, xogo e movemento, a actividade e a vida cotiá e o coidado persoal e a saúde

Achegarse a eses temas é algo inherente en calquera clase de Infantil. Ademais, a través dos contos e temas tratados nos materiais do curso trátase de desenvolver a autonomía persoal de cada alumno así como o coñecemento de si mesmo. Na clase de Inglés o xogo e o movemento son claves aínda que adaptárase a situación da Covid-19.



Obxectivos:

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo ou desenvolvemento das seguintes capacidades:

-Formarse unha imaxe axustada e positiva de se mesmo, a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e autonomía persoal.

-Coñecer e representar o seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.

-Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias, e ser capaces de denominalos, expresalos e comunicarllelos aos demais, identificando e respectando, tamén, os dos outros.

-Realizar, de xeito cada vez máis autónomo, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa, e desenvolvendo estratexias para satisfacer as súas necesidades básicas.

-Adecuar o seu comportamento ás necesidades e requirimentos dos outros desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración, evitando comportamentos de submisión ou dominio.

-Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, coa hixiene e co fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.

2.- O medio físico, natural, social e cultural.

Con esta área de coñecemento e experiencia preténdese favorecer en nenos e nenas o proceso de descubrimento e representación dos diferentes contextos que compón a contorna infantil, así como facilitar a súa inserción neles, de xeito reflexivo e participativo. Os contidos desta área adquiren sentido dende a complementariedade co resto das áreas, e haberán de interpretarse nas propostas didácticas dende a globalidade da acción e das aprendizaxes. Así por exemplo, o medio non pode ser comprendido sen a utilización das diferentes linguaxes, da mesma forma a realización de desprazamentos orientados ha de facerse dende o coñecemento do propio corpo e da súa localización espacial.

Ao longo desta etapa, os nenos e as nenas descubren a súa pertenza ao medio social. A vida escolar leva o establecemento de experiencias máis amplas que os achegarán ao coñecemento das persoas e das relacións interpersoais, xerando vínculos e desenvolvendo actitudes como confianza, empatía e apego que constitúen a sólida base da súa socialización. No desenvolvemento destas relacións afectivas, terase en conta a expresión e comunicación das propias vivencias, das súas emocións e sentimentos, para a construción da propia identidade e para favorecer a convivencia. Progresivamente vanse ir achegando ao coñecemento dalgúns trazos culturais propios.



A diversidade cultural aconsella aproximar a nenos e nenas aos usos e costumes sociais dende unha perspectiva aberta e integradora que lles permita coñecer diversos modos e manifestacións culturais presentes na sociedade e xerar así actitudes de respecto e aprecio cara a elas. A importancia das novas tecnoloxías e a súa incorporación actual ao funcionamento da sociedade aconsellan que nenas e nenos identifiquen o papel que estas tecnoloxías teñen nas súas vidas, interesándose polo seu coñecemento e iniciándose no seu uso.

Os contidos divídense en tres bloques: o medio físico: elementos, relacións e medida, o achegamento á natureza e á cultura e á vida en sociedade. Nos materiais de lingua estranxeira pódense achegar eses temas aos alumnos a través dos contos e vídeos e outros materiais e actividades curriculares.

Obxectivos:

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

-Observar e explorar de forma activa a súa contorna, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos e mostrando interese polo seu coñecemento.

-Relacionarse cos demais, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.

-Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.

-Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.

-Coñecer e valorar os compoñentes básicos do medio natural e algunhas das súas relacións, cambios e transformacións, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.

3.- As linguaxes: comunicación e representación.

Aínda que pode contribuír nas demais áreas, quizáis a área máis importante para Lingua Estranxeira é a da comunicación e representación. Esta área de coñecemento e experiencia pretende tamén mellorar as relacións entre o neno e o medio. As distintas formas de comunicación e representación serven de nexo entre o mundo exterior e interior ao ser instrumentos que fan posible a representación da realidade, a expresión de pensamentos, sentimentos e vivencias e as interaccións cós demais.



No uso de distintas linguaxes, nenas e nenos irán descubrindo a mellor adaptación de cada unha delas á representación das distintas realidades ou dimensións dunha mesma realidade.

Deste xeito facilitarase que acomoden os códigos propios de cada linguaxe ás súas intencións comunicativas, achegándose a un uso cada vez máis propio e creativo das devanditas linguaxes. As diferentes formas de comunicación e representación que se integran nesta área son: a linguaxe verbal, a linguaxe plástica, a linguaxe musical, a linguaxe corporal, a linguaxe audiovisual e a linguaxe das tecnoloxías da información e da comunicación, que, en certo xeito, integra os anteriores.

Doutra banda, a linguaxe oral é especialmente relevante nesta etapa, é o instrumento por excelencia de aprendizaxe, de regulación da conduta e de manifestación de vivencias, sentimentos, ideas, emocións, etc. A verbalización, a explicación en voz alta, do que están aprendendo, do que pensan e do que senten, é un instrumento imprescindible para configurar a identidade persoal, para aprender, para aprender a facer e para aprender a ser. Coa lingua oral vaise estimulando, a través de interaccións diversas, o acceso a usos e formas cada vez máis convencionais e complexas.

Na educación Infantil preténdese que nenos e nenas descubran e exploren os usos da lectura e da escritura, espertando e afianzando o seu interese por eles. A utilización funcional e significativa da lectura e da escritura na aula, levaralles, coa intervención educativa pertinente, a iniciarse no coñecemento dalgunhas das propiedades do texto escrito e das súas características convencionais nas que a súa adquisición se ha de completar no primeiro nivel de Primaria. Así mesmo, é necesario o desenvolvemento de actitudes positivas cara á propia lingua e a dos demais, espertando sensibilidade e curiosidade por coñecer outras linguas. Na introdución dunha lingua estranxeira valorarase esta curiosidade e o achegamento progresivo aos significados de mensaxes en contextos de comunicación coñecidos, fundamentalmente nas rutinas habituais da aula.

A linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación presentes na vida infantil, requiren un tratamento educativo que, a partir do uso, inicie a nenas e nenos na comprensión das mensaxes audiovisuais e na súa utilización adecuada.

Obxectivos:

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

-Utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos e valorar a lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.



- Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo a que mellor se axuste á intención e á situación.
- Comprender as intencións e mensaxes doutros nenos e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia coma estranxeira.
- Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios mostrando actitudes de valoración, gozo e interese cara a eles.
- Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumento de comunicación, información e gozo.
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante ou emprego de diversas técnicas.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e amosar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.

CONTIDOS.

Os obxectivos previamente expostos alcanzaranse mediante o estudo e traballo duns determinados contidos. Por contidos segundo o DCB (1992), entendemos o conxunto de formas culturais e saberes seleccionados en función dos obxectivos xerais que formarán parte das distintas áreas curriculares.

As necesidades de desenvolvemento persoal, así como as demandas da sociedade esixen que a finalidade última da educación sexa o desenvolvemento integral das persoas, acadando o máximo desenvolvemento de todas as súas capacidades. Por iso, e para evidenciar que se traballan ditas capacidades en todas as súas dimensións, sinálanse os tres tipos de contidos: conceptuais, actitudinais e procedimentais. Ditos contidos abordaranse a través de actividades globalizadas que teñen interese e significado para o neno/a, e partindo da metodoloxía, a experiencia e o xogo, que se aplicará nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a autoestima e a integración social, tal e como se indica no marco legal actual.

A continuación expoño a relación de contidos e as súas respectivas actividades que traballarei ao longo deste curso académico 2021-2022.



6. CONTIDOS.

Aínda que no utilizarei libro de texto neste nivel, estes serán algúns dos contidos a traballar ao longo do curso a través de proxectos en 4º de Educación Infantil,(3 anos), en Inglés.

Programación de contidos.

Welcome: HELLO!

OBXECTIVOS.

- Comprender e usar el Inglés.
- Reconocer e nomear as personaxes.
- Recoñecer á mestra.
- Aprender a decir: Hello e Bye bye.
- Participar activamente en las canciones.
- Language: Hello, bye bye.

VOCABULARY: Monkey and friends, (Monkey e os seus amigos), Amanda ,George and friends, teacher...

UNIDADE SCHOOL

STARTER UNIT.

SCHOOL.

OBXECTIVOS.

- Nomear o vocabulario da clase.
- Identificar as cores :red , yellow,blue and green .
- Escoitar e seguir unha historia ou conto.
- Recoñecer á mestra.
- Aprender a decir: Hello e Bye bye.
- Participar activamente en las canciones.
- Phonics: Practicar o son inicial B.
- Language: What´s this?,What´s colour is it?



VOCABULARY:

KEY: bag, crayon, pencil, yellow.,boots...

STORY: No!,Ooops!, Oh dear! U outras adaptadas ou similares.

It's Raining!

BODY.

OBXECTIVOS.

- Nomear as partes da cara.
- Identificar e repasar o número 1.
- Identificar o número 2.
- Identificar o círculo.
- Contar ata dous obxectos.
- Escoitar e seguir unha historia ou conto ou canción(song).
- Recoñecer á mestra, as cores e membros da familia
- Participar activamente en las canciones.
- PHONICS: Practicar o son inicial N.
- Language: What's this?,What's colour is it? How many...?, Touch your...

VOCABULARY :

KEY: eyes, ears,mouth,;number 2; circle.

REVIEW: red,yellow, blue, green; number 1, class, crayon, sunny,raining...

STORY: Wash,Wash,Wash! I feel poorly. Good girl!

Ou similares e adaptadas á temática coma na anterior **FOOD**.

OBXECTIVOS.

- Nomear froitas, xeadó, tarta.
- Identificar os números 1,2,3 con cuantificadores.
- Identificar os números 1,2 e 3.
- Identificar a cor laranxa; (orange).



-Contar ata dous obxectos.

-Escoitar e seguir unha historia ou conto ou canción (song).

-Participar activamente en las canciones.

-PHONICS: Practicar o son inicial A.

-Language: What's this?,What's colour is it? How many...(apples)?,Is this a...?

VOCABULARY :

KEY: apples,banana,orange,pear;number 3;orange, cake, juice,ice cream..

REVIEW: red,yellow, blue, green,orange; numbers 1,2,3; boots, sunny...

STORY: The Blue Balloon! We need fruit ,Oh yes,fruit! One,two,three.

ou help,help,help!

TOYS.

OBXECTIVOS.

- Nomear os xoguetes.

-Identificar as cores red, blue, yellow and green.

-Escoitar e seguir unha historia ou conto ou canción(song).

-Recoñecer á mestra, as cores e membros da familia

-Aprender a decir: Hello e Bye bye.

-Participar activamente en las canciones.

-PHONICS: Practicar o son inicial T.

-Language: What's this?,What's colour is it? This is my..., Is this a...?

VOCABULARY :

KEY: ball,car,doll,teddy;blue,green...

REVIEW: red,yellow; brother,sister mummy,daddy...

STORY: Rocket's Car! Happy birthday! Thank you! What is it? Ou similares.



PETS.

OBXECTIVOS.

- Nomear as mascotas(pets): dog,cat, rabbit and bird.
- Recoñecer el concepto de tamaño (size).
- Clasificar cosas como grande/pequeno(big/small).
- Contar ata dous obxectos.
- Escoitar e seguir unha historia ou conto ou canción(song).
- Recoñecer á mestra, as cores e membros da familia
- Participar activamente en las canciones.
- PHONICS: Practicar o son inicial F.
- Language: What´s this?,What is it?,Is it big or small?,Is this a...?

VOCABULARY :

KEY: cat,dog, bird, rabbit, elephant, fish,mouse ;big,little..

REVIEW: number 2;ball; circle.

STORY: Twig´s Rabbit! Help! Peppa Pig! E outras axeitadas.

FAMILY.

OBXECTIVOS.

- Nomear os membros da familia: mummy,daddy, sister,brother...
- Identificar os números 3 e 4.
- Escoitar e seguir unha historia ou conto ou canción(song).
- Recoñecer á mestra.
- Aprender a decir: Hello e Bye bye.
- Participar activamente en las canciones.
- PHONICS: Practicar o son inicial S.
- Language: Who´s this?,What´s colour is it? This is my...



VOCABULARY:

KEY: brother ,daddy, mummy,sister.

REVIEW: bag,book,crayon,pencil.

STORY: Get Ready! One at a time! Sorry! I´m sorry! U otras adaptadas..

FESTIVALS.

HALLOWEEN.

OBXECTIVOS.

-Identificar o vocabulario de Halloween.

-Escoitar e seguir unha historia ou conto ou canción (song).

-Participar activamente nas cancións

-Language: What´s this?,What is (Amanda)?

VOCABULARY :

KEY: cat, pumpkin, spider,witch.

REVIEW: red,yellow.

CHRISTMAS.

OBXECTIVOS.

-Identificar o vocabulario de CHRISTMAS.

-Escoitar e seguir unha historia ou conto ou canción (song).

-Participar activamente nas cancións

-Language: What´s this?.

VOCABULARY :

KEY: Santa,star,tree.

REVIEW: red,yellow,crayon.



EASTER.

OBXECTIVOS.

- Identificar o vocabulario de EASTER . .
- Escoitar e seguir unha historia ou conto ou canción (song).
- Participar activamente nas cancións
- Language: What´s this?, : Ilike eggs.Thank you!

VOCABULARY :Ilike eggs.Thank you!

KEY: Ilike eggs.Thank you!

REVIEW: red,yellow,crayon.

Poderíanse celebrar ao longo do curso outras celebracións da cultura inglesa e realizarse outros tipos de actividades complementarias.

DESENVOLVEMENTO DAS ÁREAS DO CURRÍCULO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Coñecemento de si mesmo e a autonomía persoal:

Os nenos realizan de xeito cada vez máis autónomo actividades habituais; aprenden a moverse dentro da aula, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa e desenvolven estratexias para satisfacer as súas necesidades básicas. Todo isto favorece que o neno se sinta cómodo na súa contorna e poida comunicar as súas opinións e intereses con maior seguridade.

O medio físico, natural, social e cultural:

Nestas unidades os temas relaciónanse coa contorna dos nenos, observando cambios no tempo atmosférico e animase os nenos a que lles presten atención a estes co conto de da unidade e co Routine Poster.

As linguaxes: comunicación e representación: A linguaxe plástica é un bo medio de expresarse e compartir cos demais. O neno empeza a interesarse polas cores e polas formas e desenvolve o seu sentido estético e gustos propios, contribuíndo así ao seu desenvolvemento integral.

Mediante as representacións e actividades de resposta física animase os nenos a servirse de técnicas de mímica e de expresión corporal como apoio á comunicación oral.



Criterios de avaliación.

No cuarto curso de Educación infantil, (3 anos), como os/as nenos/as están comezando a aprender, a avaliación está baseada na observación directa. Poderíanse celebrar ao longo do curso outras celebracións da cultura inglesa e realizaranse outros tipos de actividades complementarias.

Na Educación Infantil a avaliación é continua:

- Os/as nenos/as afanse ás rutinas da clase de inglés.
- Recoñecen os números e empezan a nomealos en inglés.
- Participan cantando a canción.
- Escoitan para obter información específica.
- Responden verbal e non-verbalmente ás instrucións.
- Desenvolver o control do lapis, a psicomotricidade fina e as habilidades de preescritura.
- Completan as actividades dos traballos manuais.

Intelixencias Múltiples	Visual-espacial Musical Interpersoal Intrapersoal Lingüística Lóxico-matemática	Visual-espacial Musical Lingüística Lóxico-matemática
Competencias clave	SCC, MST	LC, MST

Recursos:

SB, marionetas, Teacher's i-solutions, CDs, flashcards, TB, worksheets fotocopiables (TRB).



Relación coas áreas do currículo:

1 Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:

- Xogo e movemento: participan en diferentes xogos. Realizan actividades en movemento.

- A actividade e a vida cotiá: realizan as rutinas diarias escoitando as cancións, coñecendo a data, a estación e o clima.

.Coñecemento do contorno:

- Medio físico: elementos, relacións e medidas: identifican cores e figuras xeométricas.

- Cultura e vida en sociedade: practican saúdos, axudan a recoller o material, aprenden a compartir.

.Linguaxes: comunicación e representación:

- Utilizan a linguaxe verbal para comunicarse, nomear cores, figuras xeométricas e os números 1-6.

- Empregan a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e a comunicación co uso do Teacher solutions: xogando aos xogos i interactivos.

- Empregan a linguaxe artística debuxando e coloreando.

- Fan uso da linguaxe corporal nos xogos, bailando e realizando mímica para representar accións.

7.COMPETENCIAS CLAVE.

Na definición que a Lei orgánica de educación (LOE) fai do currículo, atopámonos tanto cos compoñentes tradicionais (obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación) coma coas Competencias clave. No segundo Ciclo de Infantil pódese comezar a facilitar o desenvolvemento das Competencias clave establecidas para a educación básica de xeito moderado.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que haberán de ser demostrados polo alumnado (é algo máis ca unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De forma moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os coñecementos en acción, é dicir, mobilizar os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta daquela en que se



aprendeu), activar recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron)

Hai un aspecto que cómpre salientarmos, sobre o que se pode chamar carácter combinado da competencia: o alumnado, mediante o que sabe, debe demostrar que o sabe aplicar, pero ademais que sabe ser e estar. Desta forma vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do/a alumno/a. En suma, estamos a recoñecer que a institución escolar non só prepara o/a alumno/a no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán/a, de aí, que deba demostrar unha serie de actitudes cívicas e intelectuais que implique o respecto aos demais, ser responsable, traballar en equipo...

Tamén é importante outro aspecto: formar en competencias permite facerlle fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento. A formación académica do alumnado transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata nunca, polo que unha formación competencial no uso, por exemplo, das Tecnoloxías da Información e a Comunicación permitirá acceder a este instrumento para conseguir a información que en cada momento se precise (obviamente, despois de analizarse a súa calidade). Se ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade todos os contidos do currículo, está claro que o alumnado deberá formarse nesa competencia, a de aprender a aprender.

No noso sistema educativo considérase que as Competencias clave que debe ter o/a alumno/a cando remata a escolaridade obrigatoria para enfrontarse cos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Competencia en autonomía e iniciativa persoal.



A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da competencia en comunicación lingüística de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos

Contribución da área de Lingua Estranxeira á adquisición das Competencias clave

e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira, baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua.

A achega da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral dado que as habilidades de escoitar, falar e conversar, adquiren unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse.

A partir da adquisición da linguaxe, esta convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e a representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e a expresión..

Esta materia é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento da competencia social e cidadá. As linguas sérvenlles aos/ás falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en boa medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural, e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación das diferenzas culturais e de comportamento.

As competencias citadas están na actualidade en relación directa coa competencia en tratamento da información e competencia dixital. A utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Esta materia inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, polo tanto, contribúe a adquirir a competencia artística e cultural xa que propicia unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística, como na Literatura infantil.

O coñecemento dunha lingua estranxeira tamén contribúe á adquisición da competencia en autonomía e iniciativa persoal, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, e o manexo de recursos e habilidades persoais dentro da área “O coñecemento de si mesmo/a e a autonomía persoal” ,e isto supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións no traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.



Finalmente, e a pesar de que a Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico e a Competencia matemática non se mencionan especificamente nos obxectivos para a lingua estranxeira, por mor da natureza dos materiais, pódense atopar moitas oportunidades de empezar a desenvolver tamén estas competencias.

8.CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Aínda que o enfoque principal do proxecto consiste en motivar aos/ás nenos/as máis que indicar os seus logros, o control do progreso é importante para poder facer un seguimento individualizado da aprendizaxe. En cuarto curso de Educación de Infantil, como os/as nenos/as están empezando a aprender, a avaliación pódese basear na observación directa do seu desenvolvemento. É máis importante animalos/as a que participen, premiándoos con eloxios e pequenas recompensas, dedicar tempo a fixar os alicerces da futura aprendizaxe de idiomas con confianza. O control de progreso é un labor continuo dende o 4º e 5º curso de Infantil. Pódese facer en calquera momento, facendo varias preguntas despois da hora do conto, fixándose nos/as nenos/as mentres traballan na mesa e observando como se desenvolven nas actividades con toda a clase.

Os **criterios de avaliación** pódense dividir en dúas seccións:

-Actividades de clase:

-Segue as instrucións da clase.

.Intenta comunicarse co profesor/a e as marionetas Monkey e Amanda...

.Escoita e entende as cancións/rimas.

.Intenta participar nas cancións/rimas (letra, accións ou as dúas cousas).

.Pode seguir o conto.

.Participa nos xogos.

.Completa as fichas.

.Completa os traballos manuais con coidado.

.Responde non-verbalmente ás instrucións.

.Responde verbalmente ás instrucións.

.Recoñece o vocabulario clave da unidade e empeza a nomealo en Inglés.

-Actitude e comentarios xerais:

.Amosa interese en aprender.

.Esfórzase.



.Participa.

.Séntese seguro/a na clase.

.Respecta as rutinas e as normas da clase.

.Desenvolve a psicomotricidade grosa.

.Desenvolve a psicomotricidade fina.

.Coopera cos/as compañeiros/as da clase.

.Escoita os/as compañeiros/as da clase.

.Respecta as normas das quendas de palabra.

No cuarto curso de Educación Infantil a avaliación é continua.

E os **Criterios de avaliación** son:

- Os/as nenos/as afanse ás rutinas da clase de Inglés.
- Recoñecen os números e as cores e empezan a nomealos en Inglés.
- Participan cantando as cancións das unidades e outras traballadas.
- Amosan unha actitude positiva cara á lingua inglesa.
- Respectan as rutinas e as normas da clase.
- Coopera cos/as compañeiros/as da clase.
- Escoitan para obter información específica.
- Responden verbal e non-verbalmente ás instrucións.
- Completan as actividades dos traballos manuais.

-Nota aclaratoria:

**Estes son os criterios de promoción da área de lingua inglesa.
Estes criterios de promoción serán establecidos a nivel de centro durante
este curso escolar.**

9. METODOLOXÍA.

LOMCE proporciónanos unhas orientacións metodolóxicas ineludibles e que confirman todas estas exposicións teóricas: “Os contidos de aprendizaxe deberán ser abordados a través de actividades globalizadas que teñan interese e significado para os/as nenos/as”, e inciden en que “ a metodoloxía de traballo deberá basearse na experiencia, a actividade e o xogo, que se aplicarán nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a autoestima e a integración social”. Tomando como referencia todas estas condicións e exposicións teóricas, a miña intervención educativa tentará desenvolverse atendendo ás seguintes estratexias:



Partindo dunha perspectiva globalizadora da aprendizaxe, tentarei levar a cabo sesións nas que se planifiquen obxectivos, contidos, e actividades que respondan ás necesidades, intereses e motivacións dos máis pequenos/as; actividades coherentes coas súas características, e se desenvolvan nun ambiente lúdico, xovial, interactivo e que anime á participación. Por tanto, tentaremos levar a cabo unha educación participativa, activa, sensible ás inquiredanzas de todos, e onde a diversidade non supoña un obstáculo, senón un recurso didáctico valioso, e apreciado. Fomentaremos as relacións interpersoais mediante o traballo en grupo, o respecto polo turno dos compañeiros e das normas de xogo en xeral, fomentando unha actitude de solidariedade, xenerosidade e compañeirismo.

Debido a que non usaremos do libro, a metodoloxía será moi flexible e aberta a moitos tipos de traballos e actividades. Utilizaremos materiais como: fotocopias, flashcards, mascotas, plastilina, contos audiovisuais en lingua estranxeira, contos clásicos en Inglés, xogos, internet...tratando de desenvolver o uso da lingua oral en Inglés como lingua de comunicación na aula.

-SITUACIÓN DE CLASES PRESENCIAIS/ NON PRESENCIAIS:

A área de Inglés presencial impartirase partindo dunha perspectiva globalizadora da aprendizaxe. As sesións desenvolveranse sen libro de texto. Cada sesión terá unha rutina de actividades, nas que as do principio e o final serán sempre iguais, e no medio faremos un repaso das actividades pasadas e introducindo cada día unha nova.

Desenvolveranse as sesións agrupadas por temas: Hello!, o colexio, o corpo (partes do cara e o corpo), a comida, os xoguetes, animais(mascotas), a familia, etc..pero sempre utilizando expresións como: Hello! / Bye-bye! / How are you?- I'm fine,thank you, and you?/ Thank you- You're welcomed / Can I go to the bathroom-toilet, please? / Can I drink some water, please? / Sit down / Get up/ Stand up...

Ao ser nenos e nenas tan pequenos, haberá unha gran variedade de actividades, cambiando de estilo continuamente, respectando as súas necesidades, e potenciando o movemento (cancións, sentados en círculo con separacións, sentados na alfombra separados, sentados nas mesas, etc...). Debido á situación sanitaria, de momento, reduciranse ao máximo as actividades de movemento, eliminando as de movemento pola aula, traballando sempre no seu grupo-mesa estable, e intentando variar as actividades realizando movementos dentro dos seus sitios.

Utilizaranse diferentes recursos coma a pantalla dixital, videos de aplicacións da Internet, e nalgunhas ocasións algunhas fichas, pero premiando sempre a oralidade.

En caso de que haxa que facer unha transición a **ensinanza a distancia**, utilizarase a aula virtual para actividades telemáticas, con videos feitos pola mestra lembrando as actividades feitas na aula, cancións gravadas pola mestra que se traballaran xa na aula, e contos lidos pola mestra, ademais doutros recursos con actividades dixitais e vídeos de diversas plataformas da Internet.



En caso do alumnado sen conectividade, mandarase material por outros medios.

A coordinación coas titoras dos nenos e das nenas é sempre importante, pero no caso de ensinanza virtual resultará esencial para garantir que a aprendizaxe da lingua inglesa se dea de xeito integrado.

-Principios metodolóxicos da ensinanza do Inglés na Educación Infantil.

.Input lingüístico adecuado.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira nos nenos/as da etapa de Infantil é moi semellante ao proceso de adquisición da lingua materna. O neno deberá entrar en contacto cunha linguaxe sinxela, pero natural, que non se limite a unhas poucas palabras de vocabulario específico, senón que constitúa unha ferramenta coa que acceder á realidade que o rodea. Noutras palabras, tan importantes son as frases que marcan o labor cotiá na aula de Inglés como as que aparecen nas unidades dos materiais da clase.

.Coordinación cos titores.

Ao ensinársese como unha ferramenta para a comunicación e para a representación, o Inglés entra a formar parte do currículo xeral desta etapa e permite abarcar toda unha serie de conceptos, procedementos e actitudes que se encadran perfectamente dentro da Educación Infantil. Por esta razón, a coordinación cós titores dos nenos resulta esencial para garantir que a aprendizaxe do Inglés se enfoque de xeito integrado e globalizado coas outras áreas do currículo.

É moi importante tamén que, ao comezar o curso, os profesores de Inglés se poñan de acordo cós titores para que os temas que se tratan nos materiais da clase coincidan cos doutras áreas se é posible. A orde na que realizaremos os proxectos será moi flexible e ao tratarse de fichas diversas, pódense organizar de xeito que coincidan no tempo cos temas tratados polos titores ou titoras ou en coordinación con eles.

.Rutinas da clase.

Unha das bases dos materiais da clase son as rutinas que se integran no curso para desenvolver tanto a Competencia sociocultural (os nenos aprenden que poden esperar da súa clase e que se espera deles) coma a competencia comunicativa (os nenos adquiren unha nova ferramenta de comunicación e unha serie de estratexias para entender e ser entendidos). Todas as sesións presentarán idéntica estrutura, que se vai completando con distintas versións dos tipos de xogos e actividades.

.Actividades curtas.

A capacidade de atención e de concentración dos nenos na Educación Infantil é bastante limitada, o que se ten moi en conta á hora de elaborar as actividades propostas para as clases. Convén non dedicar demasiado tempo a unha determinada actividade e impartir as clases de modo que as actividades se sucedan rapidamente.



Por este motivo, é recomendable non dedicar máis de dez minutos a cada unha delas. Tendo moi en conta o tipo de actividade ou actividades a realizar en cada sesión.

.O período de silencio.

Ao comezo da súa aprendizaxe, moitos nenos atópanse no que os lingüistas denominan «período de silencio». Nesta fase rexeitan falar en Inglés; con todo, utilizan o que oen para estruturar as súas nocións sobre o funcionamento deste novo idioma. É máis importante ofrecerlles numerosas oportunidades para que comprendan como funciona o idioma que insistirlles en que produzan determinadas palabras ou frases. Para iso, proporcionarlles distintas posibilidades de resposta segundo os diversos tipos de aprendizaxe de cada alumno. Deste xeito, se lles expomos unha pregunta, brindarlles a oportunidade de demostrar que nos entenderon a través dunha resposta física. Por exemplo, podemos pedirles aos nenos que se poñan de pé, que levanten a flashcards coa imaxe que indicamos ou que a coloquen nun lugar correspondente nun póster. Imitando o xeito en que se adquire o primeiro idioma, proporcionarlles respostas positivas para comunicarse. Estas actividades realizaranse sempre que a situación sanitaria o permita.

.Colaboración cos pais.

Convén tamén manter un estreito contacto cós pais, explicándolles o que se pode esperar dos nenos/as e o método de traballo que se vai desenvolver dándolles pistas para que poidan apoiar aos seus fillos no proceso de aprendizaxe. Adoita dar bos resultados organizar unha función ao final de curso na que os nenos canten as súas cancións favoritas e os pais poidan ver os seus avances sempre que sexa plantexada, aceptada polo centro e que a situación sanitaria o permita. Convén tamén manter un estreito contacto cós pais, explicándolles que poden compartir os seus logros con eles, o que lles motiva moito máis para aprender. Isto xa foi transmitido e comunicado por parte da especialista ás familias na reunión cós titores de comezo do curso actual.

.Integración dos materiais da clase cós obxectivos da Educación Infantil .

Os materiais da clase de Inglés son axeitados para que os seus obxectivos coincidan cos da etapa de Educación Infantil indicados no Real decreto 1630/2006 de 29 de decembro polo que se establecen os ensinos mínimos do segundo ciclo de Educación Infantil (véxase a lista de obxectivos máis abaixo).

En definitiva, cós materiais da clase tentamos axudar ós nenos /as a través do Inglés, a coñecer mellor o seu corpo para que desenvolvan unha imaxe positiva de se mesmos, a observar e explorar a súa contorna máis inmediata, a coñecer outras manifestacións culturais, a representar e evocar aspectos diversos da realidade vividos, coñecidos ou imaxinados, a conseguir unha seguridade afectiva e emocional cada vez maior, a utilizar a linguaxe de forma axustada a diferentes situacións para comprender e ser comprendido, a expresar ideas, sentimentos, experiencias e desexos, e a adquirir bos hábitos de alimentación e hixiene.



11. ACTIVIDADES.

Xa están incluídas máis ou menos en cada unha das unidades onde expoño os contidos e a continuación as actividades relacionadas con eses contidos que se traballan que se farán de xeito repetitivo en todas as sesións.

Algunhas destacadas:

- Saudar e despedirse cantando as cancións.
- Pegar pegatinas.
- Colorear, recortar, picar, debuxar ...
- escoitar contos de Monkey, Amanda e outras personaxes, e facer mímica do conto.
- Practicar vocabulario con flashcards.
- Relacionar e unir diferentes personaxes, obxectos, animais...
- Aproximarse á escritura dos números de forma sinxela.
- Completar debuxos segundo as cores e os números.
- Xogar con Monkey e outras mascotas e responder as súas preguntas pero sen compartir.
- Xogar (e cantar),(non na situación sanitaria actual) cós pop-out e representar accións que impliquen pouco movemento.
- Xogar con xogos de ordenador seguindo as instrucións en Inglés e de xeito individual limpando despois de cada uso.
- Aprender vocabulario das distintas unidades e oralmente e de xeito individual de un en un e oralmente coas flashcards .
- Escoitar contos das unidades en DVD.
- Contar números e distintos obxectos, clasificar por cores, formas (big / small),...
- Atopar (find), rodear(circle), e contar (count) ,variedade de animais, roupa xoguetes, nenos, nenas...
- Representar os contos de xeito sinxelo.
- Facer mímica sinxela das cancións.
- Escoitar Nursery Rhymes e representalos con poucos movementos.
- Tamén facer actividades de presión coas mans: open/close, strong/weak.
- Andar pola clase e subir e baixar(up/down), e nomear partes do corpo (body/face) se a situación sanitaria o permite.
- Actividades de locomoción: walk, run stop, slowly...(oralmente).



-Actividades de rodamento de obxectos, de equilibrio...

- Actividades de expresión corporal: xestos coas mans e movemento do corpo de xeito sinxelo e sen moverse da cadeira.

-Actividades de orientación no espazo: enriba, debaixo, diante, detrás, esquerda, dereita... e en relación cós demais.(Se a situación o permite)

-Actividades de direccionalidade, de conciencia do tempo, de coordinación, de estimulación sonora (audio-motriz)...

12. RECURSOS.

Na área de Inglés neste curso 2021-2022, non dispoñeremos de libro de texto para a realización do traballo de aula e a aprendizaxe dos contidos aínda que aprenderemos axudados pola mascota Monkey, Amanda e outras mascotas que poidamos utilizar pero sen compartir e so utilizada pola mestra para interactuar co alumnado. Ademais contaremos coas Novas Tecnoloxías, (CDs, radio casetes, ordenadores, altofalantes, micrófonos, TV, videos, DVDs, Internet, gravador, cintas gravadas, películas en Inglés de debuxos animados , cancións infantís inglesas populares, etc...) ,que serán un recurso constante dentro da nosa programación. Tamén contamos con flashcards de vocabulario, story-cards, posters, toys, worksheets, fichas do departamento de Inglés, pelotas plásticas de cores usadas pola mestra e sen compartir (balls),xices de cores, animais de xoguete, pinturas(paints), xogos didácticos en Inglés(flashcards), papeis de embalar e de diferentes tipos, teatriños de guiñol, libros de lectura en Inglés, outros cadernos de traballo para completar... En resumo, traballaremos os contidos do currículo a través de distintos proxectos adaptados ó nivel do alumnado e segundo a súa evolución e respectando o periodo de adaptación e os seus ritmos, con flexibilidade, de xeito globalizado e que sexan atractivos e lúdicos para os nenos/as.

11.TEMPORALIZACIÓN.

A presente programación está planificada para ser levada a cabo durante todo o curso académico **2021-2022** nun período semanal de cincuenta e cinco minutos.

Unha sesión semanal.

Traballarase ben por topics ou unidades didácticas propostos nos contidos pero facendo proxectos, e coa posibilidade de adaptalos aos traballos realizados polas titoras nas aulas de xeito moi flexible, tendo en conta as vacacións, datas de avaliación e festas.

É unha programación por proxectos, flexible e aberta.

Realizaranse estes traballos tentando respectar e adaptar ó Inglés estes proxectos aos da súa clase se é posible, tendo en conta o desenvolvemento e evolución dos nenos e nenas destas aulas.



Debido á situación excepcional deste curso de novo pola Covid-19 e do curso pasado, neste mes de setembro faranse actividades de repaso para afianzar as rutinas e as expresións básicas en Inglés, ademais do vocabulario e expresións aprendidas o curso pasado. Realizaranse estes proxectos tamén sempre e cando o alumnado evolucione positivamente e segundo o ritmo de traballo do grupo-clase, ademais de xogos que impliquen pouco movemento pola situación da Covid 19 e outras actividades diversas. . Cando isto estea afianzado, comezaremos coa seguinte temporalización:

Os contidos de 4º de Educación Infantil son os seguintes:

Así:

1º Trimestre:

-Starter Unit: Hello!

-Unit 1: School

-Unit 2:Body

-Halloween -Christmas

2º Trimestre:

-Unit 3:Food.

-Unit 4:Toys

-Carnival / Easter

3º Trimestre:

-Unit 5: Pets

-Unit 6: Family

-Springtime / Summer



12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O noso labor educativo tentará ser sensible e atento a todas as diferencias individuais do noso alumnado. Xeralmente, nas clases os alumnos/as teñen practicamente a mesma idade, estes/as nenos/as presentan un abano de necesidades tan amplo coma as dos/das aprendices: ante esta situación, hai nenos que necesitan apoios e reforzos, (ás veces, un neno de catro anos necesita a axuda da coidadora), dentro da diversidade obvia da nosa aula, que non ten que supoñer un obstáculo senón un membro máis valioso en se mesmo. Non obstante, aceptar esta diversidade supón un cambio radical na metodoloxía e formas de actuación tradicionais. Faise inminente a adopción e utilización de estratexias efectivas que erradiquen a concepción dunha instrución estandarizada, producida en serie supostamente boa para todos. Algunhas destas estratexias serán: a utilización flexible do tempo, adaptándonos e respectando os ritmos individuais de cada alumno/a; favorecer oportunidades suficientes para practicar a habilidade ou exercicio pertinente no caso de non haber adquirido tal competencia; proporcionar a posibilidade de elección entre actividades de diferente índole e dificultade respondendo así ás diferencias de intereses e capacidades; proporcionar os apoios e axuda dos especialistas necesarios; detectar os niveis de motivación das propostas e abandonala ou facer modificacións que sexan precisas; propiciar a axuda e colaboración entre iguais sempre que sexa posible a pesares da situación sanitaria; levar a cabo e practicar traballos e xogos de xeito individual onde cada un poida aportar algo, favorecer a participación activa, promover a posta en común sempre gardando as distancias e o intercambio de conversacións, ideas, sentimentos, necesidades e opinións parte de todos os alumnos, efectuar avaliacións conxuntas cós propios nenos/as para que dean a súa opinión sobre a dinámica das diferentes actividades e sesións, etc.



. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Terase en conta a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de interese e capacidades do alumnado:

-ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA): Os contidos nucleares da unidade didáctica ou traballos preséntanse de xeito máis pautado, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos e alumnas.

-PLANS INDIVIDUAIS: dirixidos a alumnos/as que requiren, (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación), con fichas de reforzo e / ou ampliación.

-ACTIVIDADES MULTINIVEL: que os alumnos e alumnas atopan, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións.

16. POSIBLES ESCENARIOS EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA:

ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E / OU NON PRESENCIAL.

En canto aos diferentes escenarios de ensinanza aprendizaxe neste ano tan atípico ,contémplanse tres supostos:

-Ensinanza presencial: desenvolveríase de maneira relativamente normal. Afectaría a actividades de rotación e traballo en grupo, que mentres dure esta situación sanitaria, non se poderían realizar e se adaptaron para facelas evitando contactos entre alumnos/as e movementos na aula.

-Ensinanza non presencial: mediante a aula virtual. Maioritariamente a mestra realizará vídeos coas explicacións, nas que o alumnado poderá ver á mestra, as fichas, o libro de contos e outros materiais na pantalla, de maneira que podan acceder a diferentes audios tanto da mestra como de outras fontes para traballar a parte oral da lingua inglesa. Tamén realizaranse debuxos e traballos con letra escrita, tanto en formato dixital como por escrito ao seu nivel, ademais de mandar audios para traballar a súa pronuncia. En caso de alumnado sen conectividade, procederase ao envío de material por outros sistemas como o correo electrónico , Whatsapps, etc... Este alumnado pola súa idade precisará a axuda dun adulto para este tipo de ensinanza.

-Ensinanza semipresencial: alternarase o ensino presencial co ensino a partir da aula virtual. Este alumnado a estas idades precisará tamén a axuda dun adulto para este tipo de ensinanza e para a realización das actividades propostas.



17. OS CONTIDOS TRANSVERSAIS.

O currículo oficial recoñece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Por iso, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das áreas, o atravesan ou o impregnan. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas comúns ou transversais. A LOE, no seu artigo 19.2, de principios pedagóxicos, determina que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores se traballarán en todas as áreas. Este documento amosa a integración das ensinanzas transversais nos obxectivos, nas competencias, nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación, que se poderían plasmar na área de música desta maneira:

-Educación moral e cívica:

-Amosar actitudes de solidariedade, colaboración e axuda á hora de realizar actividades de grupo.

-Aceptar as limitacións propias e respectar as dos demais.

-Valorar o noso patrimonio musical, como parte do patrimonio cultural e artístico de Galicia e tamén valorar a cultura inglesa.

-Educación para a paz:

-Partir do diálogo como principio para resolver os conflitos.

-Aprender a non impoñer as nosas propostas fronte ás dos demais.

-Tentar ofrecer a nosa propia experiencia como forma de axuda á dos demais, principalmente na realización de actividades en grupo.

-Educación ambiental e para a saúde:

-Coidar a hixiene do aparato vocal mediante o control da voz, a respiración, a articulación..., para poder cantar e falar correctamente.

-Potenciar a través da música, a capacidade de relaxación e control para eliminar tensións.

-Desenvolvemento de actitudes críticas sobre a contaminación acústica e os posibles prexuízos que esta produce na nosa saúde.

-Valorar e procurar o silencio como condición necesaria para o desenvolvemento das experiencias musicais.



-Educación para o consumo responsable:

-Ser quen de ensinar ao noso alumnado a necesidade de actuar con responsabilidade diante da cantidade de música que o mercado ofrece, evitando a influencia perniciosa da publicidade.

-Cultura da nosa comunidade autónoma:

-Usar a música como medio ideal para coñecer as manifestacións culturais de Galicia, e a partir de aquí as doutras comunidades españolas, europeas e universais.

18. AVALIACIÓN.

No cuarto curso de Educación Infantil (3 anos) a avaliación é continua.

A avaliación constitúe un elemento e un proceso fundamental na práctica educativa. Permite recoller información e adecuar a nosa actuación en base a esa información, axúdanos a determinar se os nenos e nenas alcanzan os obxectivos planificados e o nivel de consecución dos mesmos, así como explicitar os acertos ou erros da proposta didáctica, o que nos servirá como punto de partida para futuras correccións. É dicir, a aula transfórmase nun laboratorio de pedagogía práctica: primeiro aplicamos a proposta que semella máis acertada e finalmente avaliámola e perfeccionámola.

Segundo a Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a avaliación de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, a programación na Educación Infantil será unha reflexión activa sobre a intervención diaria e terá como finalidade última a retroalimentación sobre catro campos básicos de actuación. É dicir, avaliaranse: as interaccións sociais, a comprensión das mensaxes orais diversas, amosando unha actitude de escoita atenta e de respecto. Avaliarase tamén a consideración ás normas.

19. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA:

-MECANISMOS DE REVISIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica ou traballos propónse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. De igual modo propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte cadro.



ASPECTOS QUE AVALIAR	DESTACAR...	MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			



Esta programación será flexible, axeitada a cada curso e revisable en función do alumnado e dos resultados.

O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos:

Ao finalizar cada traballo ou unidade didáctica, trimestralmente e anualmente.

Terase en conta:

.Seguimento da temporalización.

.Consecución dos niveis mínimos de logro dos estándares de aprendizaxe traballados.

.Dificultades acaecidas.

.Resultados específicos dos procedementos e instrumentos de avaliación.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

.Unha modificación da metodoloxía empregada.

.Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.

.Modificacións na temporalización.

.Deseño de medidas correctoras para corrixir as dificultades.



PROGRAMACIÓN INGLÉS

5º EDUCACIÓN INFANTIL

(4 ANOS)

Mestra: M^a Esther Rodríguez Velasco.

C.E.I.P. CAMPOMAIOR-(Ordes).

Curso 2021-2022.



ÍNDICE.

1.INTRODUCCIÓN.

2.XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DO PROXECTO. CONTEXTUALIZACIÓN.

3.OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN INFANTIL.

-OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA.

**-OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA E A RELACIÓN CON
OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO.**

4.CONTIDOS.

5.COMPETENCIAS CLAVE.

**-CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA INGLESA Á ADQUISICIÓN DAS
COMPETENCIAS CLAVE.**

6.CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

7. METODOLOXÍA.

-SITUACIÓN DE CLASES PRESENCIAIS/ NON PRESENCIAIS.

**-PRINCIPIOS METODOLÓXICOS DA ENSEÑANZA DE INGLÉS NA EDUCACIÓN
INFANTIL.**

8.ACTIVIDADES.

9.RECURSOS.

10.TEMPORALIZACIÓN.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

**12. POSIBLES ESCENARIOS EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA:
ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E / OU NON PRESENCIAL.**

13.TEMAS TRANSVERSAIS.

14. AVALIACIÓN.

15. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA:

MECANISMOS DE REVISIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.



1.INTRODUCCIÓN.

A presente programación que expoño a continuación, desenvólvese nun marco legislativo de transición entre a Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, e a nova Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que de acordo có Real Decreto 806/2006, de 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do Sistema Educativo establecida na LOE.

Polo tanto, con respecto ao currículo vixente, seguiremos baseándonos, a nivel estatal, no Real Decreto 1330/1991, do 6 de setembro, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo de Educación Infantil, e a nivel autonómico no Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Infantil para a Comunidade Autónoma de Galicia.

En canto ao grupo de alumnos/as de 5º de Educación Infantil (4 anos), ó que se remíte esta programación, estaría formado por dúas unidades de catro anos con 37 alumnos/as. Un aula con 19 nenos e nenas, e outra con 18 nenos/nenas. Houbo tres incorporacións novas a estas aulas. A lingua materna predominante en cada un dos grupos é o Galego, polo que a lingua vehicular será tamén o Galego.

Baseando o noso labor educativo nas teorías psicopedagóxicas que sustentan o noso actual currículo, tal e como se recolle no Deseño Curricular Base de Educación Infantil, estaríamos traballando con nenos e nenas pertencentes, segundo Piaget, ao Período preoperacional que inclúe dos 2 ós 6 anos de idade.

A principal característica que define este período, é, indiscutiblemente, a capacidade de representación simbólica. As demais características unicamente matizan o modo en que se proxecta esa intelixencia representativa. Podemos destacar, como tales, o debuxo, a imitación diferida, as representacións mentais, o xogo simbólico e a adquisición da linguaxe. Non obstante, aínda deberán mellorar aspectos como a irreversibilidade, o egocentrismo que implica erros como o realismo; o animismo, o artificialismo, o finalismo e o fenomenismo; o carácter estático da realidade, a centración, a dificultade para relacionar e incluír: as seriacións, as clasificacións.

Tamén, e dentro deste mesmo período, o propio Jean Piaget, diferencia entre subperíodo do pensamento simbólico ou preconceptual, e o subperíodo do pensamento intuitivo.

O primeiro deles atingue dos 2 ós 4 anos, mentres que o segundo, considerado máis propiamente coma un período de transición período preoperacional ao período das operacións concretas, comprende dos 4 ós 6 anos. O subperíodo do pensamento simbólico ou preconceptual caracterízase polo dominio da función simbólica, así como pola construción dos primeiros conceptos todavía moi simples e en forma de imaxes.

O segundo subperíodo do pensamento intuitivo caracterízase porque o pensamento do neno/a evoluciona de iuxtaposto ata chegar a converterse nun pensamento intuitivo, as imaxes dos primeiros conceptos son substituídas pola linguaxe, e ao final deste período



o/a neno/a será quen de facer seriacións, clasificacións, inclusións e desenvolverá o que Piaget denominou a semiirreversibilidade.

En canto ao desenvolvemento socio-afectivo, indicar que mediante o xogo o/a neno/a interacciona e é aceptado polo grupo de iguais. Wallon, indícanos que dos 3 aos 6 anos desenvólvese o estadio do personalismo no que se constrúe a personalidade infantil.

Dentro deste estado diferenciamos varias fases:

-Fase de crise de oposición, é a fase do non.

O/a neno/a autoafírmase e toma conciencia da súa individualidade mediante a imposición dos seus desexos.

-Fase de gracia. O/a neno/a intentará gañarse o afecto e agarimo dos demais facendo monerías e uso das súas novas capacidades e destrezas. Imitación dos modelos.

Neste estadio descobre a imitación como unha forma máis eficaz de agradar aos seus modelos.

No seno de ditas imitacións, o/a neno/a farase máis autónomo e independente, acatará normas, supeditarán os seus propios intereses aos do grupo, aceptará puntos de vista diferentes e asimilará valores tales como a solidariedade e a colaboración. Que o/a neno/a sexa aceptado polo grupo de iguais, e a calidade desas relacións, incidirá de forma decisiva na construción dun autoconcepto san e equilibrado.

En canto ao desenvolvemento psicomotor, o/a neno/a a esta idade xa é moi autónomo/a nivel de marcha. Nembargantes, aínda non posúe unha estruturación espazo-temporal obxectiva e deberánse perfeccionar aspectos como a psicomotricidade grossa, tanto a nivel de dominio corporal dinámico, estático, equilibrio con ritmo; a psicomotricidade fina, con implicacións na psicomotricidade facial, fonética e o esquema corporal todo isto tamén importante na aprendizaxe da Lingua Estranxeira.

-Dentro da **psicomotricidade grossa** podemos diferenciar:

O dominio corporal dinámico, que é a capacidade de controlar o corpo en movemento. Engloba a coordinación xeral e segmentaria, o ritmo e o equilibrio.

O dominio corporal estático, que implica a tonicidade (grado de tensión muscular necesaria para manter unha determinada postura), implica o autocontrol, a respiración e a relaxación.

-Dentro da **psicomotricidade fina** diferenciamos entre:

- Motricidade manual, que permite a autonomía da man respecto do pulso e ao tronco.

-Motricidade facial, importante como medio de relación e comunicación.

-Motricidade fonética, que posibilita a fala.



-Coordinación visomanual, que tamén poderíamos enmarcar dentro do dominio corporal dinámico como coordinación segmentaria e que é moi importante para adquisición da escritura.

Con respecto ao esquema corporal sinalar que segundo describe Le Boulch, é a imaxe mental que temos do noso propio corpo tanto en situacións estáticas como dinámicas. Polo tanto, non é algo innato senón que se adquire grazas ás sensacións, percepcións e representacións. Implica o coñecemento do corpo, tanto de forma global como segmentaria; a interiorización do eixe corporal, e por último, a lateralidade.

E por último, en canto a **estruturación espazo-temporal**, durante os primeiros meses de vida, o/a neno/a non percibe o espazo como un todo, senón como moitos espazos independentes, heteroxéneos. Progresivamente, irá adquirindo nocións espaciais básicas a través da exploración de obxectos, o dominio da marcha e a construción do obxecto permanente. Aos 18 meses de idade, o/a pequeno/a adquire a noción de espazo. E aos 6 anos o espazo aínda está centrado no seu propio corpo e non será capaz de poñerse na perspectiva do outro ata os 7 anos aproximadamente.

As nocións básicas relativas ao **espazo** son conceptos de: localización, dirección, relacións no espazo, etc.

Na adquisición destes conceptos, é moi importante a **actividade motora** e partir sempre do propio corpo do neno/a como referencia. Podemos diferenciar tres **pasos**:

- Nun primeiro momento, o/a neno/a sitúa os obxectos en relación a se mesmo.
- Posteriormente, sitúase a se mesmo/a en relación cós obxectos.
- Finalmente, sitúa os obxectos en relación aos outros.

Con respecto ao **tempo**, a súa adquisición é moito máis custosa. Durante os primeiros anos de vida o/a neno/a vai asimilando a sucesión temporal ligada, inicialmente, á satisfacción das súas propias necesidades biolóxicas. Aos dous anos, o/a neno/a é capaz de evocar recordos pasados e facer algunhas predicións futuras ligadas a actividades rutinarias. Aproximadamente aos 4 anos comeza a comprender a duración do tempo, pero ten dificultades para relacionala coa sucesión; recoñece cando é fin de semana. Aos 5 anos, aínda non entenderá os lapsos fixos de tempo e utiliza os conceptos de onte e mañá.

Explicadas as características psicoevolutivas mediante as cales o noso grupo de alumnos/as guiará as súas aprendizaxes, é de obrigada referencia sinalar aquelas peculiaridades individuais que configuran a cada suxeito como único e irrepetible. Cada individuo ten o seu propio ritmo de aprendizaxe, así como uns intereses específicos e unhas motivacións concretas ás cales tentaremos dar resposta mediante a planificación de propostas globalizadas que promovan aprendizaxes significativas e funcionais.



Así pois, ademais da diversidade obvia entre cada un dos nosos/as alumnos/as, temos que destacar:

-No nivel de 4 anos: temos dúas aulas con 19 nenos/as en 4 anos A, e 18 en 4 anos B. En total 37 alumnos/as. Incorporárase novo alumnado a estas aulas: un neno a unha aula e unha nena á outra aula.

Todos eles están perfectamente atendidos polo correspondente Equipo de Orientación e as súas propias titoras que velan para que se lles ofrezca unha educación de calidade e atentas as súas necesidades e características individuais.

2.XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DO PROXECTO. CONTEXTUALIZACIÓN.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira é considerada un elemento enriquecedor na Educación Infantil, tanto polas necesidades culturais dos nosos tempos coma polo alto grao de compatibilidade dos procedementos involucrados na aprendizaxe do Inglés cos obxectivos propostos pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio.

A capacidade dos nenos máis pequenos para aprender idiomas é coñecida e aceptada pola maioría dos especialistas, ao que se engade a posibilidade de integrar o ensino do Inglés na metodoloxía da Educación Infantil en xeral. Ao iniciar o estudo dunha lingua estranxeira a unha idade tan temperá, preténdese que a adquisición da lingua se realice dun xeito lúdico e estimulante que prepare o neno para o proceso continuado que abarcará a Educación Primaria e Secundaria na súa totalidade. Os nenos que teñen este contacto cunha lingua estranxeira na Educación Infantil desenvolverán, cun esforzo mínimo, un conxunto de aptitudes e capacidades (sobre todo de comprensión auditiva e de pronuncia) que lles axudará ao longo dos seus anos de estudo.

Así a introdución temperá de linguas estranxeiras ou adicionais debe ser entendida en relación co contexto educativo en que ten lugar. Para o alumnado de Educación Infantil da Comunidade Autónoma de Galicia, o Inglés é a terceira lingua dentro do seu sistema de educación bilingüe. O modelo de introdución do Inglés en Infantil en Galicia engade este idioma ás dúas linguas oficiais e supón unha exposición inicial á terceira lingua, que progresivamente será maior nas seguintes etapas educativas.

Esta exposición inicial debe basearse no principio do que é a aprendizaxe en Educación Infantil : o enfoque globalizado e integrador das aprendizaxes. Hai que lembrar que o alumnado desta etapa atópase nun período pre-operacional, é dicir, que o seu mundo se constrúe en función da súa realidade inmediata no tempo e no espazo.

A percepción e a experimentación coa realidade presente é tanxible serán o referente fundamental para deseñar as actividades. O carácter global debe impregnar tódalas actuacións e actividades e a estratexia para avaliar o proceso de ensinanza será a observación.



É importante na área de Inglés a inclusión de obxectivos, contidos, criterios de avaliación e actividades correspondentes ás tres áreas de Educación Infantil.

Atendendo as idades dos nenos/as desta etapa, é fundamental o carácter lúdico co que se deben realizar as tarefas escolares e actividades na clase de inglés,(tamén nas outras materias), de xeito que os/as nenos/as as afronten coa motivación e o interese necesario, nun ambiente no que se atopen felices e que favoreza a participación, a creatividade, a expresión oral e o xogo, cunha actitude positiva cara á nova lingua. Neste senso, hai que destaca-lo papel que xoga a Literatura Infantil inglesa, (stories (contos), telling stories,Nursery Rhymes, songs...) e así axudar a desenrolar as súas habilidades comunicativas en Inglés, ademais das utilidades das novas tecnoloxías como forma de diversión e aprendizaxe.

Esta programación responde a un enfoque didáctico e utiliza distintas técnicas expresivas como marionetas,(o mono Monkey, Amanda panda e outras mascotas que se poidan incorporando...),mimo ,dramatización, debuxos, manexo das formas e as cores, obxectos, e apóiase en outras áreas coma a lingua materna e o coñecemento prematemático e incorpora técnicas baseadas na resposta física total (Total Physical Response ou TPR).Pretende crear unha atmosfera de diversión,(“as actividades que mellor se recordan son aquelas nas que máis se desfrutou”) ,para crear un ambiente positivo para a aprendizaxe. Os aspectos lingüísticos incorpóranse en actividades divertidas que favorecen o progreso e a motivación.

CONTEXTUALIZACIÓN

O Ceip. Campomaior é un centro que escolariza alumnos de Educación infantil e alumnos de Educación Primaria. Está situado nun entorno semi- urbano, na rúa Travesía de Campomaior s/n ,15680, e pertence ao concello de Ordes (A Coruña). O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio / medio-baixo, e nel predominan os pais/nais con estudos primarios. A maioría dos nenos/nenas son galego falantes.

O horario lectivo do centro é de luns a venres en xornada continua de 9:30 a 14:30.

A organización e funcionamento do centro axustarase ó disposto no D. 374/1996 e na O. do 22 xullo de 1997.

3. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN INFANTIL.

Os obxectivos que aquí presento, son obxectivos xerais formulados para todo o curso académico 2021-2022, polo que non son directamente avaliáveis nin observables.

O referente inmediato destes obxectivos é o Proxecto Curricular de Centro, onde se secuencian e concretan os obxectivos xerais para cada etapa educativa tomando como



referencia o primeiro nivel de concreción curricular que constitúe o noso currículo recollido no Decreto 3307/2009, de 4 de xuño.

Así mesmo, tivemos en conta os aspectos psicomotrices e musicais recollidos en cada unha das programacións didácticas de nivel.

OBXECTIVOS:

1. A finalidade da Educación infantil é a de contribuír ao desenvolvemento afectivo, desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e das nenas.
2. En ambos os ciclos atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio. Ademais facilitarase que nenas e nenos elaboren unha imaxe de se mesmos positiva e equilibrada e adquiren autonomía persoal.

A Educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar a seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de problemas.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lecto-escritura e no movemento, no xesto e no ritmo.

-OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA.

O obxectivo estará centrado no achegamento das nenas e dos nenos a unha nova lingua e cultura. A linguaxe debe ser entendida como unha capacidade que o alumnado debe desenvolver e que debe estar dirixida á comunicación. Por isto, entendemos que, na liña do tratamento integrado das linguas ou do meu primeiro portfolio, tanto a lingua estranxeira como as linguas ambientais deben desenvolverse paralelamente nesta etapa, xa que a primeira, segunda e terceira linguas conviven, nútreñe, e retroaliméntanse nun contexto de completa normalidade. Cómpre construír todas as linguas baixo un mesmo marco conceptual, polo que os obxectivos e contidos da lingua estranxeira quedan integrados na Área de Linguaxes: comunicación e representación a través da comunicación oral.



OBXECTIVOS:

-Descubrir, coñecer, e controlar progresivamente o seu propio corpo. Tamén, adquirir unha imaxe positiva de se mesmos, valorando e respectando as diferencias de xénero, as capacidades distintas de cada un e as limitacións de acción e expresión. Paralelamente, preténdese conseguir que aos/as nenos/as adquiran hábitos básicos de saúde, hixiene e coidados persoais.

-Actuar de xeito cada vez máis autónomo nas actividades cotiás a través da adquisición progresiva dunha maior seguridade afectiva e emocional e do desenvolvemento da iniciativa e a confianza en se mesmos/as.

-Relacionarse cós demais e aprender normas elementais de convivencia, aprendendo a conxugar progresivamente os intereses e puntos de vista propios e os dos demais, e amosar interese polas opinións e aportacións dos demais.

-Observar e explorar o entorno con curiosidade e coidado, identificando as características e propiedades máis significativas dos elementos que o conforman e algunha das relacións que se establecen entre eles.

-Coñecer algunhas das manifestacións culturais do seu entorno e tamén dos países de fala inglesa, desenrolando actitudes de respecto e interese cara a elas.

-Utilizar a linguaxe verbal de forma axeitada coma vehículo de comunicación nas diferentes situacións comunicativas, aprender a emitir mensaxes referidos as súas necesidades, sentimentos e desexos, amosando interese por participar na comunicación oral respectando as normas sociais establecidas para a mesma.

-Enriquecer e diversificar as súas posibilidades expresivas mediante a utilización dos recursos e medios ó seu alcance, así como apreciar diferentes manifestacións artísticas propias da súa idade.

-Iniciarse nas habilidades numéricas básicas.

Os obxectivos planificados para alcanzar na **ÁREA DE INGLÉS**.

Que os alumnos e alumnas sexan capaces de:

-Aprender a saudarse e despedirse en Lingua Inglesa.

- Recoñecer e nomear “colours”(colores).

- Identificar e nomear “numbers”(números).

- Recoñecer e responder á linguaxe dentro dun contexto.

- Respectar as normas de comportamento na clase.

- Desenvolver a psicomotricidade fina trazando, coloreando e emparellando, etc...

-Mellorar a psicomotricidade grosa realizando as accións das cancións.



- Recoñecer algún vocabulario sinxelo dos distintos temas traballados e nomealos en Inglés.
- Crear interese no conto.
- escoitar unha canción e un conto para comprender o significado e reunir información específica.
- Mellorar a psicomotricidade fina, emparellando (match), rodeando con círculos (circle), coloreando (colour), debuxando (draw), e escribindo (write).
- Mellorar a psicomotricidade grossa, realizando as accións da canción e do conto.
- Recoñecer as partes do “body” (corpo) e nomealos.
- Recoñecer os toys” (xoguetes) e nomealos.
- Recoñecer as partes da “face” (cara), e nomealos.
- Manter rutinas de aulas.
- escoitar cancións relacionadas con “body and face” para comprendelas e obter información específica.
- Desenvolver a psicomotricidade grossa facendo mímica nas cancións e nos contos.
- Recoñecer e nomear “animals” (animais), pets/wild, (mascotas e salvaxes).
- Descubrir que os animais emiten sons diferentes en Inglés.
- Recoñecer e responder á linguaxe dentro dun contexto.
- Utilizar a imaxinación para predicir un conto.
- Utilizar a fantasía do conto para aprender cousas sobre o mundo real.
- Recoñecer e nomear “food and drink” (comida e bebida).
- Recoñecer e nomear “family vocabulary” (vocabulario familiar).
- Relacionar o conto coa situación persoal dos/das nenos/as.
- Recoñecer e nomear “the weather vocabulary” (vocabulario do tempo atmosférico).
- Relacionar as “clothes” (roupa) dependendo do “weather” (tempo atmosférico).
- Familiarizarse coas festas e celebracións inglesas.
- Recoñecer, nomear e identificar: os días da semana, as estacións e os meses do ano.
- Aprender a facer peticións: “Can I go to the toilet, please?” , “Can I borrow a pencil, please?” ...



-Aprender a ser agradecido en Inglés: “Thank you”, “Thank you very much”.

-OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUAS ESTRANXEIRAS E A RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO.

A incorporación da aprendizaxe do Inglés en idades temperás ten que incluír tanto os obxectivos propios da área de **Inglés**, como obxectivos, en principio, alleos á mesma, xa que, o que queremos conseguir é o desenvolvemento xeral da competencia comunicativa do neno/a. Deste xeito búscase que o neno/a prograse nas diferentes destrezas lingüísticas, nas estratexias comunicativas e na súa capacidade de utilizar os recursos expresivos no lingüístico. Xunto con estes obxectivos inclúense outros relativos ó coñecemento de aspectos socioculturais que pretenden potenciar actitudes de tolerancia e respecto cara ás ideas, costumes e aportación dos demais. Ademais téñense en conta, os obxectivos que buscan desenvolver gradualmente as estratexias dunha aprendizaxe autónoma.

Por último, os contidos deste curso de Inglés axuda a desenvolver as destrezas prelectoras, a conciencia prematemática e a comprensión do contexto mediante a secuenciación e a combinación.

Deste xeito esta programación pretende axudar ós/ás nenos/as acadar os requisitos do currículo de Educación Infantil, nas seguintes áreas específicas:

-Desenvolvemento da linguaxe: mellorando as destrezas orais coma acadar unha pronuncia e unha entoación correctas, a comprensión de contos, instrucións orais e a participación activa na comunicación oral.

-Apreciación da música: contribuíndo a comprensión do son, o silencio, a canción, o ritmo, o volume, e o compás; o desenvolvemento da coordinación do movemento seguindo a música das cancións e audicións.

-Xogos e movemento: favorecendo a conciencia do corpo e do movemento o desenvolvemento da coordinación motriz grossa e motricidade fina; proporcionando a adquisición de nocións básicas de orientación espacial; fomento do respecto polas regras dos xogos e á consideración e apoio dos demais.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

-Comprender mensaxes orais sinxelos.

- Recoñecer palabras nas mensaxes orais e identificar as imaxes as que se refire.

-Comprender o significado dunha canción e dun conto sinxelo.

-Seguir instrucións orais.

-Expresarse oralmente:

-Dar respostas verbais e non verbais.



- Utilizar os saúdos e as fórmulas de cortesía na rutina da clase.
- Utilizar palabras e expresións moi sinxelas en Inglés para comunicarse na aula e para xogar.
- Participar nas distintas actividades da clase:
- Cantar unha canción.
- Debuxar e colorear seguindo unhas instrucións.
- Participar nos xogos interactivos.
- Comprender e seguir as regras dun xogo.
- Facer asociacións.
- Completar secuencias e seriacións.
- Contar en Inglés.
- Actitudes e valores socioculturais:*
- Valorar a importancia de escoitar as mensaxes dos demais.
- Valorar a importancia da comunicación.
- Comprender a importancia de axudar ós demais.
- Traballar cooperativamente con outros compañeiros.
- Participar activamente nos xogos e actividades da clase respectando o turno de intervención.
- Valorar a importancia de saudar e despedirse como formas de cortesía e educación.
- Actitudes sobre aprendizaxe:*
- Amosar interese por aprender.
- Considerar a aprendizaxe coma unha experiencia positiva.
- Amosar interese por comprender e expresarse en Inglés.
- Tomar conciencia do progreso na aprendizaxe.
- Participar activamente na aula.



As tres áreas de experiencia na Educación Infantil.

As tres áreas son:

- Coñecemento de se mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento da contorna.
- Linguaxes: comunicación e representación.

Convén destacar que o obxectivo dos materiais deste proxecto é que os ensinados derivados do método non se limiten á aprendizaxe do Inglés. Así e todo, dado que se abarcan áreas de coñecementos próximos á propia experiencia dos nenos, estes entrarán tamén en contacto con conceptos, procedementos e actitudes das áreas de identidade e autonomía persoal, medio físico e social e comunicación e representación. O ensino do Inglés bríndanos a oportunidade de integrar estas áreas dunha forma globalizadora, así como de demostrar a súa interdependencia. Polo tanto, coas actividades que propoñemos no noso método, os nenos non só aprenden este idioma, senón que o utilizan como unha ferramenta de comunicación que lles permite descubrir e coñecer o seu corpo e adquirir unha imaxe positiva de se mesmos e dos seus compañeiros, a fin de adoptar actitudes autónomas con hábitos básicos de saúde e benestar e iniciar e promover as súas relacións sociais cos outros nenos e cos adultos.

A continuación, detallo os obxectivos de cada unha das tres áreas en Educación Infantil:

1.- O coñecemento de si mesmo e a autonomía persoal.

Esta área de coñecemento e experiencia fai referencia, de forma conxunta, á construción gradual da propia identidade, ao establecemento de relacións afectivas cos demais e á autonomía persoal como procesos inseparábeis e necesariamente complementarios. Os contidos que nesta área se agrupan, adquiren sentido dende a complementariedade co resto das áreas, e deberán de interpretarse nas propostas didácticas dende a globalidade da acción e das aprendizaxes. Para contribuír ao coñecemento de si mesmo e á autonomía persoal, convén promover o xogo como actividade privilexiada que integra a acción coas emocións e co pensamento, e favorece o desenvolvemento social.

A escola, e especialmente a estas idades, é un ámbito particularmente axeitado para enriquecer os procesos de construción do coñecemento de se mesmo e da autonomía persoal, ofrécese unha intervención educativa axustada ás distintas necesidades individuais en contextos de benestar, seguridade e afectividade.

Os contidos divídense en catro bloques: o corpo e a propia imaxe, xogo e movemento, a actividade e a vida cotiá e o coidado persoal e a saúde

Achegarse a eses temas é algo inherente en calquera clase de Infantil. Ademais, a través dos contos e temas tratados nos materiais do curso trátase de desenvolver a autonomía persoal de cada alumno así como o coñecemento de si mesmo. Na clase de Inglés o xogo e o movemento son claves aínda que adaptárase a situación da Covid-19.



Obxectivos:

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo ou desenvolvemento das seguintes capacidades:

-Formarse unha imaxe axustada e positiva de se mesmo, a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e autonomía persoal.

-Coñecer e representar o seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións, descubrindo as posibilidades de acción e de expresión e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.

-Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias, e ser capaces de denominalos, expresalos e comunicarllelos aos demais, identificando e respectando, tamén, os dos outros.

-Realizar, de xeito cada vez máis autónomo, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa, e desenvolvendo estratexias para satisfacer as súas necesidades básicas.

-Adecuar o seu comportamento ás necesidades e requirimentos dos outros desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración, evitando comportamentos de submisión ou dominio.

-Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, coa hixiene e co fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.

2.- O medio físico, natural, social e cultural.

Con esta área de coñecemento e experiencia preténdese favorecer en nenos e nenas o proceso de descubrimento e representación dos diferentes contextos que compón a contorna infantil, así como facilitar a súa inserción neles, de xeito reflexivo e participativo. Os contidos desta área adquiren sentido dende a complementariedade co resto das áreas, e haberán de interpretarse nas propostas didácticas dende a globalidade da acción e das aprendizaxes. Así por exemplo, o medio non pode ser comprendido sen a utilización das diferentes linguaxes, da mesma forma a realización de desprazamentos orientados ha de facerse dende o coñecemento do propio corpo e da súa localización espacial.

Ao longo desta etapa, os nenos e as nenas descubren a súa pertenza ao medio social. A vida escolar leva o establecemento de experiencias máis amplas que os achegarán ao coñecemento das persoas e das relacións interpersoais, xerando vínculos e desenvolvendo actitudes como confianza, empatía e apego que constitúen a sólida base da súa socialización. No desenvolvemento destas relacións afectivas, terase en conta a expresión e comunicación das propias vivencias, das súas emocións e sentimentos, para a construción da propia identidade e para favorecer a convivencia. Progresivamente



vanse ir achegando ao coñecemento dalgúns trazos culturais propios. A diversidade cultural aconsella aproximar a nenos e nenas aos usos e costumes sociais dende unha perspectiva aberta e integradora que lles permita coñecer diversos modos e manifestacións culturais presentes na sociedade e xerar así actitudes de respecto e aprecio cara a elas.

A importancia das novas tecnoloxías e a súa incorporación actual ao funcionamento da sociedade aconsellan que nenas e nenos identifiquen o papel que estas tecnoloxías teñen nas súas vidas, interesándose polo seu coñecemento e iniciándose no seu uso.

Os contidos divídense en tres bloques: o medio físico: elementos, relacións e medida, o achegamento á natureza e á cultura e á vida en sociedade. Nos materiais de lingua estranxeira pódense achegar eses temas aos alumnos a través dos contos e vídeos e outros materiais e actividades curriculares.

Obxectivos:

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

-Observar e explorar de forma activa a súa contorna, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos e mostrando interese polo seu coñecemento.

-Relacionarse cos demais, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.

-Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.

-Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.

-Coñecer e valorar os compoñentes básicos do medio natural e algunhas das súas relacións, cambios e transformacións, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.

3.- As linguaxes: comunicación e representación.

Aínda que pode contribuír nas demais áreas, quizáis a área máis importante para Lingua Estranxeira é a da comunicación e representación. Esta área de coñecemento e experiencia pretende tamén mellorar as relacións entre o neno e o medio. As distintas formas de comunicación e representación serven de nexo entre o mundo exterior e interior ao ser instrumentos que fan posible a representación da realidade, a expresión de pensamentos, sentimentos e vivencias e as interaccións cós demais.



No uso de distintas linguaxes, nenas e nenos irán descubrindo a mellor adaptación de cada unha delas á representación das distintas realidades ou dimensións dunha mesma realidade.

Deste xeito facilitarase que acomoden os códigos propios de cada linguaxe ás súas intencións comunicativas, achegándose a un uso cada vez máis propio e creativo das devanditas linguaxes. As diferentes formas de comunicación e representación que se integran nesta área son: a linguaxe verbal, a linguaxe plástica, a linguaxe musical, a linguaxe corporal, a linguaxe audiovisual e a linguaxe das tecnoloxías da información e da comunicación, que, en certo xeito, integra os anteriores.

Doutra banda, a linguaxe oral é especialmente relevante nesta etapa, é o instrumento por excelencia de aprendizaxe, de regulación da conduta e de manifestación de vivencias, sentimentos, ideas, emocións, etc. A verbalización, a explicación en voz alta, do que están aprendendo, do que pensan e do que senten, é un instrumento imprescindible para configurar a identidade persoal, para aprender, para aprender a facer e para aprender a ser. Coa lingua oral vaise estimulando, a través de interaccións diversas, o acceso a usos e formas cada vez máis convencionais e complexas.

Na educación Infantil preténdese que nenos e nenas descubran e exploren os usos da lectura e da escritura, espertando e afianzando o seu interese por eles. A utilización funcional e significativa da lectura e da escritura na aula, levaralles, coa intervención educativa pertinente, a iniciarse no coñecemento dalgunhas das propiedades do texto escrito e das súas características convencionais nas que a súa adquisición se ha de completar no primeiro nivel de Primaria. Así mesmo, é necesario o desenvolvemento de actitudes positivas cara á propia lingua e a dos demais, espertando sensibilidade e curiosidade por coñecer outras linguas. Na introdución dunha lingua estranxeira valorarase esta curiosidade e o achegamento progresivo aos significados de mensaxes en contextos de comunicación coñecidos, fundamentalmente nas rutinas habituais da aula.

A linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación presentes na vida infantil, requiren un tratamento educativo que, a partir do uso, inicie a nenas e nenos na comprensión das mensaxes audiovisuais e na súa utilización adecuada.

Obxectivos:

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

-Utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos e valorar a lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.

-Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo a que mellor se axuste á intención e á situación.



-Comprender as intencións e mensaxes doutros nenos e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia coma estranxeira.

-Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios mostrando actitudes de valoración, gozo e interese cara a eles.

-Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumento de comunicación, información e gozo.

-Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante ou emprego de diversas técnicas.

-Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e amosar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.

4.CONTIDOS.

Aínda que no utilizaremos libro de texto neste nivel, estes serán algúns dos contidos a traballar ao longo do curso en 5º de Educación Infantil,(4 anos), en Inglés.

Os contidos de 5º de Educación Infantil son os seguintes:

Así:

1º Trimestre:

-Starter Unit: Hello!

-Unit 1: School / Family

-Unit 2: Body and colours

-Halloween / Christmas

2º Trimestre:

-Unit 3: Playground and body.

-Unit 4: Clothes

-Carnival / Easter

3º Trimestre:

-Unit 5: Fruits

-Unit 6: Animals



-Springtime/ Summer

Os contidos a traballar durante o curso 2021/ 2022 inclúen o vocabulario das unidades, ademais de vocabulario sobre as cores, números, días da semana, tempo atmosférico, sentimentos... Traballarase con expresións de saúdos e despedidas, pedir por favor, dar as grazas, e outras expresións máis complexas a medida que se adquira o vocabulario e fluidez precisas.

5. COMPETENCIAS CLAVE.

Na definición que a Lei orgánica de educación (LOE) fai do currículo, atopámonos tanto cos compoñentes tradicionais (obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación) coma coas Competencias clave. No segundo Ciclo de Infantil pódese comezar a facilitar o desenvolvemento das Competencias clave establecidas para a educación básica de xeito moderado.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que haberán de ser demostrados polo alumnado (é algo máis ca unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De forma moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os coñecementos en acción, é dicir, mobilizar os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta daquela en que se aprendeu), activar recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron)

Hai un aspecto que cómpre salientarmos, sobre o que se pode chamar carácter combinado da competencia: o alumnado, mediante o que sabe, debe demostrar que o sabe aplicar, pero ademais que sabe ser e estar. Desta forma vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do/a alumno/a. En suma, estamos a recoñecer que a institución escolar non só prepara o/a alumno/a no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán/a, de ahí, que deba demostrar unha serie de actitudes cívicas e intelectuais que implique o respecto aos demais, ser responsable, traballar en equipo...

Tamén é importante outro aspecto: formar en competencias permite facerlle fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento. A formación académica do alumnado transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata nunca, polo que unha formación competencial no uso, por exemplo, das Tecnoloxías da Información e a Comunicación permitirá acceder a este



instrumento para conseguir a información que en cada momento se precise (obviamente, despois de analizarse a súa calidade). Se ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade todos os contidos do currículo, está claro que o alumnado deberá formarse nesa competencia, a de aprender a aprender.

No noso sistema educativo considérase que as Competencias clave que debe ter o/a alumno/a cando remata a escolaridade obrigatoria para enfrontarse cos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Competencia en autonomía e iniciativa persoal.

Contribución da área de Lingua Estranxeira á adquisición das Competencias clave

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da **competencia en comunicación lingüística** de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira, baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua.

A achega da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral dado que as habilidades de escoitar, falar e conversar, adquiren unha relevancia singular nesta etapa.

Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse.

A partir da adquisición da linguaxe, esta convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e a representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender** posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e a expresión.



Esta materia é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento **da competencia social e cidadá**. As linguas sérvenlles aos/ás falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en boa medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural, e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación das diferenzas culturais e de comportamento.

As competencias citadas están na actualidade en relación directa coa **competencia en tratamento da información e competencia dixital**. A utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Esta materia inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, polo tanto, contribúe a adquirir a **competencia artística e cultural** xa que propicia unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística, como na Literatura infantil.

O coñecemento dunha lingua estranxeira tamén contribúe á adquisición da **competencia en autonomía e iniciativa persoal**, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, e o manexo de recursos e habilidades persoais dentro da área “O coñecemento de si mesmo/a e a autonomía persoal”, e isto supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións no traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Finalmente, e a pesar de que a **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** e a **Competencia matemática** non se mencionan especificamente nos obxectivos para a Lingua Estranxeira, por mor da natureza dos materiais, pódense atopar moitas oportunidades de empezar a desenvolver tamén estas competencias.

6.CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Aínda que o enfoque principal do proxecto consiste en motivar aos/ás nenos/as máis que indicar os seus logros, o control do progreso é importante para poder facer un seguimento individualizado da aprendizaxe. En cuarto curso de Educación de Infantil, como os/as nenos/as están empezando a aprender, a avaliación pódese basear na observación directa do seu desenvolvemento. É máis importante animalos/as a que participen, premiándoos con eloxios e pequenas recompensas, dedicar tempo a fixar os alicerces da futura aprendizaxe de idiomas con confianza. O control de progreso é un labor continuo dende o 4º e 5º curso de Infantil. Pódese facer en calquera momento, facendo varias preguntas despois da hora do conto, fixándose nos/as nenos/as mentres traballan na mesa e observando como se desenvolven nas actividades con toda a clase.



Os **criterios de avaliación** pódense dividir en dúas seccións:

-Actividades de clase:

-Segue as instrucións da clase.

.Intenta comunicarse co profesor/a e as marionetas Monkey e Amanda...

.Escoita e entende as cancións/rimas.

.Intenta participar nas cancións/rimas (letra, accións ou as dúas cousas).

.Pode seguir o conto.

.Participa nos xogos.

.Completa as fichas.

.Completa os traballos manuais con coidado.

.Responde non-verbalmente ás instrucións.

.Responde verbalmente ás instrucións.

.Recoñece o vocabulario clave da unidade e empeza a nomealo en Inglés.

-Actitude e comentarios xerais:

.Amosa interese en aprender.

.Esfórzase.

.Participa.

.Séntese seguro/a na clase.

.Respecta as rutinas e as normas da clase.

.Desenvolve a psicomotricidade grosa.

.Desenvolve a psicomotricidade fina.

.Coopera cos/as compañeiros/as da clase.

.Escoita os/as compañeiros/as da clase.

.Respecta as normas das quendas de palabra.



No cuarto curso de Educación Infantil a avaliación é continua.

E os Criterios de avaliación son:

- Os/as nenos/as afanse ás rutinas da clase de Inglés.
- Recoñecen os números e as cores e empezan a nomealos en Inglés.
- Participan cantando as cancións das unidades e outras traballadas.
- Amosan unha actitude positiva cara á lingua inglesa.
- Respectan as rutinas e as normas da clase.
- Coopera cos/as compañeiros/as da clase.
- escoitan para obter información específica.
- Responden verbal e non-verbalmente ás instrucións.
- Completan as actividades dos traballos manuais.

Nota aclaratoria:

Estes son os criterios de promoción da área de lingua inglesa.

- Estes criterios de promoción serán establecidos a nivel de centro durante o presente curso escolar.

7. METODOLOXÍA.

LOMCE proporciónanos unhas orientacións metodolóxicas ineludibles e que confirman todas estas exposicións teóricas: “Os contidos de aprendizaxe deberán ser abordados a través de actividades globalizadas que teñan interese e significado para os/as nenos/as”, e inciden en que “a metodoloxía de traballo deberá basearse na experiencia, a actividade e o xogo, que se aplicarán nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a autoestima e a integración social”. Tomando como referencia todas estas condicións e exposicións teóricas, a miña intervención educativa tentará desenvolverse atendendo ás seguintes estratexias:

Partindo dunha perspectiva globalizadora da aprendizaxe, tentarei levar a cabo sesións nas que se planifiquen obxectivos, contidos, e actividades que respondan ás necesidades, intereses e motivacións dos máis pequenos/as; actividades coherentes coas súas características, e se desenvolvan nun ambiente lúdico, xovial, interactivo e que anime á participación. Por tanto, tentaremos levar a cabo unha educación participativa, activa, sensible ás inquiredanzas de todos, e onde a diversidade non supoña un obstáculo, senón un recurso didáctico valioso, e apreciado. Fomentaremos as relacións interpersoais mediante o traballo en grupo, o respecto polo turno dos compañeiros e das normas de xogo en xeral, fomentando unha actitude de solidariedade, xenerosidade e compañeirismo.



Debido a que non usaremos do libro, a metodoloxía será moi flexible e aberta a moitos tipos de traballos e actividades. Utilizaremos materiais como: fotocopias, flashcards, mascotas, plastilina, contos audiovisuais en lingua estranxeira, contos clásicos en Inglés, xogos, internet...tratando de desenvolver o uso da lingua oral en Inglés como lingua de comunicación na aula.

-SITUACIÓN DE CLASES PRESENCIAIS/ NON PRESENCIAIS:

A área de Inglés **presencial** impartirase partindo dunha perspectiva globalizadora da aprendizaxe. As sesións desenvolveranse sen libro de texto. Cada sesión terá unha rutina de actividades, nas que as do principio e o final serán sempre iguais, e no medio faremos un repaso das actividades pasadas e introducindo cada día unha nova.

Desenvolveranse as sesións agrupadas por temas: Hello!, o colexio, o corpo (partes do cara e o corpo), a comida, os xoguetes, animais(mascotas), a familia, etc..pero sempre utilizando expresións como: Hello! / Bye-bye! / How are you?- I´m fine,thank you, and you?/ Thank you- You´re welcomed / Can I go to the bathroom-toilet, please? / Can I drink some water, please? / Sit down / Get up/ Stand up...

Ao ser nenos e nenas tan pequenos, haberá unha gran variedade de actividades, cambiando de estilo continuamente, respectando as súas necesidades, e potenciando o movemento (canciós, sentados en círculo con separacións, sentados na alfombra separados, sentados nas mesas, etc...). Debido á situación sanitaria, de momento, reduciranse ao máximo as actividades de movemento, eliminando as de movemento pola aula, traballando sempre no seu grupo-mesa estable, e intentando variar as actividades realizando movementos dentro dos seus sitios.

Utilizaranse diferentes recursos coma a pantalla dixital, videos de aplicacións da Internet, e nalgunhas ocasións algunhas fichas, pero premiando sempre a oralidade.

En caso de que haxa que facer unha transición a **ensinanza a distancia**, utilizarase a aula virtual para actividades telemáticas, con videos feitos pola mestra lembrando as actividade feitas na aula, canciós gravadas pola mestra que se traballaran xa na aula, e contos lidos pola profe, ademais doutros recursos con actividades dixitais e videos de diversas plataformas da Internet.

En caso do alumnado sen conectividade, mandarase material por outros medios.

A coordinación coas titoras dos nenos e das nenas é sempre importante, pero no caso de ensinanza virtual resultará esencial para garantir que a aprendizaxe da lingua inglesa se dea de xeito integrado.



-Principios metodolóxicos da ensinanza do Inglés na Educación Infantil.

Input lingüístico adecuado.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira nos nenos/as da etapa de Infantil é moi semellante ao proceso de adquisición da lingua materna. O neno deberá entrar en contacto cunha linguaxe sinxela, pero natural, que non se limite a unhas poucas palabras de vocabulario específico, senón que constitúa unha ferramenta coa que acceder á realidade que o rodea. Noutras palabras, tan importantes son as frases que marcan o labor cotiá na aula de Inglés como as que aparecen nas unidades dos materiais da clase.

Coordinación cos titores.

Ao ensinársese como unha ferramenta para a comunicación e para a representación, o Inglés entra a formar parte do currículo xeral desta etapa e permite abarcar toda unha serie de conceptos, procedementos e actitudes que se encadran perfectamente dentro da Educación Infantil. Por esta razón, a coordinación cós titores dos nenos resulta esencial para garantir que a aprendizaxe do Inglés se enfoque de xeito integrado e globalizado coas outras áreas do currículo.

É moi importante tamén que, ao comezar o curso, os profesores de Inglés se poñan de acordo cós titores para que os temas que se tratan nos materiais da clase coincidan cos doutras áreas se é posible. A orde na que realizaremos os proxectos será moi flexible e ao tratarse de fichas diversas, pódense organizar de xeito que coincidan no tempo cos temas tratados polos titores ou titoras ou en coordinación con eles.

Rutinas da clase.

Unha das bases dos materiais da clase son as rutinas que se integran no curso para desenvolver tanto a Competencia sociocultural (os nenos aprenden que poden esperar da súa clase e que se espera deles) coma a competencia comunicativa (os nenos adquiren unha nova ferramenta de comunicación e unha serie de estratexias para entender e ser entendidos). Todas as sesións presentarán idéntica estrutura, que se vai completando con distintas versións dos tipos de xogos e actividades.

Actividades curtas.

A capacidade de atención e de concentración dos nenos na Educación Infantil é bastante limitada, o que se ten moi en conta á hora de elaborar as actividades propostas para as clases. Convén non dedicar demasiado tempo a unha determinada actividade e impartir as clases de modo que as actividades se sucedan rapidamente. Por este motivo, é recomendable non dedicar máis de dez minutos a cada unha delas. Tendo moi en conta o tipo de actividade ou actividades a realizar en cada sesión.



O período de silencio.

Ao comezo da súa aprendizaxe, moitos nenos atópanse no que os lingüistas denominan «período de silencio». Nesta fase rexeitan falar en Inglés; con todo, utilizan o que oen para estruturar as súas nocións sobre o funcionamento deste novo idioma. É máis importante ofrecerlles numerosas oportunidades para que comprendan como funciona o idioma que insistirlles en que produzan determinadas palabras ou frases. Para iso, proporcionaremoslles distintas posibilidades de resposta segundo os diversos tipos de aprendizaxe de cada alumno. Deste xeito, se lles expomos unha pregunta, brindaremoslles a oportunidade de demostrar que nos entenderon a través dunha resposta física. Por exemplo, podemos pedirllas aos nenos que se poñan de pé, que levanten a flashcard coa imaxe que indicamos ou que a coloquen nun lugar correspondente nun póster. Imitando o xeito en que se adquire o primeiro idioma, proporcionaremoslles respostas positivas para comunicarse. Estas actividades realizaranse sempre que a situación sanitaria o permita.

Colaboración cos pais.

Convén tamén manter un estreito contacto cós pais, explicándolles o que se pode esperar dos nenos/as e o método de traballo que se vai desenvolver dándolles pistas para que poidan apoiar aos seus fillos no proceso de aprendizaxe. Adoita dar bos resultados organizar unha función ao final de curso na que os nenos canten as súas cancións favoritas e os pais poidan ver os seus avances sempre que sexa plantexada, aceptada polo centro e que a situación sanitaria o permita. Convén tamén manter un estreito contacto cós pais, explicándolles que poden compartir os seus logros con eles, o que lles motiva moito máis para aprender. Isto xa foi transmitido e comunicado por parte da especialista ás familias na reunión cós titores de comezo do curso actual.

Integración dos materiais da clase cós obxectivos da Educación Infantil .

Os materiais da clase de Inglés son axeitados para que os seus obxectivos coincidan cos da etapa de Educación Infantil indicados no Real decreto 1630/2006 de 29 de decembro polo que se establecen os ensinos mínimos do segundo ciclo de Educación Infantil (véxase a lista de obxectivos máis abaixo).

En definitiva, cós materiais da clase tentamos axudar ós nenos /as a través do Inglés, a coñecer mellor o seu corpo para que desenvolvan unha imaxe positiva de se mesmos, a observar e explorar a súa contorna máis inmediata, a coñecer outras manifestacións culturais, a representar e evocar aspectos diversos da realidade vividos, coñecidos ou imaxinados, a conseguir unha seguridade afectiva e emocional cada vez maior, a utilizar a linguaxe de forma axustada a diferentes situacións para comprender e ser comprendido, a expresar ideas, sentimentos, experiencias e desexos, e a adquirir bos hábitos de alimentación e hixiene.



8. ACTIVIDADES.

Son as actividades relacionadas cos contidos e proxectos que se traballarán e que se farán de xeito sinxelo en todas as sesións.

Algunhas destacadas:

- Saudar e despedirse cantando as cancións.
- Pegar pegatinas.
- Colorear, recortar, picar, debuxar ...
- escoitar contos de Monkey, Amanda e outras personaxes, e facer mímica do conto.
- Practicar vocabulario con flashcards.
- Relacionar e unir diferentes personaxes, obxectos, animais...
- Aproximarse á escritura dos números de forma sinxela.
- Completar debuxos segundo as cores e os números.
- Xogar con Monkey e outras mascotas e responder as súas preguntas pero sen compartir.
- Xogar (e cantar),(non na situación sanitaria actual) cós pop-out e representar accións que impliquen pouco movemento.
- Xogar con xogos de ordenador seguindo as instrucións en Inglés e de xeito individual limpando despois de cada uso.
- Aprender vocabulario das distintas unidades e oralmente e de xeito individual de un en un e oralmente coas flashcards .
- Escoitar contos das unidades en DVD.
- Contar números e distintos obxectos, clasificar por cores,formas(big/small),...
- Atopar(find), rodear(circle), e contar (count) ,variedade de animais, roupa xoguetes, nenos, nenas...
- Representar os contos de xeito sinxelo.
- Facer mímica sinxela das cancións.
- Escoitar Nursery Rhymes e representalos con poucos movementos.
- Tamén facer actividades de presión coas mans: open/close, strong/weak.
- Andar pola clase e subir e baixar(up/down), e nomear partes do corpo (body/face) se a situación sanitaria o permite.



-Actividades de locomoción: walk, run, stop, slowly...(oralmente ou mímica).

-Actividades de rodamento de obxectos, de equilibrio...

- Actividades de expresión corporal: xestos coas mans e movemento do corpo de xeito sinxelo e sen moverse da cadeira.

-Actividades de orientación no espazo: enriba, debaixo, diante, detrás, esquerda, dereita... e en relación cós demais.(Se a situación o permite)

-Actividades de direccionalidade, de conciencia do tempo, de coordinación, de estimulación sonora (audio-motriz)...

9. RECURSOS.

Na área de Inglés neste curso 2021-2022, o alumnado non utilizará libro de texto para a realización do traballo de aula e a aprendizaxe dos contidos aínda que aprenderemos axudados polas mascotas Monkey, Amanda e outras mascotas que poidamos engadir e utilizar pero sen compartir, e so utilizada pola mestra, para interactuar co alumnado. A mestra terá diferentes recursos de diferentes libros, tanto de texto coma de lectura. Ademais contaremos coas Novas Tecnoloxías, (CDs, radio cassetes, ordenadores, altofalantes, micrófonos, TV, videos, DVDs, Internet, gravador, cintas gravadas, películas en Inglés de debuxos animados , cancións infantís inglesas populares, etc...) ,que serán un recurso constante dentro da nosa programación. Tamén contamos con flashcards de vocabulario, story-cards, posters, toys, worksheets, fichas do departamento de Inglés, pelotas plásticas de cores usadas pola mestra e sen compartir (balls),xices de cores, animais de xoguete, pinturas(paints), xogos didácticos en Inglés(flashcards), papeis de embalar e de diferentes tipos, teatriños de guiñol, libros de lectura en Inglés, outros cadernos de traballo para completar,etc... En resumo, traballaremos os contidos do currículo a través de distintos proxectos adaptados ó nivel do alumnado e segundo a súa evolución e respectando o periodo de adaptación e os seus ritmos, con flexibilidade, de xeito globalizado e que sexan atractivos e lúdicos para os nenos/as.

10.TEMPORALIZACIÓN.

A presente programación está planificada para ser levada a cabo durante todo o curso académico 2021-2022 nun período semanal de cincuenta e cinco minutos que ben sendo unha sesión semanal.

Traballarase ben por topics ou unidades didácticas propostos nos contidos pero facendo proxectos, e coa posibilidade de adaptalos aos traballos realizados polas titoras nas aulas de xeito moi flexible, tendo en conta as vacacións, datas de avaliación e festas.

É unha programación por proxectos, flexible e aberta.

Realizaranse estes traballos tentando respectar e adaptar ó Inglés estes proxectos aos da súa clase se é posible, tendo en conta o desenvolvemento e evolución dos nenos e nenas destas aulas.



Debido á situación excepcional deste curso de novo pola Covid-19 e do curso pasado, neste mes de setembro faranse actividades de repaso para afianzar as rutinas e as expresións básicas en Inglés, ademais do vocabulario e expresións aprendidas o curso pasado.

Realizaráanse estes proxectos tamén sempre e cando o alumnado evolucione positivamente e segundo o ritmo de traballo do grupo-clase, ademais de xogos que impliquen pouco movemento pola situación da Covid 19 e outras actividades diversas. . Cando isto estea afianzado, comezaremos coa seguinte temporalización:

Os contidos de 5º de Educación Infantil son os seguintes:

Así:

1º Trimestre:

-Starter Unit: Hello!

-Unit 1: School / Family

-Unit 2: Body and colours

-Halloween / Christmas

2º Trimestre:

-Unit 3: Playground.

-Unit 4: Clothes

-Carnival / Easter

3º Trimestre:

-Unit 5: Fruits

-Unit 6: Animals

-Springtime/ Summer

Os contidos a traballar durante o curso 2021/ 2022 inclúen o vocabulario das unidades, ademais de vocabulario sobre as cores, números, días da semana, tempo atmosférico, sentimentos... Traballarase con expresións de saúdos e despedidas, pedir por favor, dar as grazas, e outras expresións máis complexas a medida que se adquira o vocabulario e fluidez precisas.



11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O noso labor educativo tentará ser sensible e atento a todas as diferencias individuais do noso alumnado. Xeralmente, nas clases os alumnos/as teñen practicamente a mesma idade, estes/as nenos/as presentan un abano de necesidades tan amplo coma as dos/das aprendices: ante esta situación, hai nenos que necesitan apoios e reforzos, (ás veces, un neno de catro anos necesita a axuda da coidadora), dentro da diversidade obvia da nosa aula, que non ten que supoñer un obstáculo senón un membro máis valioso en se mesmo. Non obstante, aceptar esta diversidade supón un cambio radical na metodoloxía e formas de actuación tradicionais. Faise inminente a adopción e utilización de estratexias efectivas que erradiquen a concepción dunha instrución estandarizada, producida en serie supostamente boa para todos. Algunhas destas estratexias serán: a utilización flexible do tempo, adaptándonos e respectando os ritmos individuais de cada alumno/a; favorecer oportunidades suficientes para practicar a habilidade ou exercicio pertinente no caso de non haber adquirido tal competencia; proporcionar a posibilidade de elección entre actividades de diferente índole e dificultade respondendo así ás diferencias de intereses e capacidades; proporcionar os apoios e axuda dos especialistas necesarios; detectar os niveis de motivación das propostas e abandonala ou facer modificacións que sexan precisas; propiciar a axuda e colaboración entre iguais sempre que sexa posible

a pesares da situación sanitaria; levar a cabo e practicar traballos e xogos de xeito individual onde cada un poida aportar algo, favorecer a participación activa, promover a posta en común sempre gardando as distancias e o intercambio de conversacións, ideas, sentimentos, necesidades e opinións parte de todos os alumnos, efectuar avaliacións conxuntas cós propios nenos/as para que dean a súa opinión sobre a dinámica das diferentes actividades e sesións, etc.



15. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Terase en conta a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de interese e capacidades do alumnado:

-ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA): Os contidos nucleares da unidade didáctica ou traballos preséntanse de xeito máis pautado, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos e alumnas.

-PLANS INDIVIDUAIS: dirixidos a alumnos/as que requiren, (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación), con fichas de reforzó e / ou ampliación.

-ACTIVIDADES MULTINIVEL: que os alumnos e alumnas atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións.

12. POSIBLES ESCENARIOS EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA:

ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E / OU NON PRESENCIAL.

En canto aos diferentes escenarios de ensinanza aprendizaxe neste ano tan atípico, contéplanse tres supostos:

-Ensinanza presencial: desenvolveríase de maneira relativamente normal. Afectaría a actividades de rotación e traballo en grupo, que mentres dure esta situación sanitaria, non se poderían realizar e se adaptaron para facelas evitando contactos entre alumnos/as e movementos na aula.

-Ensinanza non presencial: mediante a aula virtual. Maioritariamente a mestra realizará vídeos coas explicacións, nas que o alumnado poderá ver á mestra, as fichas, o libro de contos e outros materiais na pantalla, de maneira que podan acceder a diferentes audios tanto da mestra como de outras fontes para traballar a parte oral da lingua inglesa. Tamén realizaranse debuxos e traballos con letra escrita, tanto en formato dixital como por escrito ao seu nivel, ademáis de mandar audios para traballar a súa pronuncia. En caso de alumnado sen conectividade, procederase ao envío de material por outros sistemas como o correo electrónico, Whatsapps, etc... Este alumnado pola súa idade precisará a axuda dun adulto para este tipo de ensinanza.

-Ensinanza semipresencial: alternarase o ensino presencial co ensino a partir da aula virtual. Este alumnado a estas idades precisará tamén a axuda dun adulto para este tipo de ensinanza e para a realización das actividades propostas.



13. OS CONTIDOS TRANSVERSAIS.

O currículo oficial recoñece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Por iso, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das áreas, o atravesan ou o impregnan. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas comúns ou transversais. A LOE, no seu artigo 19.2, de principios pedagóxicos, determina que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores se traballarán en todas as áreas. Este documento amosa a integración das ensinanzas transversais nos obxectivos, nas competencias, nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación, que se poderían plasmar na área de música desta maneira:

-Educación moral e cívica:

-Amosar actitudes de solidariedade, colaboración e axuda á hora de realizar actividades de grupo.

-Aceptar as limitacións propias e respectar as dos demais.

-Valorar o noso patrimonio musical, como parte do patrimonio cultural e artístico de Galicia e tamén valorar a cultura inglesa.

-Educación para a paz:

-Partir do diálogo como principio para resolver os conflitos.

-Aprender a non impoñer as nosas propostas fronte ás dos demais.

-Tentar ofrecer a nosa propia experiencia como forma de axuda á dos demais, principalmente na realización de actividades en grupo.

-Educación ambiental e para a saúde:

-Coidar a hixiene do aparato vocal mediante o control da voz, a respiración, a articulación..., para poder cantar e falar correctamente.

-Potenciar a través da música, a capacidade de relaxación e control para eliminar tensións.

-Desenvolvemento de actitudes críticas sobre a contaminación acústica e os posibles prexuízos que esta produce na nosa saúde.

-Valorar e procurar o silencio como condición necesaria para o desenvolvemento das experiencias musicais.



-Educación para o consumo responsable:

-Ser quen de ensinar ao noso alumnado a necesidade de actuar con responsabilidade diante da cantidade de música que o mercado ofrece, evitando a influencia perniciosa da publicidade.

-Cultura da nosa comunidade autónoma:

-Usar a música como medio ideal para coñecer as manifestacións culturais de Galicia, e a partir de aquí as doutras comunidades españolas, europeas e universais.

14. AVALIACIÓN.

No quinto curso de Educación Infantil (4 anos) a avaliación é continua.

A avaliación constitúe un elemento e un proceso fundamental na práctica educativa. Permite recoller información e adecuar a nosa actuación en base a esa información, axúdanos a determinar se os nenos e nenas alcanzan os obxectivos planificados e o nivel de consecución dos mesmos, así como explicitar os acertos ou erros da proposta didáctica, o que nos servirá como punto de partida para futuras correccións. É dicir, a aula transfórmase nun laboratorio de pedagogía práctica: primeiro aplicamos a proposta que semella máis acertada e finalmente avaliámola e perfeccionámola.

Segundo a Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a avaliación de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, a programación na Educación Infantil será unha reflexión activa sobre a intervención diaria e terá como finalidade última a retroalimentación sobre catro campos básicos de actuación. É dicir, avaliaranse: as interaccións sociais, a comprensión das mensaxes orais diversas, amosando unha actitude de escoita atenta e de respecto. Avaliarase tamén a consideración ás normas.

15. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA:

-MECANISMOS DE REVISIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica ou traballos propónse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. De igual modo propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte cadro.



ASPECTOS QUE AVALIAR	DESTACAR...	MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			



Atención á diversidade			
------------------------	--	--	--

Esta programación será flexible, axeitada a cada curso e revisable en función do alumnado e dos resultados.

O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos:

Ao finalizar cada traballo ou unidade didáctica, trimestralmente e anualmente.

Terase en conta:

.Seguimento da temporalización.

.Consecución dos niveis mínimos de logro dos estándares de aprendizaxe traballados.

.Dificultades acaecidas.

.Resultados específicos dos procedementos e instrumentos de avaliación.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

.Unha modificación da metodoloxía empregada.

.Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.

.Modificacións na temporalización.

.Deseño de medidas correctoras para corrixir as dificultades.



PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA

INGLÉS

1º,2º,3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Mestra: M^a ESTHER RODRÍGUEZ VELASCO.

(1º,2º e 3º de EP).

C.E.I.P. Campomaior (Ordes)

Curso 2021-2022



-PROGRAMACIÓNS DE 1º,2º E 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

ÍNDICE

1.INTRODUCCIÓN.

1.1.XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DA PROGRAMACIÓN.

1.2 AS COMPETENCIAS CLAVE INTEGRADAS.

2.CONTEXTUALIZACIÓN.

2.1.CARACTERÍSTICAS DOS NENOS/AS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

3.DESEÑO CURRICULAR.

3.1. LOMCE.

3.2.CURÍCULO.

3.3.OBXECTIVOS.

3.4.COMPETENCIAS CLAVE.

3.5.CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS CCBB.

-AS COMPETENCIAS INTEGRADAS.CCBB.

3.5.1.COMPETENCIAS CLAVE NESTA MATERIA.(INGLÉS).

4.OBXECTIVOS.

.CONCRECIÓN CURRICULAR DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

ÁREA LINGUA ESTRANXEIRA.

.OBXECTIVOS DA ÁREA DOS DISTINTOS NIVEIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.(1º,2º,3º).

.OBXECTIVOS DA COMPETENCIA CLAVE:

-4.1.CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

-4.2.INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

5.CONTIDOS DE 1º,2º,3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA. .

6.CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE 1º,2º,3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.



7. ACTIVIDADES.

7.1.ORGANIZACIÓN DE TEMPOS, AGRUPAMENTOS E ESPAZOS.

8.METODOLOGÍA.

8.1.METODOLOGÍA

9.TEMPORALIZACIÓN.

10.MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

11.AVALIACIÓN.

11.1. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.

11.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

- AVALIACIÓN E CRITERIO DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

11.3.INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

11.4. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO.

11.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

11.6. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXES AVALIABLES.

11.7. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DA LINGUA INGLESA.

11.8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

-MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS CCBB DE EDUCIÓN PRIMARIA.

11.9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE EDUCACIÓN PRIMARIA DA ÁREA DA LINGUA INGLESA.

11.10. RÚBRICA DA AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS.

11.11. RÚBRICA DA AVALIACIÓN DE CONTIDOS.

-ELEMENTOS DE AVALIACIÓN.

12.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

13. POSIBLES ESCENARIOS EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA:



-ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E / OU NON PRESENCIAL.

14.PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.

.CONTIDOS TRANSVERSAIS.

15.CONTRIBUCIÓN DA ÁREA A:

15.1.PROXECTO LECTOR

15.2.PLAN TIC.

15.3.PLAN DE CONVIVENCIA.

15.4.PROXECTO LINGÜÍSTICO.

16.ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

17. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

☎ 881880886

CEIP CAMPOMAIOR - ORDES

@ ceip.campomaior@edu.xunta.gal

🌐 www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampomaior/

📍 Travesa de Campomaior s/n 15680 ORDES (A CORUÑA)

PROGRAMACIÓN DE INGLÉS DO 1º NIVEL

DE

EDUCACIÓN PRIMARIA

Mestra: M^a Esther Rodríguez Velasco.

C.E.I.P. CAMPOMAIOR-(Ordes).

Curso 2021-2022.



1-INTRODUCCIÓN.

1.1. Xustificación da programación.

As vantaxes e oportunidades que nos ofrece a presente Lei de Educación (LOE), modificada pola Lei 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), as particularidades do currículo desenvolvido para a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, as esixencias e necesidades cada vez máis pluriculturais da nosa sociedade, xunto coas directrices establecidas polo Consello de Europa no Marco común europeo de referencia para as linguas, son claves significativas que quedan reflectidas no proxecto All About Us.

Cunha clara vocación educativa e de aprendizaxe, onde os alumnos aprenden inglés a través de actividades motivadoras con carácter lúdico, que permiten de maneira inconsciente e natural a adquisición da lingua estranxeira, e que encerran o reto de potenciar a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento dunha lingua estranxeira, non só como unha materia máis, senón coma o descubrimento dun mundo externo do que todos formamos parte responsable, promóvese a interacción na clase para desenvolver unha actitude de alerta cara ás normas e ós valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para a etapa da Educación Primaria.

A finalidade do noso proxecto é, en primeiro lugar, conseguir que o alumnado adquira tódalas competencias marcadas pola LOMCE, centrándonos, como é lóxico, na competencia en comunicación lingüística, e facendo especial énfase nas competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Por outra banda, incorporar o conxunto de elementos transversais no proceso de aprendizaxe, recollidos tamén pola LOMCE. Como é de agardar, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC traballaranse intensamente ó longo de todo o proceso. Así mesmo terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos eidos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Este proxecto ten en conta cambios tan significativos e evidentes coma a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de



comunicarse ou de executar unha tarefa, elementos que se converteron nunha prioridade e nun instrumento clave no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ó longo de toda a vida.

Neste proxecto, o profesorado deberá crear as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe, atendendo particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e á busca do desenvolvemento do talento de cada un deles. Así mesmo preparará e organizará o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo; coordinará accións, impulsando actitudes positivas cara ó idioma e á cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese do alumno cara ó novo e á creatividade, participando de maneira activa e reflexiva, e tratando os erros coma sinais de progreso. Pola súa parte, o alumnado debe participar de maneira activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo, como define a LOMCE, o centro e a razón de ser da educación.

1.2. As Competencias clave Integradas.

A sociedade actual, cada vez máis heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán competente, que saiba o que fai e o que di de maneira creativa e autónoma.

Desde a área de linguas estranxeiras, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interaccionan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continuo, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, será capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Cabe destacar o carácter combinado da aprendizaxe por competencias: o alumno, mediante o que sabe, debe demostrar que sabe aplicalo, pero ademais que sabe ser e estar. De esta maneira vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do alumno. En suma, estamos recoñecendo que a institución escolar non só prepara ó alumno no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respecto ós demais, responsabilidade e cooperación.

O noso proxecto recolle e integra os diferentes elementos curriculares -obxectivos, estándares de aprendizaxe e competencias- para a ensinanza da lingua estranxeira, así como criterios e indicadores de competencias para a avaliación da adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da materia.



2. CONTEXTUALIZACIÓN.

A presente programación que expoño a continuación, desenvólvese nun marco lexislativo de transición entre a Lei Orgánica 1/ 1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, e a nova Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación, que de acordo có Real Decreto 806/ 2006, de 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do Sistema Educativo establecida na LOE cambiado pola nova lei LOMCE.

Así mesmo, o referente inmediato desta programación será Proxecto Curricular de centro no cal inclúense Proxectos de Centro nos que participamos todos e cada un dos docentes motivando aos / as nenos/as de cara á lectura e as outras actividades.

En canto ao grupo de alumnos/as ao cal remítese esta programación, estaría formado por nenos e nenas de idades comprendidas entre os 6 e os 9 anos, agrupados en dúas unidades de cada nivel (1º, 2º, 3º) de Educación Primaria. Son nenos e nenas que xa recibiron ensinanza de Inglés en Educación Infantil.

O Ceip. Campomaior é un centro que escolariza alumnos de Educación infantil e alumnos de Educación Primaria. Está situado nun entorno semiurbano, na rúa Travesía de Campomaior s/n ,15680, e pertence ao concello de Ordes (A Coruña). O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio / medio-baixo, e nel predominan os pais/nais con estudos primarios. A maioría dos nenos/nenas son galego falantes.

O horario lectivo do centro é de luns a venres en xornada continua de 9:30 a 14:30.

A organización e funcionamento do centro axustarase ó disposto no D. 374/1996 e na O. do 22 xullo de 1997.

A distribución do alumnado por aula é a seguinte:

Curso	Número de alumnado
1º A:	19
1º B	19
2º A	25
2ºB	25
3º A	19
3ºB	19



En 1º de Educación Primaria serán 38 alumnos/as en total neste curso 2020-2021.

Curso	Número de alumnado
1º A:	19
1º B	19

Os cursos tamén contan cós mestres especialistas e unha coidadora asignada ao alu
A lingua materna predominante en cada un dos grupos é o Galego, polo que a Lingua vehicular será tamén o Galego.

2.1.Características dos nenos/as de educación primaria.

Durante a Educación Primaria os nenos e as nenas progresan paulatinamente no seu desenvolvemento cognitivo e utilizan estratexias de organización e xestión das aprendizaxes máis elaboradas. Así organizan e amplían progresivamente os seus esquemas cognitivos e van formando una visión máis axustada da realidade.

Como consecuencia da súa rodaxe social, os nenos a as nenas van superando o pensamento centrado en si mesmos e dirixen a súa atención aos aspectos obxectivos da realidade; son capaces de entender os puntos de vista doutros e comezan a percibir a súa situación do medio. É moi importante propoñer actividades de grupo que facilitan a relación e inserción social. Tamén adquire una grande importancia o traballo dos contidos transversais e a educación en valores nas diversas áreas, co fin de potenciar a reflexión e a capacidade crítica, e a progresiva toma de posición persoal.

Neste proceso, é necesaria a presenza dun campo de experiencia amplo e rico en estímulos formativos, que teñen en conta a diversidade de capacidades, intereses e estilos cognitivos dos alumnos, e dun profesorado que guíe, medie e oriente, é fundamental.



3. DESEÑO CURRICULAR

3.1. LOMCE.

As vantaxes e oportunidades que nos ofrece a presente Lei de Educación(LOE), modificada pola Lei 8/2013, de 9 de Decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), as esixencias e necesidades cada vez máis pluriculturales da nosa sociedade, xunto coas directrices establecidas polo Consello de Europa no Marco Común Europeo de referencia para as linguas, son tres claves significativas que quedan reflexadas no Proxecto do texto ALL ABOUT US.

Cunha clara vocación educativa e de aprendizaxe onde os alumnado aprenden Inglés a través de actividades motivadoras con carácter lúdico que permita de forma inconsciente e natural a adquisición da lingua estranxeira, e que conteña o reto de potenciar a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento dunha lingua estranxeira non só como unha materia máis senón coma o descubrimento dun mundo externo do que formamos parte e que o alumnado adquira topalas competencias marcadas pola LOMCE centrándonos , como é lóxico, na competencia en comunicación lingüística e facendo fincapé nas competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Por outra parte, incorporar o conxunto de elementos transversais, recollidos tamén na LOMCE, ó proceso de aprendizaxe.

Como era de esperar a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC, traballaranse intensamente ó longo de todo o proceso, pero tamén terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade afectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos ámbitos, co rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo o xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo o desenrolo sostible e o medio ambiente, os riscos no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenrolo do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Este proxecto ten en conta cambios como a globalización que esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira e o impacto das Novas Tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de realizar unha tarefa. Elementos que se converteron nunha ferramenta clave no proceso de aprendizaxe, non só nesta etapa senón ó longo de toda a vida.

Deste xeito os mestres e mestras crearemos as condicións esenciais para que esa aprendizaxe se produza atendendo á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumn@ e a búsqueda do desenrolo do talento de cada un deles. Preparará e organizará o traballo, axudando no desenrolo do mesmo; coordinará accións; impulsando actitudes positivas cara o idioma e a cultura inglesa, captando e desenrolando o interese do



alumn@ cara o novo e a creatividade, intervindo de forma activa e reflexiva, e tratando os erros coma signos de progreso. Pola súa parte, o alumnado debe participar de forma activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo, como define a LOMCE, o centro e a razón de ser da educación.

3.2. Currículo

A definición de currículo que a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa recolle no seu artigo 6 é a seguinte: enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas.

O currículo estará integrado polos seguintes elementos:

a) Os obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa: referentes relativos ós logros que o alumno debe alcanzar ó finalizar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensinanza-aprendizaxe intencionalmente planificadas con tal fin.

b) As competencias, ou capacidades para aplicar de maneira integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

c) Os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, estratexias, destrezas e actitudes que contribúen ó logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias.

Os contidos ordénanse en materias, que se clasifican en disciplinas, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas nos que participe o alumnado.

d) A metodoloxía didáctica, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.

e) Os criterios de avaliación do grado de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa: referentes de avaliación que definen o que se quere valorar, o que o alumnado debe lograr, tanto en termos de conceptos como en procedementos ou actitudes. Responden directamente ó que se pretende lograr coa materia.

f) Os estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis: concrecións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados das aprendizaxes e concretan mediante accións o que o alumno debe saber, e saber facer, en cada materia. Deben permitir graduar o coñecemento ou logro alcanzado. Teñen que ser observables, medibles e avaliáveis, xa que contribúen e facilitan o deseño de probas estandarizadas e comparables.



3.2. Obxectivos

As esixencias e necesidades na sociedade do século XXI propiciaron axustes no eido escolar, preparando ós alumnos e alumnas para vivir nun mundo progresivamente máis internacional, multicultural e multilingüe ó tempo que tecnoloxicamente máis avanzado. O noso país atópase comprometido como membro da Unión Europea no fomento e coñecemento doutras linguas comunitarias, tal como se recolle nun dos obxectivos da Estratexia de Lisboa. Pola súa parte, o Consello de Europa no Marco de Referencia Común Europeo para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, establece directrices tanto para a aprendizaxe de linguas coma para a valoración da competencia nas diferentes linguas dun falante. Estas pautas foron un referente clave para a elaboración do currículo da área.

O currículo básico establece que a Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución práctica de conflitos, que lles permitan manexarse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e empregar de maneira axeitada a lingua castelá, a lingua cooficial da Comunidade Autónoma se a houbera, e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir polo menos nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e manexarse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, a Xeografía, a Historia e a Cultura, con especial atención ós relacionados e vinculados a Galicia.



- i) Iniciarse no emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Empregar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos demais, respectar as diferenzas e empregar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ó ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, ós prexuízos de calquera tipo e ós estereotipos sexistas.
- n) Fomentar a Educación Vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia ás mulleres e homes que realizaron contribucións importantes á cultura e á sociedade galegas.

3.3. Competencias clave.

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006, da UNESCO e da OCDE, entre outras, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias como complemento á aprendizaxe dos contidos. Na definición que a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo, atopámonos cos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe, entre os que se atopan as competencias clave. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, o que supón un importante cambio dirixido a aquilo que o alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo no referente ás competencias clave, que se consideran prioritarias de cara ó desenvolvemento do alumnado.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo orientado á acción e baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que serán demostrados polos alumnos (é algo máis ca unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos.



De maneira moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os coñecementos en acción, é dicir, mobilizar os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta de aquela na que se aprendeu), activar recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Hai un aspecto que debe destacarse: formar en competencias permite a aprendizaxe ó longo de toda a vida, facendo fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento. A formación académica do alumno transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata nunca, polo que unha formación en competencia dixital, por exemplo, permitirá acceder a este instrumento para obter a información que se precise en cada intre (obviamente, despois de analizarse a súa calidade). Se ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade tódolos contidos do currículo, está claro que o alumno deberá formarse nesta competencia, a de aprender a aprender.

No noso sistema educativo considérase que as competencias clave que debe ter o alumno cando remata a súa escolaridade OBRIGATORIA para enfrontarse ós retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas.
- Senso de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

Pero que entendemos por cada unha desas competencias de forma sucinta, e recollendo o máis significativo do que establece o currículo escolar, cada unha delas proporciona á formación persoal e intelectual do alumno o seguinte:

- Competencia en comunicación lingüística.

Trátase dunha competencia moi complexa. Está vinculada á acción comunicativa dentro dunhas prácticas sociais, na que o individuo, ademais de producir, tamén recibe mensaxes con distintas finalidades. Supón a apertura dunha vía de coñecemento, dentro e fóra da escola, enriquecemento cultural e constitúe un obxectivo de aprendizaxe permanente, considerando a lectura coma o principal medio para a ampliación da aprendizaxe e desta competencia.



O individuo, mediante o emprego da linguaxe como instrumento de comunicación, pon en funcionamento unha serie de actitudes e valores como son o respecto polas normas de convivencia, o exercicio da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto ós dereitos humanos e o pluralismo, a resolución de conflitos, o desenvolvemento das capacidades afectivas en tódolos ámbitos, interese pola aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia como fonte de pracer.

A competencia en comunicación lingüística está constituída por cinco compoñentes: lingüístico, pragmático-discursivo, socio-cultural, estratéxico e persoal, que se concretan en diferentes dimensións na interacción comunicativa.

-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Require coñecementos sobre os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral. A súa adquisición supón, en suma, establecer unha relación profunda entre o coñecemento conceptual e o coñecemento procedemental implicados na resolución dunha tarefa matemática determinada.

Esta competencia inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto ós datos e a veracidade. Os ámbitos integrados na competencia matemática son os referentes ós números, a álgebra, a xeometría e a estatística.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ó mundo físico e á interacción responsable co mesmo. Contribúen ó desenvolvemento do pensamento científico e capacitan o individuo para identificar, formular e resolver situacións da vida cotiá, para actuar fronte ós retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

O desenvolvemento destas competencias require unha serie de coñecementos científicos relativos á física, química, bioloxía, xeoloxía, matemáticas e tecnoloxías, que se derivan de conceptos, procesos e situacións interconectadas; así como unhas destrezas que permitan utilizar e manipular ferramentas tecnolóxicas, datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.

As actitudes e valores integrados nestas competencias están relacionados coa asunción de criterios éticos, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico e a responsabilidade sobre a conservación dos recursos naturais e ambientais, así como a adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudable nun ámbito natural e social.



-Competencia dixital

Implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación. Supón a adecuación ós cambios que introducen as novas tecnoloxías e a adquisición de novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente nun ámbito dixital.

Require o coñecemento das principais aplicacións informáticas, e precisa do desenvolvemento de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas en distintos contextos.

O individuo deberá ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles co fin de resolver os problemas reais dun modo eficiente, así como avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas, a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

A adquisición desta competencia require ademais actitudes e valores que permitan ó usuario adaptarse ás novas necesidades establecidas polas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación ós propios fins e a capacidade de interaccionar socialmente en torno a elas. Por outra parte, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborador, así como a motivación e a curiosidade pola aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.

-Aprender a aprender

Esta competencia supón, por un lado, iniciarse na aprendizaxe e por outro, ser capaz de continuar aprendendo de xeito autónomo, aspecto fundamental para a aprendizaxe permanente.

Aprender a aprender inclúe unha serie de coñecementos e destrezas que requiren unha reflexión e toma de conciencia sobre os propios procesos de aprendizaxe, polo que os procesos de coñecemento se convierten en obxecto do coñecemento e deberase aprender a executalos axeitadamente.

As actitudes e valores clave na adquisición desta competencia son a motivación para aprender e a confianza para alcanzar as metas da aprendizaxe.

-Competencias sociais e cívicas

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, para comprender a realidade social do mundo no que se vive e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural.

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo, e require a adquisición de coñecementos que permitan comprender e analizar os códigos de conduta e o comportamento adecuado para convivir en sociedade.



Os elementos fundamentais desta competencia son a capacidade de comunicarse de forma construtiva en distintos ámbitos e a seguridade nun mesmo, a integridade e a honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís.

Nesta competencia son fundamentais a habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público, para manifestar solidariedade e interese polos problemas da comunidade, o respecto dos dereitos humanos, a igualdade, a apreciación e comprensión das diferentes relixións ou culturas.

O desenvolvemento destas competencias implica afrontar os conflitos con valores éticos e exercer os dereitos e deberes cidadáns desde unha actitude solidaria e responsable.

-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta competencia refírese á capacidade de transformar ideas en actos, o que implica adquirir conciencia dunha situación e optar con criterio propio, levando adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.

A adquisición desta competencia é determinante para a formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Esta competencia require uns coñecementos relacionados coa capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais; e unhas destrezas como a capacidade de análise, de planificación, organización, xestión, toma de decisións, resolución de problemas, liderado, pensamento crítico, avaliación e autoavaliación.

Require o desenvolvemento de actitudes e valores como a predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa, o autoconhecimento e a autoestima, a independencia, o interese e esforzo, e o espírito emprendedor.

-Conciencia e expresións culturais.

Esta competencia implica coñecer, apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos.

Require coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a tódolos niveis. Comprende a concreción da cultura e outras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá. Incorpora o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas e a identificación entre as diferentes manifestacións artísticas e a sociedade.



A adquisición desta competencia pon en funcionamento destrezas como a aplicación de diferentes habilidades de pensamento para poder comprender, valorar, emocionarse e gozar das diferentes manifestacións artísticas. Supón, ademais, actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respecto por elas e pola conservación do patrimonio.

3.3.1. Competencias clave nesta materia

Imos expoñer os aspectos máis relevantes no noso proxecto, a expensas do que a práctica educativa diaria poida aconsellar en cada momento:

Competencia en comunicación lingüística:

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ó desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

Competencia dixital

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.



Competencia para aprender a aprender

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente ó incluír contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces.

Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro, entre outras.

Competencias sociais e cívicas

As linguas non só serven ós falantes para comunicarse socialmente, senón que tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.

Este feito favorece a comprensión da realidade social na que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración, e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

Esta competencia incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

Competencias clave a través de All About Us.

-Competencia en comunicación lingüística:

Tódolos libros de Oxford University Press ofrecen unha grande variedade de actividades que promoven a comunicación real na aula, cun desenvolvemento sistemático das destrezas escritas e orais e moitas oportunidades para personalizar.

Na lección 1 de cada unidade introdúcese o primeiro bloque de vocabulario a través dun vídeo de presentación, baseado na contorna real do protagonista do curso, e practícase o vocabulario a través dunha serie de actividades vinculadas co tema da unidade, incluíndo un chant e un xogo comunicativo.



Na lección 2 se presenta a estrutura gramatical a través dunha canción. Os alumnos céntranse no uso da gramática no contexto a través dunha actividade de comunicación, activadas por unha pregunta do protagonista do curso.

Na lección 3 se desenvolven destrezas de comprensión oral e escrita a través dun vídeo e varias frases breves que introducen o tema cultural.

Na lección 4, intercurricular, se presenta outro bloque de vocabulario relacionado con outras áreas clave do currículo. Proponse que representen a historia para practicas a expresión oral.

A lección 5 presenta unha historia que traballa a comprensión escrita e a expresión oral. Os alumnos escoitan ós personaxes do curso dar a súa opinión sobre a historia e se lles anima a expoñer a súa propia opinión seguindo o seu exemplo.

Na lección 6 se presenta o segundo bloque de vocabulario relacionado temáticamente coa historia.

Na lección 7 do CB os alumnos poden practicar as catro destrezas e a pronuncia de sons específicos a través dunha rima ou trabalinguas, ademais de practicar a comunicación.

A través do vídeo interactivo la lección 8 se revisa a gramática e o vocabulario de toda a unidade.

O proxecto final da lección 9 permite poñer en práctica a linguaxe aprendida a través dunha actividade manipulativa que os alumnos, unha vez rematada, deben presentar ó resto da clase de forma oral.

Competencia dixital:

A combinación do material dixital xunto co material impreso favorece o desenvolvemento da competencia dixital tódolos días, ademais o alumno dispón da páxina web de Oxford Plus onde atopará tódolos contidos dixitais de All About Us.

Os alumnos practican o vocabulario e a gramática a través de xogos no iPack e a través de vídeos interactivos.

Tambén se desenvolve esta competencia facendo uso das novas tecnoloxías para buscar información para os seus proxectos ou traballos de grupo e realizar fotografías, enviar mensaxes ou gravar vídeos.



Competencias sociais e cívicas:

Na historia da lección 5 de cada unidade se debate sobre o valor social e cidadán específico que fomenta o bo compartamento e respecto cara ós demais, así como as boas maneiras de actuar en cada lugar (All about values).

Ó final do libro as seccións de festivais axudan ser conscientes dos diferentes feitos traballados en cada unidade, así coma as diferentes stories de Repaso (Review, despois das Unidades 2, 4 e 6).

Ademais, as leccións intercurriculares relacionadas coa área de Ciencias Sociais axudan ós alumnos desenvolver esta competencia: na Unidade 1, os alumnos aprenden as regras da aula.

Conciencia e expresións culturais:

Tódalas unidades de All About Us ofrecen a posibilidade de desenvolver esta competencia mediante cancións, historias, as leccións de cultura e as de festividades.

Tódalas unidades ofrecen a posibilidade de poder expresarse ben mediante escenificacións, cancións, representaicóns e expresións de forma escrita, tanto no libro do alumno coma no de actividades.

Os alumnos poden expresar as súas ideas e creatividade mediante a música, elaborando manualidades, cantando, pensando accións para representar diálogos, creando as súas propias versións das historias.

Na lección 3 de cada unidade, os alumnos profundan nos diferentes aspectos da cultura do Reino Unido.

Nas leccións intercurriculares relacionadas coa área de Educación Plástica, os alumnos desenvolven esta competencia de forma específica: na Unidade 2, os alumnos aprenden a mesturar cores.

Aprender a aprender:

All About Us inclúe diferentes actividades, tanto no libro do alumno coma no de actividades, nas que se practican diferentes estratexias de aprendizaxe.

A práctica regular do vocabulario axuda ós alumnos mantelo activo e lles recorda a linguaxe que teñen á súa disposición.

Observar as imaxes antes de escoitar e ler un texto lles ensina buscar e obter pistas visuais a primeira vez que se enfrontan a un texto.

As actividades de descifrar animan ós alumnos a desenvolver destrezas de concentración e dedución, que son vitais para resolver problemas.



As mini cards ofrecen ó alumnado a oportunidade de personalizar a linguaxe, facéndose cargo da súa propia aprendizaxe.

Aplicar a información que aprenderon a outras situacións axuda ós alumnos desenvolver a súa propia aprendizaxe.

Nas actividades de grupo, os alumnos se comunican e colaboran con outros compañeiros, o cal lles permite aprender uns dos outros.

En tódalas unidades, os alumnos realizan actividades que apelan ó seu sentido da imaxinación, intentando ser o máis creativos posible.

As actividades de autoavaliación propostas no All About Me Booklet animan ós alumnos a reflectir sobre a súa aprendizaxe.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

O sentido da iniciativa é outra das competencias que se ten en conta dentro dos diferentes niveis de All About Us, xa que o método axuda ós alumnos a ter confianza en si mesmos, a tomar a iniciativa para realizar diferentes actividades e a poñelas en práctica na vida real mediante, por exemplo, os proxectos propostos ó final de cada unidade, e nos proxectos colaborativos ó final de cada trimestre.

Facer predicións e crear expectación antes de realizar as tarefas fomenta a actitude positiva cara á resolución de problemas.

Utilizar as súas propias ideas na realización das tarefas desenvolve o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor.

Matemática, ciencia e tecnoloxía:

Ó longo do libro do alumno, as leccións intercurriculares relacionadas coa área de matemáticas e de ciencias axudan ós alumnos a desenvolver esta competencia.

Unidade Starter: aprenden os números do 1 ó 10.

Unidade 2: aprenden as partes do corpo.

Unidade 3: aprenden distintos materiais.

Unidade 4: aprenden os números do 11 ó 20.

Unidade 5: aprenden as crías dos animais.

Unidade 6: aprenden os sentidos.



4.OBXECTIVOS.

CONCRECIÓN CURRICULAR DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA

OBXECTIVOS DA ÁREA DE 1º EDUCACIÓN PRIMARIA.

Escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de diversas tarefas concretas relacionadas coa experiencia do alumnado.

Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

Escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.

Ler de xeito comprensivo textos diversos, relacionados coas experiencias e intereses do alumnado, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.

Aprender a usar con progresiva autonomía medios variados, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.

Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.

Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.

Coñecer aspectos doutras culturas que utilizan a lingua estudada e amosan unha actitude de respecto cara a mesmas.

Utilizar os coñecementos e as experiencias previas coas linguas galega e castelá para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.

Identificar aspectos fonéticos, de ritmo, de acentuación e de entoación, así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.

Desenvolver de forma progresiva a sensibilidade crítica que permite desvelar os estereotipos sexistas, clasistas, racistas, que a lingua comporta.



OBXECTIVOS DAS COMPETENCIAS CLAVE:

- Coñecer e utilizar apropiadamente a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura e de respecto á diversidade lingüística.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Coñecer, valorar e desfrutar do contorno natural, social e cultural e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación del.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolvendo a sensibilidade estética e a capacidade de desfrute das súas diferentes manifestacións e iniciarse na -construción de propostas persoais.
- Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por ningunha causa.
- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o do resto das persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona. Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e na prevención dos accidentes de tráfico.
- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.



-Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a actuar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

4.1. Criterios de avaliación das Competencias clave.

Comprender e utilizar vocabulario referente ao colexio, á familia, á casa, á rúa, ao Nadal, aos alimentos, ao coidado e ás partes do corpo humano.

Utilizar a linguaxe como medio de comunicación oral e escrito.

Utilizar a lingua para obter e comprender información.

Utilizar a linguaxe para expresar gustos e preferencias.

Expresar adecuadamente pensamentos, ideas e emocións.

Comprender e expresar de forma oral o sentido global dun texto.

Escoitar, comprender e valorar narracións sinxelas.

Valorar o texto escrito como fonte de información, enriquecemento e diversión.

Usar as regras ortográficas aprendidas.

Desenvolver o interese pola claridade, pola orde e pola limpeza nas súas producións escritas.

Mostrar interese pola lectura e pola escritura de contos.

Adquirir coñecementos e destrezas para buscar e interpretar unha información concreta.

Mostrar interese polo uso do ordenador.

Coñecer os distintos usos do ordenador.

Fomentar interese pola práctica de xogos lingüísticos como elemento de diversión.

Realizar observacións para desenvolver a curiosidade.

Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.

Practicar o diálogo e a negociación como forma de resolver conflitos.

Utilizar a lingua para analizar problemas da vida cotiá, elaborar plans e tomar decisións.

Reflexionar sobre que e como se aprendeu.



4.2. Instrumentos de avaliación das Competencias clave:

Observación directa do traballo diario do alumnado, así como das súas participacións nas actividades propostas na aula.

Intercambios orais: preguntas sinxelas, diálogos, debates...

Actividades específicas relacionadas cos obxectivos das competencias.

Auto-avaliación: incluiremos actividades nas que os alumnos e alumnas poidan avaliar o seu propio traballo e proceso de aprendizaxe.

5. CONTIDOS DE 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Os contidos que conforman esta materia e este curso agrupáronse en: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia intercultural. Estes cinco bloques, relacionados cos dous centros de atención específicos: a linguaxe oral e a linguaxe escrita, recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións, e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira.

Bloque 1. Comprensión de textos orais

B1.1. Estratexias de comprensión:

Iniciación, mediante xogos e adiviñas, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, nas situacións de comunicación de carácter infantil, moi sinxelas, familiares e habituais, e do seu interese.

Identificación do tema de textos moi sinxelos, adaptados á súa idade e ós seus intereses (contos, rimas infantís, cancións).

Asociación de palabras e expresións moi básicas e sinxelas con elementos paraverbais.

Asociación de palabras e frases moi sinxelas a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións en soporte papel ou dixital.

Seguimento non verbal de instrucións moi sinxelas.

Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e estruturas elementais da lingua estranxeira.

B1.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación moi básicos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo e do tono da lingua estranxeira.



Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

B2.1. Estratexias de Producción:

Planificación:

Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.

Execución:

Expresar a mensaxe con claridade axustándose ós modelos.

Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos paralingüísticos.

Usar a linguaxe non verbal que corresponda á situación comunicativa (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual o corporal).

Participar activamente nas rutinas da clase, representacións, cancións, dramatizacións, etc., empregando respostas verbais e non verbais (movemento, accións, debuxos, modelado ou mímica).

Repetir e reproducir en grupo textos orais sinxelos seguindo patróns orais.

Imitar situacións de comunicación sinxelas a través de dramatizacións, de xogos, de rutinas, etc.

Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación (saúdo, despedida, presentacións, felicitación ás persoas da aula nos seus aniversarios, estados de ánimo...).

B2.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación moi básicos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo e do tono da lingua estranxeira.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

B3.1. Estratexias de comprensión:

Actualización moi guiada dos coñecementos previos sobre o tipo de texto que se vai ler (p. ex., como acostuman ser as personaxes dos contos, como termina a historia, onde sucede a trama...).

Identificación da idea global de textos moi sinxelos, elementais e moi familiares (contos, cancións ou rimas...), e encadrados por imaxes redundantes e títulos moi evidentes do contido textual.

Identificación de palabras clave moi evidentes, concretas, sinxelas e familiares relacionadas coas personaxes a través da linguaxe non verbal o co apoio de ilustracións.



B3.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais:

Iniciación ó proceso de asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.

Bloque 4. Producción de textos escritos

B4.1. Estratexias de Producción:

Planificación:

Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, diálogo teatral.

Execución:

Expresar a mensaxe con claridade axustándose ós modelos.

Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e de programas informáticos.

Seleccionar e empregar o léxico adecuado ó tema.

Iniciarse no uso de programas informáticos para reproducir mensaxes escritas moi sinxelas.

B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais:

Uso dos signos de puntuación máis básicos.

Iniciación ó proceso de asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural.

B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.

Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía.

Interese polo traballo individual, en parellas ou grupos.

B5.2. Funcións comunicativas:

Establecemento de relacións sociais: saudar, despedirse, agradecer, dirixirse ós demais.



Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais (nome, idade e gustos).

Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre obxectos próximos ó entorno escolar, os días da semana e o tempo atmosférico).

Formulación de preguntas e respostas sobre obxectos e espazos próximos ó entorno escolar.

Expresión moi elemental da posesión.

Expresión do gusto e a preferencia (favoritos).

Expresión da cantidade.

Expresión do estado de ánimo.

Expresión da habilidade e capacidade para realizar unha acción.

B5.3. Estructuras sintáctico- discursivas:

Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita ou estado (What's your name?, My name is/ I'm, How old are you?, What's your favourite colour? My favourite colour is, Are you happy/sad?, Yes, I am/No, I'm not).

Preguntas e respostas sobre os días da semana e o tempo atmosférico (What day is it today?, It's, What's the weather like today?, It's).

Preguntas e respostas sobre obxectos próximos ó entorno escolar (What's this?, It's my...).

Expresión da posesión en primeira persoa (I've got) e formulación da pregunta correspondente (Have you got...?).

Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativo (I like).

Expresión da cantidade: contar ata 20.

Preguntas e respostas sobre as partes básicas d corpo e de elementos próximos ó seu entorno (What's this?, It's...), membros da familia (Who's this?, This is my (brother), alimentos (What's this ?, This is).

Expresión do permiso e axuda (Can I...?).

Expresión da habilidade (I can...).



B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo ás cores, números, materiais e espazos escolares, formas xeométricas moi básicas, membros da familia máis próxima, comidas e bebidas elementais, xoguetes, partes do corpo, animais de compañía, estado de ánimo, tempo atmosférico.

APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES.

Este alumnado de 1º de EP realizará a avaliación inicial e repasaranse todos os contidos non dados. O alumnado traballará estes coñecementos e aprendizaxes e faránse as adaptacións necesarias para o alumnado e para aqueles aprendizaxes imprescindibles en calquera dos escenarios en función da situación sanitaria que poidera xurdir. En caso de ser necesario realizarase un plan de reforzo ou de recuperación para esta materia.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

☎ 881880886

CEIP CAMPOMAIOR - ORDES

@ ceip.campomaior@edu.xunta.gal

🌐 www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampomaior/

📍 Travesa de Campomaior s/n 15680 ORDES (A CORUÑA)



<i>Estándares de aprendizaxe e competencias</i>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1. Educación audiovisual.	
1. Identificar a representación da realidade en fotografías e debuxos valorando o diferente grao de iconicidade entre eles.	1.2. Entende que un debuxo é unha representación da realidade.
	1.4. Realiza debuxos a partir de fotografías onde se distingue o obxecto ou realidade representado.
Bloque 2. Debuxo xeométrico.	
2. Recoñecer as figuras xeométricas (círculo, cadrado, rectángulo e triángulo), debuxándoas a man alzada na elaboración de composicións sinxelas figurativas ou abstractas con elas.	2.5. Distingue a diferenza entre as figuras xeométricas
Bloque 3. Expresión artística.	
2. Utilizar o espazo do soporte facilitado nas súas creacións propias acomodando os seus debuxos a diferentes formatos.	3.3. Utiliza de xeito coherente todo o espazo facilitado para a realización dos seus debuxos.
	3.4. Acomoda o que quere representar ao formato facilitado.



3.Recoñecer diferentes tons e identificar variacións de luminosidade nestes.	3.7.Utiliza as pinturas de madeira nas súas composicións coñecendo as posibilidades gráficas que ofrecen.
------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------

6.CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

-Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e para achegarse a nenos e nenas doutras culturas que teñen formas de vida diferentes da propia e para descubrir algúns aspectos comúns (xogos de sortes, xogos tradicionais e festas...).

-Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe da nova lingua mostrando interese por imitar, escoltar e reproducir rimas, cancións, xogos, elementos repetitivos dos contos e de cancións.

-Comprender mensaxes verbais, significativas e contextualizadas coa axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos.

-Participar comprensivamente, empenñando formas lingüísticas e non lingüísticas, en producións orais moi sinxelas relativas a situacións e a temas de interese para o alumnado: xogos, dramatizacións de contos, instrucións para realizar actividades da aula.

-Amosar comprensión, mediante respostas verbais sinxelas e básicas, en situacións de comunicación cotiás (saúdo, despedida, presentación, expresión de estados de ánimo e outros) e iniciarse nas fórmulas orais da expresión cotiá.

-Imitar sons, repetir producións orais sinxelas e breves de uso diario na aula e memorizar fórmulas breves e sinxelas de comunicación oral de interese para os nenos e nenas (xogos de sortes, retirosos de cancións e contos, fórmulas verbais para iniciar unha actividade, lerias, xogos de mans...).

-Identificar e interpretar palabras e enunciados curtos contextualizados en situacións de comunicación significativas para os nenos e para as nenas, como mensaxes multimedia, contos, tarxetas de felicitación, anuncios e carteis aprendidos con anterioridade na súa forma oral.

-Producir mensaxes significativas sinxelas de xeito guiado en papel ou en formato dixital cunha finalidade comunicativa e con axuda de modelos que previamente fosen aprendidos oralmente.

Utilizar recursos e estratexias moi sinxelos para aprender a aprender, identificando as que son máis apropiadas para o alumnado (axudas xestuais, repetición sonora en voz alta ou de movemento, asociación, emprego de dicionarios visuais, utilización de Internet...).



-Amosar curiosidade e interese por buscar información a través de diferentes medios sobre a cultura que están a estudar as alumnas e alumnos (busca de imaxes, xogos, fotografías, personaxes de debuxos animados...) con diversas finalidades (exposición na aula no rexistro de aprendizaxe, clasificación na carpeta de favoritos, utilización como salvapantallas, álbums...).

7. ACTIVIDADES.

As actividades realizaranse de forma similar nos tres niveis tendo en conta o libro de texto de cada nivel, as idades e os seus coñecementos adaptando estas actividades ás aulas segundo os niveis.

Actividades de inicio de lección.

Trátase de activar os coñecementos previos dos alumnos nos temas novos que se van traballar ou de repasar os xa traballados. Isto adóitase facer a través de actividades de brainstorming ou actividades de repaso, mediante xogos, intercambios comunicativos con soporte de flashcards, pósters, cancións, etc.

De desenvolvemento da lección.

Cada unha das unidades do método inclúe diferentes tipos de actividades que apelan ás intelixencias múltiples e que están destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte de competencia da lingua inglesa. Estas actividades son:

O vocabulario relacionado cos diversos campos conceptuais que se desenvolven na unidade didáctica (Vocabulary).

A lectura e comprensión de textos (Reading).

As estruturas gramaticais (Grammar).

Os sons estudados (Pronunciation).

A comprensión e a expresión oral da lingua en tódalas súas vertentes (Listening and Speaking).

A comprensión e a expresión escrita (Writing).

De reforzo e ampliación

O proxecto parte do recoñecemento de que en toda clase hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ó tempo que persegue o obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ó seu nivel de capacidade e interese.



A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que tódolos alumnos/as poidan encontrar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.

As actividades ás que nos referimos son as seguintes:

-Actividades extra no Teacher's Guide:

Mixed ability teaching activities.

Further practice.

Extra practice.

Actividades opcionais no Teacher's Guide.

As actividades do iPack.

As actividades propostas no Activity Book.

As actividades extra propostas no Activity Book:

Extra: para aqueles alumnos que terminan pronto e baseadas no contido da lección.

De desenvolvemento de competencias clave

Algunhas actividades contribúen máis especificamente ó desenvolvemento dunha ou varias competencias clave, entre as que se incluírían:

Brainstorming

Role-plays

Actividades interactivas

Actividades na lousa dixital

Actividades baseadas en distintos soportes

Actividades de investigación ou estudos de casos

Actividades en grupo

Interpretacións de datos, gráficas, etc.

Textos culturais, cancións, rimas, etc.

Actividades nas que se traballan as emocións



-De avaliación

A avaliación da aprendizaxe en Educación Primaria será continua e global e terá en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo. O profesor avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de logro das competencias coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

As actividades de avaliación poderían clasificarse en varios niveis:

Actividades de avaliación formativa, onde o profesor avaliará o traballo continuado dos alumnos e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades como:

Exercicios do Activity Book

O proxecto final de cada unidade

Actividades de avaliación sumativa coa realización das diversas actividades de avaliación referidas en All About Us:

Unit tests 1-6

End-of-term tests 1-3

End-of-year test

Actividades de autoavaliación e autoestudo, nas que o alumno se inicia en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas:

O self-evaluation de cada unidade (All About me Booklet).

Complementarias

Este tipo de actividades entre as que se incluírán: saídas culturais, asistencia a obras de teatro en inglés, conmemoración de festividades características da sociedade anglosaxona etc., serán deseñadas polo equipo de profesores do departamento de inglés de cada centro.

Saídas e actividades comúns a todo o centro ou a varios grupos

(Anote aquí calquera saída Didáctica ou didáctico-lúdica prevista.)

Grupo/s	Profesores participantes	Trimestre/	Descrición de saídas/ actividades	Observacións



participantes		Datas		

7.1.Organización de tempos, agrupamentos e espazos

O tempo, entendido como o dedicado ó ensino no centro, é un recurso fundamental e limitado na aprendizaxe dunha materia. A programación que se formula neste documento deberá ser adaptada por cada profesor de acordo ós seus horarios e ritmos da clase.

Con respecto ós alumnos, o profesor pode seguir diferentes criterios para o agrupamento destes:

- Recursos humanos
- Profesorado de apoio
- Orientador/a
- Criterios
- En función da orde alfabética
- Agrupamentos flexibles
- Pequenos grupos de reforzo dentro/fóra da aula.
- Alumnos con distinto tipo de necesidades de orixe sensorial en distintos grupos na aula.

Á hora de realizar as tarefas, completar actividades, proxectos, etc. a organización dos alumnos realízase en función do tipo de interacción que se dá nese momento na aula:

- Profesor-alumno
- Traballo individual
- Traballo en parellas
- Traballo en grupo



Os recursos cos profesores poden contar e os posibles espazos en que se poden desenvolver os procesos de ensino-aprendizaxe son, neste momento, cada vez máis variados.

Como resultado, os contextos da aprendizaxe son tamén máis amplos. Os profesores poden levar a cabo actividades e proxectos que inclúan diferentes ambientes:

-O centro educativo

-A comunidade

-O contexto familiar

A aula deixou de ser o único lugar onde se imparte unha materia. Tódolos centros educativos conta cunha serie de recursos espaciais, materiais e virtuais, que se poden empregar para impartir a materia:

-Aula virtual

-Sala de informática – Aula de audiovisuais

-Biblioteca

-Usos múltiples

-Ximnasio

-Patio

Ten un papel moi importante a incorporación das TIC na educación, proporcionando diversos recursos materiais que ofrecen a posibilidade de deseñar as súas clases de forma personalizada e axustándose ás necesidades de cada momento:

-Vídeo-DVD

-TV

-Radiocasete/ reprodutor CD

-Cámara de vídeo – Gravadora audio

-Ordenadores (PC, portátiles ...)

-Pantalla Dixital Interactiva

-Conexión a Internet (WiFi, outros...)

Mais alén dos recursos materiais e espaciais, non podemos deixar de mencionar os procesos cognitivos que interveñen coas fases de aprendizaxe do alumnado.



Estes procedementos que fan posible a incorporación dos coñecementos que se queren transmitir ós alumnos son moi complexos. Desde a atención necesaria para prepararse para recibir a información ata a memorización que permita o acceso a esta información cando sexa necesario, coa participación, entre outros, dos seguintes procesos:

- Acceso
- Identificación
- Entendemento
- Reprodución
- Reflexión
- Conexión
- Síntese
- Creación.

8.METODOLOXÍA.

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ó alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ó que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona diferentes actividades que contribúen ó desenvolvemento das competencias clave.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.



Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso o noso proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. No noso proxecto existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento. Estas actividades non aparecen no Class Book. Están explicadas no Teacher's Guide e poden ser de grande utilidade para o quefacer diario do profesor.

A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. No noso proxecto, o alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ó nivel que mostra o alumno/a, debendo: iniciar o input da lingua, axudar ó individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. No noso proxecto enténdese que os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxanse ó finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrír as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe; no noso proxecto existe un Caderno de Avaliación con follas de avaliación fotocopiabíles para cada unidade, que permiten ó profesor anotar as observacións referentes ó progreso de cada alumno. Tal e como está concibido, o profesor pode adaptalo doadamente ás súas necesidades específicas.



A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. O noso proxecto toma en conta esta situación ó ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, a estes efectos, paradigmática). Por iso, as competencias clave poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cales as puidese adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cales o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

-Metodoloxía de All About Us.

A metodoloxía do noso proxecto desenvólvese como indicamos a continuación:

All About Us é un curso de seis niveis para estudantes de lingua inglesa de 1º a 6º de Educación Primaria.

No noso centro so se utilizan en 1º , 2º,3º e 5º de E. Primaria neste curso 2021-2022.

É un curso centrado no neno, que permite ó alumnado de tódolos niveis e capacidades aprender facendo, aprender xuntos e aprender uns dos outros. All About Us ofrece unha grande cantidade de vídeos, deseñados para traballar de forma independente e en combinación co resto de materiais, e que permiten a máxima participación do alumnado e a eficiencia da aula, con ou sen lousa interactiva.

O fío conceptual de All About Us baséase na vida real. En cada nivel do curso, os nenos seguen e comparten as experiencias e aprendizaxes dun alumno británico. Este enfoque supón un cambio importante, orienta totalmente a aprendizaxe cara á comunicación de nenos reais en situacións reais. Desta maneira, a presentación da linguaxe pode enfocarse en situacións da vida real e interacción social.

Preséntase un neno novo en cada nivel do curso, para reflectir as propias experiencias e intereses cambiantes da vida dos nenos nas diferentes idades. A medida que os alumnos



progresan a través dos niveis, poden compartir e comparar as súas experiencias e as súas vidas coas dos personaxes, acadando unha sensación verdadeira de crecer xuntos.

O curso baséase en situacións, cun evento na vida do neno como punto de partida de cada unidade, por exemplo, o primeiro día de volta á escola ou indo de picnic. A situación é presentada polo personaxe central a través dun vídeo, e mellorada por unha animación, con efectos de son, e o audio do vocabulario básico.

Despois, o personaxe central acompaña ós nenos mentres progresan a través de cada unidade, empregando máis vídeos para presentar historias, vídeos culturais de estilo documental e nos proxectos das unidades.

As historias tamén constitúen unha característica importante do curso. Non soamente proporcionan un contexto significativo para o idioma, senon que tamén permiten traballar valores específicos. Desta maneira, os nenos forman conexións importantes entre os valores que ven representados na historia e o seu propio desenvolvemento social.

All About Us baséase nunha metodoloxía sólida, baseada en asegurar o desenvolvemento das Competencias clave. Inclúe actividades de pensamento e actividades e desafío que requiren un desenvolvemento cognitivo e o traballo colaborativo. Baseándose no contido do curso no mundo real, as habilidades de pensamento crítico e autoavaliación tamén se desenvolven animando ós nenos a ter curiosidade e cuestionar o mundo que lles rodea, ó tempo que reflicten sobre as súas propias interaccións.

Ó centrarse nun día na vida dun neno británico, o contexto de cada unidade é abertamente cultural e tamén se enriquece con vídeos sobre a cultura británica, nas leccións específicas de Cultura. Invítase ós alumnos a explorar e reflectir sobre o mundo que se lles presenta, comparando a vida do personaxe coa súa.

A lección intercurricular está relacionada co tema da unidade, o que lles permite revisar continuamente e desenvolver a súa aprendizaxe do idioma. Facer ligazóns a outras áreas temáticas desta maneira amplía o significado e a perspectiva do que os nenos aprenderon e amplía os seus horizontes.

All About Us ofrece unha ampla variedade de actividades e materiais que recoñecen os estilos de aprendizaxe individuais e lle permiten atender habilidades mixtas dentro da aula. Anímase ós nenos a traballar segundo a súa propia capacidade, con recursos de reforzo e extensión, e probas a dous niveles de dificultade para proporcionar flexibilidade adicional.



9. TEMPORALIZACIÓN DE 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Esta programación levaráse a cabo durante o curso 2021-2022. Adaptarase ao horario da Lei de Educación ,a LOMCE , que este curso terá un horario de Lingua Inglesa de dúas sesións en 1º e 2º e de tres sesións de Inglés en 3º.

A presente programación de 1º de Educación Primaria, está planificada para ser levada a cabo durante todo o curso académico 2021-2022 nun período de 2 sesións semanais de cincuenta e cinco minutos. Utilizaremos el libro de texto ALL ABOUT US 1, con dous unidades por trimestre, tendo en conta as vacacións, datas de avaliación e festas,e traballaránse dúas unidades en cada trimestre dun total de seis,e a starter ao comezo do primeiro trimestre. Estes traballo se complementará con fichas e celebracións culturais dos países de fala inglesa. Realizárase este traballo por trimestre deste xeito sempre e cando o alumnado evolucione positivamente e segundo o ritmo de traballo do grupo-clase, ademais de xogos e doutras actividades diversas, e tendo en conta as vacacións e outras celebracións.

Distribución das unidades didácticas:

1º TRIMESTRE

Este 1º trimestre daremos tres unidades didácticas:

STARTER UNIT : All about me (Presentacións) .

UNIT 1: I love school.

UNIT 2: After school.

2º TRIMESTRE

Este trimestre daremos dúas unidades didácticas:

UNIT 3: A Winter walk.

UNIT 4: Time to tidy up!

3º TRIMESTRE

Este trimestre daremos dúas unidades didácticas:

UNIT 5: I take Harry to the vet.

UNIT 6: Let's go on a picnic.



Traballaremos tamén as seguintes festas:

1º TRIMESTRE

HALLOWEEN

CHRISTMAS

2º TRIMESTRE

CARNIVAL

3º TRIMESTRE

SPRING

Ao rematar cada unidade didáctica faremos unha proba de avaliación. As datas son aproximativas e flexibles. Traballaremos dous temas por trimestre agás o primeiro que tamén contén a Unidade Starter.

. PLANIFICACIÓN TEMPORAL DAS UNIDADES.

UNIDADE	Aprox. Nº Sesións	Aprox. Planificación do tempo (45 min por sesión)*	Notas e observacións
Starter - All about me	3	3-4 horas*	
1 I love school	10	10-12 horas*	
2 After school	10	10-12 horas*	
Review 1	3	2-3 horas*	
3 A winter walk	10	10-12 horas*	
4 Time to tidy up!	10	10-12 horas*	



Review 2	3	2-3 horas*	
5 I take Harry to the vet	10	10-12 horas*	
6 Let's go on a picnic	10	10-12 horas*	
Review 3	3	2-3 horas*	
Festivals	5	5-6 horas*	Halloween, Christmas and Easter
TOTAL	e.g aprox. 78	78-92 horas*	

Actividades extra programadas polo centro

*Cada centro terá que adaptar esta programación á situación e o horario propios.

AS SESIÓNS SON DE 45' CADA UNHA DE MANEIRA ORIENTATIVA. CADA PROFESOR ADAPTARÁ ESTE ASPECTO Ó SEU HORARIO E Ó NIVEL DA SÚA CLASE.

Trátase dunha planificación temporal adaptable ó perfil do grupo-clase pois pode ser empregada de maneira simultánea con alumnos/as que presenten dificultades na aprendizaxe de idiomas, así como con aqueles que posúan coñecementos un pouco máis avanzados. Así mesmo, é adaptable ós propios gustos e iniciativas do profesor/a e os alumnos/as, e a propia evolución do curso.

A seguinte táboa mostra a nomenclatura dos diferentes elementos que interveñen na planificación temporal das unidades.



HABILIDADES		CCBB		INTERACCIÓN		RECURSOS		PROCESOS COGNITIVOS		ESCENARIOS
C E	Comprensión escrita	CL	Comunicación lingüística	P A	Profesor – alumno	AB	Activity Book	ACC	Acceso	Laboratorio de idiomas
C O	Comprensión oral	CM CT	Matemática, científica e tecnolóxica	TI	Traballo individual	CB	Class Book	IDE	Identificación	Sala de informática
E E	Expresión escrita	CD	Competencia dixital	T G	Traballo en grupo	TG	Teacher's Guide	COMP	Entendemento	Aula taller
E O	Expresión oral	AA	Aprender a aprender	T P	Traballo en parellas	TR CD - RO M	Teacher's Resource CD-ROM	REP	Reproducción	Aula virtual
I O	Interacción oral	SC	Sociais e cívicas			TR P	Teacher's Resource Pack	REF	Reflexión	Biblioteca
T D	Todas destrezas	SIE E	Sentido da iniciativa e espírito emprendedor			iPa ck	Interactive materials	CONX	Conexión	Salón de actos
		CE C	Conciencia e expresión					SIN T	Síntese	Ximnasio



			ns culturais							
								CR EA	Creación	Patio
								ME M	Memoriz ación	

Starter Unit - All about me

Unidad Starter - Sesión 1 (45') - Lección 1				
Obxectivos	Actividades	CCBB	Indicadores	Recursos
Presentar o tema da unidade e os seus obxectivos.	Rutinas para comezar a lección (Hello song, Weather song...)	SC	SC1. Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.	TG p.50 Flashcards iPack CB p.2 CD1 (2-3-4)
Presentao ós personaxes do curso e o vocabulario dos membros da familia: brother, dad, family, mum, sister	Visualización dun vídeo no que se presenta ao personaxe principal do curso e a súa familia. (Opcional) Presentación do vocabulario coas flashcards ou iPack. Escoita e repetición do vocabulario.	CL	CL1.3. Capta a idea global en textos orais e identifica algúns detalles específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.	
Practicar o vocabulario mediante un chant.	Escoita e baile dun chant co vocabulario aprendido.	CL	CL2.2. Recita tonadillas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. coa entoación e pronuncia axeitadas.	
Practicar o vocabulario mediante unha canción.	Escoita e baile dunha canción co vocabulario aprendido.	CL	CL2.2. Recita tonadillas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. coa entoación e pronuncia axeitadas.	



Afianzar o vocabulario aprendido.	Práctica do xogo de vocabulario e gramática no i-Pack.	CD	CD1. Utiliza o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira.	
Interactuar persoalmente co tema da unidade, utilizando a linguaxe da lección.	Resposta individual á pregunta sobre o tema da unidade (What's your name?).	CL	CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.	
Consolidar o vocabulario	Activity Book: Lectura e trazado da palabra correspondente a cada imaxe. Debuxo da súa cara e escrita do seu nome.	AA	AA2. Usa estratexias básicas de comprensión como captar a idea global en textos orais coa axuda dos elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.	AB p. 2 Teacher's Resource Material
Ampliar o contido da unidade.	Actividades de reforzo: Lesson 1 Reinforcement worksheet Actividades de ampliación: Complexión da actividade Extra do AB: debuxar á súa familia. Lesson 1 Extension worksheet	SIEE	SIEE2. Identifica aspectos persoais que lle axudan a aprender mellor.	



Unidad Starter - Sesión 2 (45') - Lección 2				
Obxectivos	Actividades	CCBB	Indicadores	Recursos
Iniciar a lección.	Rutinas para iniciar a lección.	SC	SC1. Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.	TG p.51 Flashcards iPack CB p.3 CD1 (6-7-8)
Recordar a lección anterior.	Visualización de novo do vídeo da lección 1. (Opcional) Presentación do vocabulario coas flashcards ou iPack.	CL	CL1.3. Capta a idea global en textos orais e identifica algúns detalles específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.	
Presentar os números do 1 ao 10.	Escoita e repetición do vocabulario.	CMCT	CMCT1. Conta números ata o 10.	
Practicar o vocabulario mediante un chant.	Escoita e baile dun chant co vocabulario aprendido. Escoita e identificación da idade dos personaxes.	CL	CL2.2. Recita tonadillas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. coa entoación e pronuncia axeitadas.	
Interactuar persoalmente co tema da unidade, utilizando a linguaxe da lección.	Resposta individual á pregunta (How old are you?).	CL	CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.	



Consolidar o vocabulario	<p>Activity Book:</p> <p>Relación e trazado da palabra correspondente a cada imaxe.</p> <p>Coloreado do pastel co número da súa idade.</p> <p>Debuxo do pastel de aniversario do personaxe.</p>	AA	AA2. Usa estratexias básicas de comprensión como captar a idea global en textos orais coa axuda dos elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.	AB p. 3 Teacher's Resource Material
Ampliar o contido da unidade.	<p>Actividades de reforzo:</p> <p>Lesson 2 Reinforcement worksheet</p> <p>Actividades de ampliación:</p> <p>Complexión da actividade Extra do AB: dicir os números do 10 ao 1.</p> <p>Lesson 2 Extension worksheet</p>	SIEE	SIEE2. Identifica aspectos persoais que lle axudan a aprender mellor.	



Unidad Starter - Sesión 3 (45') - Lección 3				
Obxectivos	Actividades	CCBB	Indicadores	Recursos
Iniciar a lección.	Rutinas para iniciar a lección.	SC	SC1. Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.	TG p.52 Flashcards iPack CB p.4 CD1 (9-10-11)
Recordar a lección anterior.	Audición da canción da lección anterior. (Opcional) Presentación do vocabulario coas flashcards ou iPack.	CL	CL1.3. Capta a idea global en textos orais e identifica algúns detalles específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.	
Presentar o tempo atmosférico: cloudy, cold, rainy, snowy, sunny, windy	Escoita e repetición do vocabulario.	AA	AA2. Usa estratexias básicas de comprensión como captar a idea global en textos orais coa axuda dos elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.	
Practicar o vocabulario mediante unha canción.	Escoita e baile dunha canción co vocabulario aprendido. Escoita e numeración das imaxes.	CL	CL2.2. Recita tonadillas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. coa entoación e pronuncia axeitadas.	
Consolidar o vocabulario	Activity Book: Relación e trazado da pregunta	AA	AA2. Usa estratexias básicas de comprensión como	AB p. 4 CD1 (10)



	<p>correspondente a cada imaxe.</p> <p>Debuxo do tempo que vai hoxe.</p>		<p>captar a idea global en textos orais coa axuda dos elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.</p>	Teacher's Resource Material
<p>Ampliar o contido da unidade.</p>	<p>Actividades de reforzo:</p> <p>Lesson 3 Reinforcement worksheet</p> <p>Actividades de ampliación:</p> <p>Compleción da actividade Extra do AB: cantar en parellas.</p> <p>Lesson 3 Extension worksheet</p>	<p>SIEE</p>	<p>SIEE2. Identifica aspectos persoais que lle axudan a aprender mellor.</p>	



Unidad Starter - Sesión 4 (45') - Lección 4				
Obxectivos	Actividades	CCBB	Indicadores	Recursos
Iniciar a lección.	Rutinas para iniciar a lección.	SC	SC1. Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.	TG p.53 Flashcards iPack CB p.5 CD1 (12-13-14)
Recordar a lección anterior.	Audición da canción da lección anterior. (Opcional) Presentación do vocabulario coas flashcards ou iPack.	CL	CL1.3. Capta a idea global en textos orais e identifica algúns detalles específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.	
Presentar as cores: blue, brown, green, orange, pink, purple, red, yellow.	Escoita e repetición do vocabulario.	AA	AA2. Usa estratexias básicas de comprensión como captar a idea global en textos orais coa axuda dos elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.	
Practicar o vocabulario mediante unha canción.	Escoita e baile dunha canción co vocabulario aprendido. Escoita e coloreado das imaxes.	CL	CL2.2. Recita tonadillas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. coa entoación e pronuncia axeitadas.	
Consolidar o vocabulario	Activity Book: Trazado do vocabulario	AA	AA2. Usa estratexias básicas de comprensión como	AB p. 5



	Coloreado da imaxe.		captar a idea global en textos orais coa axuda dos elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.	Teacher's Resource Material
Ampliar o contido da unidade.	Actividades de reforzo: Lesson 4 Reinforcement worksheet Actividades de ampliación: Compleción da actividade Extra do AB: debuxar e colorear ós seus amigos. Lesson 4 Extension worksheet	SIEE	SIEE2. Identifica aspectos persoais que lle axudan a aprender mellor.	



Unit 1 - I love school

Unidad 1 - Sesión 1 (45') - Lección 1: Vocabulary				
Obxectivos	Actividades	CCBB	Indicadores	Recursos
Presentar o tema da unidade e os seus obxectivos.	<p>Presentación dos obxectivos da unidade.</p> <p>Rutinas para comezar a lección (Hello song, Weather song...)</p>	SC	SC1. Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.	<p>TG p.55</p> <p>Flashcards</p> <p>iPack</p> <p>CB p.6</p> <p>CD1 (15-16)</p>
Presentar e practicar o primeiro bloque de vocabulario: obxectos da aula (bag, book, crayons, pencil, pencil case, rubber, scissors, stickers).	<p>Visualización dun vídeo no que se presenta o vocabulario contextualizado no mundo real do personaxe principal do curso.</p> <p>Presentación de vocabulario co Panorama animation no iPack.</p> <p>(Opcional) Presentación do vocabulario coas flashcards ou iPack.</p> <p>Escoita e repetición do vocabulario.</p>	CL	CL1.3. Capta a idea global en textos orais e identifica algúns detalles específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.	
Practicar o vocabulario mediante un chant.	Escoita e baile dun chant co vocabulario aprendido.	CL	CL2.2. Recita tonadillas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. coa entoación e pronuncia axeitadas.	



Practicar o vocabulario mediante un xogo.	Xogo opcional. Ver Teacher's Guide.	SC	SC1. Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.	
Desenvolver a comunicación e a expresión oral.	Reflexión en grupo sobre a pregunta formulada en Star learner: What posters can you see?	SC	SC2. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación coas outras persoas.	
Consolidar o vocabulario	Activity Book: Lectura e identificación da palabra correspondente a cada imaxe.	AA	AA2. Usa estratexias básicas de comprensión como captar a idea global en textos orais coa axuda dos elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.	AB p. 6 Teacher's Resource Material
Ampliar o contido da unidade.	Actividades de ampliación: Compleción da actividade Extra do AB: escritura de palabras. Lesson 1 Extra vocabulary worksheet da unidade	SIEE	SIEE2. Identifica aspectos persoais que lle axudan a aprender mellor.	



Unidad 1 - Sesión 2 (45') - Lección 2: Song & Grammar				
Obxectivos	Actividades	CCBB	Indicadores	Recursos
Iniciar a lección.	Rutinas para iniciar a lección. Xogo opcional. Ver Teacher's Guide.	SC	SC1. Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.	TG p.56 CB p.7 CD1 (17-18) iPack
Repasar o vocabulario da lección anterior e presentar unha estrutura gramatical nova mediante unha canción: I've got...	Visualización dun vídeo coa canción da unidade, animada con accións. Escoita e aprendizaxe da canción e as accións. Pegado dos adhesivos nas imaxes. Escoita e identificación das imaxes.	CL	CL1.3. Capta a idea global en textos orais e identifica algúns detalles específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.	
Practicar o vocabulario mediante un xogo.	Participación nun xogo de adiviñar en que palabra pensa o profesor.	SC	SC1. Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.	
Interactuar persoalmente co tema da unidade, utilizando a	Resposta individual á pregunta formulada sobre o tema da unidade (What colour is your bag?).	CL	CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións	



linguaxe da lección.			de comunicación predicibles.	
Afianzar a estrutura gramatical.	Práctica do xogo de vocabulario e gramática no iPack.	CD	CD1. Utiliza o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira.	
Consolidar o uso da estrutura gramatical.	Activity Book: Trazado da palabra correcta en cada oración. Trazado da estrutura gramatical correcta en cada oración.	CL	CL5.1. Escribe palabras a partir de modelos e cunha finalidade específica.	AB p. 7 Teacher's Resource Material
Repasar e ampliar o contido da unidade.	Actividades de reforzo: Lesson 2 Reinforcement worksheet Song worksheet Actividades de ampliación: Compleción da actividade Extra do AB: Elaboración e presentación duns debuxos sobre o tema da unidade. Lesson 2 Extension worksheet	SIEE	SIEE2. Identifica aspectos persoais que lle axudan a aprender mellor.	



Unidad 1 - Sesión 3 (45') - Lección 3: Culture				
Obxectivos	Actividades	CCBB	Indicadores	Recursos
Iniciar a lección.	Rutinas para iniciar a lección. Repaso da canción da lección anterior.	SC	SC1. Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.	TG p.57 CB p.8 CD1 (19) iPack
Visionar un vídeo cultural para obter a información xeral. Prestar atención ó contido cultural.	Visionado dun vídeo sobre os xogos de patio no Reino Unido e resposta a unha pregunta de comprensión. Escoita e relación do vocabulario coas imaxes.	CL	CL1.3. Capta a idea global en textos orais e identifica algúns detalles específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.	
Desenvolver a creatividade e habilidades de pensamento.	Observación e compleción do debuxo.	CEC	CEC2. Realiza composicións plásticas sinxelas.	
Comparar aspectos doutras culturas coa súa propia.	Intercambio oral en grupo comparando as súas respostas á pregunta: What's your favourite game?	CEC	CEC1. Recoñece algunhas manifestacións culturais presentes no mundo anglosaxón.	
Consolidar o aprendido na lección.	Activity Book: Lectura e relación coas imaxes. Compleción dun diálogo breve e	AA	AA2. Usa estratexias básicas de comprensión como captar a idea global en textos orais coa axuda dos elementos lingüísticos e	AB p. 8



	práctica oral do diálogo en parellas.		non lingüísticos do contexto.	Teacher's Resource Material
Repasar e ampliar o contido da unidade.	Actividades de reforzo: Culture worksheet. Actividades de ampliación: Compleción da actividade Extra do AB para a práctica oral.	SIEE	SIEE2. Identifica aspectos persoais que lle axudan a aprender mellor.	



Unidad 1 - Sesión 4 (45') - Lección 4: Cross-curricular				
Obxectivos	Actividades	CCBB	Indicadores	Recursos
Iniciar a lección.	Rutinas para iniciar a lección.	SC	SC1. Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.	TG p.58 CB p.9 CD1 (20-21) iPack
Presentar un novo lote de vocabulario relacionado co contido intercurricular: Listen, please! Put up your hands, please! Be nice, please! Tidy up your tables, please! Establecer relacións con outras áreas do currículo (Ciencias sociais: as regras da aula).	Visionado dunha presentación interactiva de imaxes.	SC	SC2. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación coas outras persoas.	
Repasar o vocabulario intercurricular mediante unha canción.	Visualización dun vídeo coa canción intercurricular. Escoita e aprendizaxe da canción. Escoita, identificación das imaxes e	CL	CL1.3. Capta a idea global en textos orais e identifica algúns detalles específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.	



Desenvolver habilidades de pensamento.	repetición das palabras. Relación das imaxes.			
Desenvolver a comunicación e a expresión oral.	Reflexión en grupo sobre a pregunta formulada en Star learner: Can you say the classroom rules?	SC	SC2. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación coas outras persoas.	
Consolidar e aplicar o aprendido na lección.	Activity Book: Escoita de novo e práctica da canción intercurricular. Relación de cada norma coas imaxes. Lectura e valoración das normas expresadas nas oracións.	AA	AA2. Usa estratexias básicas de comprensión como captar a idea global en textos orais coa axuda dos elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.	AB p. 9
Ampliar o contido da unidade.	Actividades de ampliación: Compleción da actividade Extra do AB para a práctica escrita.	SIEE	SIEE2. Identifica aspectos persoais que lle axudan a aprender mellor.	



Unidad 1 - Sesión 5 (45') - Lección 5: Story				
Obxectivos	Actividades	CCBB	Indicadores	Recursos
Iniciar a lección.	Xogo opcional. Ver Teacher's Guide. Rutinas para iniciar a lección.	SC	SC1. Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.	TG p.59 iPack CB pp.10-11 CD1 (22)
11.11. Rúbrica de avaliación de contidos

Inclúese un modelo denominado Rúbrica de Avaliación de contidos xeral que nos permite avaliar o nivel que adquiriu o alumno, ademais dunha táboa de consulta cos distintos niveis de adquisición para cada un dos estándares de aprendizaxe de cada bloque lingüístico.

Elementos de avaliación

Existe unha relación entre os distintos elementos do currículo que interveñen no proceso de avaliación: criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave e indicadores. Na seguinte táboa recolleemos estes elementos organizándoos en catro bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos.

ELEMENTOS DE AVALIACIÓN:

Bloque 1. Comprensión de textos orais

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que	PLEB1.1. Comprende a información esencial de contos, rimas ou cancións moi breve e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronunciación ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que	CL	CL1.3. Capta a idea global en textos orais e identifica algúns detalles específicos coa axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
<p>non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.</p>	<p>axuden á comprensión.</p>		<p>CL1.4. Recoñece aspectos sonoros, de ritmo, acentuación e entoación de expresións que aparecen nos contextos comunicativos habituais.</p>
<p>B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ó comportamento na aula.</p>	<p>PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.</p>	<p>CL</p>	<p>CL1.1. Identifica palabras, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese.</p>
<p>B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais moi evidentes e en situacións de comunicación moi familiares.</p>	<p>PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.</p>	<p>CL AA</p>	<p>CL1.2. Identifica frases sinxelas, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese.</p> <p>AA2. Usa estratexias básicas de comprensión como captar a idea global en textos orais coa axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.</p>

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.	PLEB1.4. Segue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentarse, dar un lapis...).	CL	CL1.3. Capta a idea global en textos orais e identifica algúns detalles específicos coa axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
B2.1. Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos ofrecendo información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.	PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronunciación e entoación comprensibles.	CL	CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación facilmente predicibles.
B2.2. Participar de maneira simple e comprensible en conversacións que requiran un	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversacións moi sinxelas e elementais	CL	CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de



Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronunciación non sexa moi clara e poida provocar malos entendidos.	(nome, idade, cores favoritas ou gustos). PLEB2.3. Mostra unha actitude de escoita atenta.		comunicación facilmente predicibles. CL SC CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación facilmente predicibles. SC2. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas.
B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p. e., cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.	CL SC	CL2.1. Canta unha canción usando de forma adecuada os elementos lingüísticos e paralingüísticos apropiados. CL2.2. Recita tonadillas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. coa entoación e pronunciación adecuadas. SC1. Participa e goza en xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
			cos compañeiros e compañeiras.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.	CL	CL4.1. Le palabras presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares e de interese. CL4.2. Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares de interese.
B3.2. Utilizar as estratexias básicas de hipóteses para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto.	PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica as personaxes principais.	CL	CL4.2. Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares de interese.
B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e	PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do	CL AA	CL4.2. Le frases sinxelas presentadas previamente de forma

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
intencións comunicativas elementais relacionados coas convencións ortográficas máis básicas que expresan pausas e exclamacións.	título do mesmo e das imaxes que o ilustran.		oral sobre temas familiares de interese. AA1. Usa estratexias básicas para aprender a aprender, como utilizar dicionarios visuais.
B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, mostrando unha entoación e pronunciación adecuadas.	PLEB3.4. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronunciación comprensibles e, se fose necesario, rectificando espontaneamente.	CL AA	CL4.2. Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares de interese. AA1. Usa estratexias básicas para aprender a aprender, como utilizar dicionarios visuais.

Bloque 4. Producción de textos escritos.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de	PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.	CL	CL5.1. Escribe palabras a partir de modelos e cunha finalidade específica.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.			
B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos moi sinxelos e elementais.	PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.	CL	CL5.2. Escribe frases a partir de modelos e cunha finalidade específica.
B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras e frases curtas que utiliza normalmente ó falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.	PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.	CL	CL5.2. Escribe frases a partir de modelos e cunha finalidade específica.
	PLEB4.4. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da	CL AA	CL5.2. Escribe frases a partir de modelos e cunha finalidade específica. AA1. Usa estratexias básicas para aprender

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
	ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.		a aprender, como utilizar dicionarios visuais.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
B5.1. O seu uso comunicativo.	PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas...) e os compara cos propios, mostrando unha actitude de apertura cara ó diferente.	SC	SC2. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas.
B5.2. Iniciar e terminar as interaccións adecuadamente.	PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.	CL SC	CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación facilmente predicibles. SC2. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
<p>B5.3. Obter e dar información básica persoal, sobre a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.</p>	<p>PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades da aula e mostra curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.</p>	<p>CL SIEE</p>	<p>CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación facilmente predicibles.</p> <p>SIEE1. Mostra interese e curiosidade por aprender a lingua estranxeira.</p>
<p>B5.4. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas ó tamaño, cantidade, posesión, número, calidades físicas, forma e cor.</p>	<p>PLEB5.4. Diferencia saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me).</p>	<p>CL SC</p>	<p>CL1.2. Identifica frases sinxelas, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese.</p> <p>SC2. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas.</p>
<p>B5.5. Expresar e identificar estados de ánimo básicos.</p>	<p>PLEB5.5. Pregunta e responde de modo comprensible sobre aspectos persoais moi básicos (nome, idade e gustos) e da súa contorna (obxectos, espazos e seres vivos).</p>	<p>CL</p>	<p>CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación facilmente predicibles.</p>
<p>B5.6. Comprender e expresar o permiso, o acordo.</p>	<p>PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad...).</p>	<p>CL</p>	<p>CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en</p>

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
			situacións de comunicación facilmente predicibles.
B5.7. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	PLEB5.7. Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you cant/can't), ou o acordo (That's right).	CL	CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación facilmente predicibles.
B5.8. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.	PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.	CL	CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación facilmente predicibles.
B5.9. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. ex., enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores elementais coma "e"/"ou").	PLEB5.9. Diferencia preguntas e respostas moi simples.	CL	CL1.2. Identifica frases sinxelas, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese.
B5.10. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de	PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo,	CL	CL1.4. Recoñece aspectos sonoros, de ritmo, acentuación e entoación de expresións que aparecen nos

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.	desenvolverse nas interaccións da aula.		contextos comunicativos habituais.
B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.	PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, etc.	CL SC	CL2.3. Participa en representacións sinxelas. SC1. Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.
B5.12. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia relativo ás situacións cotiás e temas habituais, moi familiares e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.	PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións da aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir co léxico traballado previamente.	CL SC	CL1.1. Identifica palabras, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese. CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación facilmente predicibles. CL4.2. Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares de interese. CL5.1. Escribe palabras a partir de

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores
		<p>modelos e cunha finalidade específica.</p> <p>SC1. Participa e goza en xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.</p>

11.12.Procedementos para avaliar a propia programación.

Avaliación da práctica docente.

Os mestres avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que incluimos a continuación un modelo cos indicadores de logro e os elementos a avaliar.

Esta programación revisarase anualmente baseándose nas conclusións obtidas durante as reunións de ciclo que se realizan unha vez ao mes durante o curso, e das reunións de avaliación . Nestas xuntanzas faranse propostas de mellora. Teranse en conta as valoracións dos resultados obtidos, porcentaxes de alumnado que supera os contidos da materia, niveis de competencia acadados, consecución de obxectivos por grupos...., así como tamén as medidas tomadas no seu momento para solucionar os diversos problemas que puntualmente puideran xurdir.

Avaliación da Programación.

Observacións-Decisións

Adaptabilidade e consecución dos obxectivos		
Enfoque metodolóxico		
Criterios e instrumentos de avaliación		

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Non todos os alumnos teñen as mesmas capacidades nin teñen a mesma motivación ou ritmo de aprendizaxe. Por iso presentaremos unha gran variedade de actividades. Estas actividades atéñense a criterios didácticos que contemplan o grao de dificultade e o tipo de aplicación que se pode facer das mesmas. Con este fin, inclúense actividades de motivación, actitudes previas, diagnóstico de coñecemento, de ampliación, de esforzo e de avaliación.

A intervención educativa terá en conta ós alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade física, sensorial, sobredotación ou que necesite axudas técnicas e linguaxes alternativas, seguiranse as directrices que marque o Plan de Atención á Diversidade do Centro.

Todo o que se faga nesta materia será de acordo co diagnóstico psicopedagóxico en estreita relación co Departamento de Orientación do Centro e en sintonía cos profesores compañeiros de Pedagogía Terapéutica.

A diversidade derivada do interese dos alumnos atenderase a través dunha metodoloxía plural para que cada alumno aprenda de acordo coa súa situación persoal. Na programación tense en conta unha serie de aspectos que permiten individualizar o máis posible o proceso de ensino- aprendizaxe.

Para iso adóptanse as seguintes medidas:

- a) Distinguir entre contidos prioritarios, complementarios e de ampliación elixíndose en cada caso máis apropiado.
- b) Propoñer variedade de actividades para un mesmo contido, non todos os alumnos realizaran as mesmas actividades.
- c) Utilizar metodoloxías diversas.
- d) Empregar materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade.
- e) Favorecer agrupamentos en clase que posibiliten a interacción; agrupamentos flexibles e grupos distintos.
- f) Graduar as diversas aproximacións que poden darse a un mesmo criterio de avaliación.

Ademais da diversidade obvia entre cada un dos nosos /as alumnos/ as temos que atender as necesidades que surxan ao longo do curso. Todos eles debidamente atendidos polo correspondente Equipo de Orientación e a súa propia titora e dúas coidadoras, que velan para que se lles ofrezca unha

educación de calidade e atenda as súas necesidades e características individuais.

Terase en conta a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de interese e capacidades do alumnado:

-ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA): Os contidos nucleares da unidade didáctica ou traballos preséntanse de xeito máis pautado, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos e alumnas.

-PLANS INDIVIDUAIS: dirixidos a alumnos/as que requiren, (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación), con fichas de reforzo e / ou ampliación.

-ACTIVIDADES MULTINIVEL: que os alumnos e alumnas atopan, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións.

16. POSIBLES ESCENARIOS EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA:

ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E / OU NON PRESENCIAL.

En canto aos diferentes escenarios de ensinanza aprendizaxe neste ano tan atípico, contémplanse tres supostos:

-Ensinanza presencial: desenvolveríase de maneira relativamente normal. Afectaría a actividades de rotación e traballo en grupo, que mentres dure esta situación sanitaria, non se poderían realizar e se adaptaron para facelas evitando contactos entre alumnos/as e movementos na aula.

-Ensinanza non presencial: mediante a aula virtual. Maioritariamente a mestra realizará vídeos coas explicacións, nas que o alumnado poderá ver á mestra, as fichas, o libro de contos e outros materiais na pantalla, de maneira que podan acceder a diferentes audios tanto da mestra como de outras fontes para traballar a parte oral da lingua inglesa. Tamén realizaranse debuxos e traballos con letra escrita, tanto en formato dixital como por escrito ao seu nivel, ademais de mandar audios para traballar a súa pronunciación. En caso de alumnado sen conectividade, procederase ao envío de material por outros sistemas como o correo electrónico , Whatsapps, etc...

Este alumnado pola súa idade precisará a axuda dun adulto para este tipo de ensinanza.

-Ensinanza semipresencial: alternarase o ensino presencial co ensino a partir da aula virtual. Este alumnado a estas idades precisará tamén a axuda dun adulto para este tipo de ensinanza e para a realización ds actividades propostas.

13. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.

OS CONTIDOS TRANSVERSAIS.

O currículo oficial recoñece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Por iso, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das áreas, o atravesan ou o impregnan. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas comúns ou transversais. A LOE, no seu artigo 19.2, de principios pedagóxicos, determina que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores se traballaran en todas as áreas.

Este documento amosa a integración das ensinanzas transversais nos obxectivos, nas competencias, nos diferentes bloques de contidos e nos criterios de avaliación, que se poderían plasmar na área de inglés desta maneira, tendo en conta a nova lei LOMCE:

-EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

-Amosar actitudes de solidariedade, colaboración e axuda á hora de realizar actividades de grupo .

-Aceptar as limitacións propias e respectar as dos demais.

- Valorar o noso patrimonio musical, como parte do patrimonio cultural e artístico de Galicia.

-EDUCACIÓN PARA A PAZ

-Partir do diálogo como principio para resolver os conflitos.

-Aprender a non impoñer as nosas propostas fronte ás dos demais.

-Tentar ofrecer a nosa propia experiencia como forma de axuda a dos demais, principalmente na realización de actividades en grupo.

-EDUCACIÓN AMBIENTAL E PARA A SAUDE

-Coidar a hixiene do aparato vocal mediante o control da voz, a respiración, a articulación..., para poder cantar e falar correctamente.

-Desenvolvemento de actitudes críticas sobre a contaminación acústica e os posibles prexuízos que esta produce na nosa saúde.

-Valorar e procurar o silencio como condición necesaria para o desenvolvemento das experiencias musicais.

-EDUCACIÓN PARA O CONSUMO RESPONSABLE.

-Ser quen de ensinar ao noso alumnado a necesidade de actuar con responsabilidade diante da cantidade de produtos que o mercado ofrece, evitando a influencia perniciosa da publicidade.

-CULTURA DA NOSA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

-Usar a música como medio ideal para coñecer as manifestacións culturais de Galicia, e a partir de aquí as doutras Comunidades Españolas, Europeas e Universais.

14.CONTRIBUCIÓN DA ÁREA A:

14.1.Proxecto lector

Decidiuse que o tempo de lectura se fará no momento da xornada escolar que o titor considere máis axeitado. Na clase de inglés, tamén adicaremos as especialistas un tempo á lectura de contos, contos da biblioteca do centro, do libro de texto, revistas, cómics, etc... neste idioma nas sesións de Inglés.

14.2. Plan TIC.

PLAN DE INTEGRACION DAS TICS.

Tamén realizaremos actividades relacionadas coas Novas Tecnoloxías, utilizando distintos CD´s de xogos en Inglés, os xogos propios do libro dixital de All About Us 1 no encerado dixital, e escoitaremos diversos contos relacionados co método da aula, así coma outros contos tradicionais en Inglés e contos ingleses, os "Nursery Rhymes" e máis cancións tradicionais inglesas.

Os nenos/as traballarán individualmente dun en un no manexo do ordenador da aula e na pantalla dixital, durante períodos de non máis de 5 minutos, mentres o resto do grupo mira e axuda a solucionar as actividades.

-14.3 Plan de Convivencia.

Accións de contribución ao plan de convivencia

Tal como se está a plantexar no Plan de Convivencia as accións son:

Actuacións preventivas.

Actividades que favorezan a relación de familia e centro.

Actividades de sensibilización fronte o acoso.

Actividades para a integración e participación do alumnado.

Actuacións do profesorado titor para a integración do alumnado de ingreso

Actividades de sensibilización da comunidade educativa en igualdade homes e mulleres.

Actuacións conxuntas de órganos de goberno, de coordinación docente entre distintos equipos docentes e a orientadora.

Actuacións específicas para a prevención da violencia sexista, racista ou outro tipo

Todas estas accións son desenvolvidas mediante a asistencia á charlas, participación en diferentes concursos de coeducación....

Ademais na aula:

-Amosar actitudes de solidariedade, colaboración e axuda á hora de realizar actividades de grupo .

-Aceptar as limitacións propias e respectar as dos demais.

-Valorar o noso patrimonio musical, como parte do patrimonio cultural e artístico de Galicia e de países de fala Inglesa.

14.4.Proxecto Lingüístico.

A participación activa nas actividades propostas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega para desenvolver o Plan de Fomento do uso do galego neste curso son:

-Recollida e selección de material en galego para o alumnado inmigrante do centro.

-Dende a área de lingua Inglesa participaremos e cooperaremos participando nas actividades propostas que se propoñan desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

15. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

Participarase en tódalas actividades que se recollan no Proxecto Educativo a nivel de centro e a maiores na área de Lingua Estranxeira (Inglés) realizaranse as actividades seguintes:

- Halloween.
- Christmas
- Carnival
- Easter
- Participación en datas sinaladas colaborando con actividades organizadas por outros se a situación da Covid-19 o permite.

16. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS.

a) Reunión dos mestres/as titores cos pais e as nais do alumnado do seu curso antes do 30 de novembro para informalos sobre os seguintes aspectos: funcionamento e organización da aula e do centro, necesidade de materiais, programación xeral do curso, procedementos e criterios de avaliación, horarios, profesorado, funcionamento dos diversos plans e proxectos educativos cos que conta o centro, funcionamento da ANPA, procedementos de comunicación a utilizar entre o centro e as familias, dereitos e deberes do alumnado e das familias no cumprimento das súas respectivas responsabilidades. Para esta charla utilizarase como guión unha circular informativa elaborada polo equipo directivo e que se repartirá a todas as familias do alumnado do centro.

b) Fixar anualmente no plan anual de centro o día da semana e a hora de titoría coas familias.

c) Manter reunións cos pais e as nais, polo menos unha ao trimestre, para informar sobre os resultados e marcha académica dos seus fillos/ás.

d) Celebrar entrevistas periodicamente coas familias do alumnado que presente un baixo rendemento ou problemas de comportamento, co fin de paliar estes dentro do posible.

- e) Facer partícipes ás familias dos traballos escolares significativos que vaia realizando o alumnado e dos resultados neles obtidos para a súa supervisión e seguimento.
- f) Favorecer a participación dos pais na vida do centro, facilitándolles información dos diversos temas, así como os medios e o asesoramento precisos para unha execución máis eficaz das súas competencias.
- g) Confeccionar e emitir con carácter periódico circulares dirixidas ás familias nas que se oriente sobre a adquisición de determinados hábitos que permitan unha mellora na formación, socialización e desenvolvemento da autonomía persoal do alumnado: hábitos de traballo, hábitos lectores, hábitos de saúde e hixiene, hábitos de respecto e coidado do medio, comportamentos cidadáns, etc.
- h) Utilizar a Axenda Escolar como vehículo de Información Titorial que sirva de enlace e comunicación entre o centro e a familia.

Todo isto levarase a cabo en tódolos niveis. Na área de Linguas Inglesa as familias estarán continuamente informadas xa o que o alumnado levará a súas casa as actividades realizadas na aula, ademais dos exames e controis realizados. As mestras de Inglés estará en permanente contacto cos / cas titores/as e informaranlles das aprendizaxes e evolucións do alumnado e de outras informacións necesarias.

PROGRAMACIÓN DE INGLÉS DO 2º NIVEL

DE

EDUCACIÓN PRIMARIA

Mestra: M^a Esther Rodríguez Velasco.

C.E.I.P. CAMPOMAIOR-(Ordes).

Curso 2021-2022.

1-INTRODUCCIÓN.

XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

As vantaxes e oportunidades que nos ofrece a presente Lei de Educación (LOE), modificada pola Lei 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), as particularidades do currículo desenvolvido para a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, as esixencias e necesidades cada vez máis pluriculturais da nosa sociedade, xunto coas directrices establecidas polo Consello de Europa no Marco común europeo de referencia para as linguas, son claves significativas que quedan reflectidas no proxecto All About Us!.

Cunha clara vocación educativa e de aprendizaxe, onde os alumnos aprenden inglés a través de actividades motivadoras con carácter lúdico, que permiten de maneira inconsciente e natural a adquisición da lingua estranxeira, e que encerran o reto de potenciar a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento dunha lingua estranxeira, non só como unha materia máis, senón coma o descubrimento dun mundo externo do que todos formamos parte responsable, promóvese a interacción na clase para desenvolver unha actitude de alerta cara ás normas e ós valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para a etapa da Educación Primaria.

A finalidade do noso proxecto é, en primeiro lugar, conseguir que o alumnado adquira tódalas competencias marcadas pola LOMCE, centrándonos, como é lóxico, na competencia en comunicación lingüística, e facendo especial énfase nas competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Por outra banda, incorporar o conxunto de elementos transversais no proceso de aprendizaxe, recollidos tamén pola LOMCE. Como é de agardar, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC traballaranse intensamente ó longo de todo o proceso. Así mesmo terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos eidos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Este proxecto ten en conta cambios tan significativos e evidentes coma a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de executar unha tarefa, elementos que se converteron nunha prioridade e nun instrumento clave no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ó longo de toda a vida.

Neste proxecto, o profesorado deberá crear as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe, atendendo particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e á busca do desenvolvemento do talento de cada un deles. Así mesmo preparará e organizará o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo; coordinará accións, impulsando actitudes positivas cara ó idioma e á cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese do alumno cara ó novo e á creatividade, participando de maneira activa e reflexiva, e tratando os erros coma sinais de progreso. Pola súa parte, o alumnado debe participar de maneira activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo, como define a LOMCE, o centro e a razón de ser da educación.

A aprendizaxe dunha Lingua Estranxeira é considerada un elemento enriquecedor, tanto polas necesidades culturais dos nosos tempos como polo alto grao de compatibilidade dos procedementos involucrados na aprendizaxe do Inglés cós obxectivos propostos pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio.

A capacidade dos nenos para aprender idiomas é coñecida e aceptada pola maioría dos especialistas, ao que se engade a posibilidade de integrar ó ensino do Inglés na metodoloxía en xeral. Ao iniciar o estudo dunha Lingua Estranxeira a una idade temperá, pretendese que a adquisición da lingua se realice dun xeito lúdico e estimulante que prepare ó neno para o proceso continuado que abarcará a Educación Primaria e Secundaria na súa totalidade.

Así, a introdución temperá de Linguas Estranxeiras ou adicionais debe ser entendida en relación co contexto educativo en que ten lugar. Para o alumnado de Educación Primaria da Comunidade Autónoma de Galicia, o Inglés é a terceira lingua dentro do seu sistema de educación bilingüe.

A presente programación está baseada na ORDE do 23 de xullo de 2014 pola que se regula a implantación para o curso 2014/2015 dos cursos primeiro, terceiro e quinto de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o calendario de aplicación da Lei orgánica 8/2013, para a mellora da calidade educativa, LOMCE (Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa). Nesta programación os cursos a ter en conta para dita aplicación son primeiro e terceiro, xa que corresponde ao primeiro e segundo ciclo de

Educación Primaria. Con esta nova Lei, a Lingua Estranxeira no primeiro nivel do primeiro ciclo(primeiro) mantén as dúas sesións de Inglés semanais; pola contra, no primeiro nivel do segundo ciclo de Educación Primaria(terceiro), incrementa as súas sesións pasando a ter tres sesións semanais de Lingua Estranxeira.

1.2. As Competencias clave Integradas.

A sociedade actual, cada vez máis heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán competente, que saiba o que fai e o que di de maneira creativa e autónoma.

Desde a área de linguas estranxeiras, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interaccionan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continuo, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, será capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Cabe destacar o carácter combinado da aprendizaxe por competencias: o alumno, mediante o que sabe, debe demostrar que sabe aplicalo, pero ademais que sabe ser e estar. De esta maneira vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do alumno. En suma, estamos recoñecendo que a institución escolar non só prepara ó alumno no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respecto ós demais, responsabilidade e cooperación.

O noso proxecto recolle e integra os diferentes elementos curriculares - obxectivos, estándares de aprendizaxe e competencias- para a ensinanza da lingua estranxeira, así como criterios e indicadores de competencias para a avaliación da adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da materia.

2. CONTEXTUALIZACIÓN.

A presente programación que expoño a continuación, desenvólvese nun marco legislativo de transición entre a Lei Orgánica 1/ 1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, e a nova Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación, que de acordo có Real Decreto 806/ 2006, de 30 de

xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do Sistema Educativo establecida na LOE cambiado pola nova lei LOMCE.

Así mesmo, o referente inmediato desta programación será Proxecto Curricular de centro no cal inclúense Proxectos de Centro nos que participamos todos e cada un dos docentes motivando aos / as nenos/as de cara á lectura e as outras actividades.

En canto ao grupo de alumnos/as ao cal remítese esta programación, estaría formado por nenos e nenas de idades comprendidas entre os 6 e os 9 anos, agrupados en dúas unidades de cada nivel (1º, 2º, 3º) de Educación Primaria. Son nenos e nenas que xa recibiron ensinanza de Inglés en Educación Infantil.

O Ceip Campomaior é un centro que escolariza alumnos de Educación infantil e alumnos de Educación Primaria.

Está situado nun entorno semiurbano, na rúa Travesía de Campomaior s/n ,15680, e pertence ao concello de Ordes (A Coruña).O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio / medio-baixo, e nel predominan os pais/nais con estudos primarios. A maioría dos nenos/nenas son galego falantes.

O horario lectivo do centro é de luns a venres en xornada continua de 9:30 a 14:30.

A organización e funcionamento do centro axustarase ó disposto no D. 374/1996 e na O. do 22 xullo de 1997.

A distribución do alumnado é a seguinte:

Curso	Número de alumnado
2º A	25
2ºB	25

-2º de Educación Primaria: neste nivel hai dúas aulas con 25 nenos/as en 2ºA, e 25 nenos/ as en 2º B. Hai unha nena estranxeira e dous nenos de nova incorporación.

2.1. Características dos nenos/as de Educación Primaria.

Durante a Educación Primaria os nenos e as nenas progresan paulatinamente no seu desenvolvemento cognitivo e utilizan estratexias de organización e xestión das aprendizaxes máis elaboradas. Así organizan e amplían progresivamente os seus esquemas cognitivos e van formando una visión máis axustada da realidade.

Como consecuencia da súa rodaxe social, os nenos a as nenas van superando o pensamento centrado en si mesmos e dirixen a súa atención aos aspectos obxectivos da realidade; son capaces de entender os puntos de vista doutros e comezan a percibir a súa situación do medio. É moi importante propoñer actividades de grupo que facilitan a relación e inserción social. Tamén adquire una grande importancia o traballo dos contidos transversais e a educación en valores nas diversas áreas, co fin de potenciar a reflexión e a capacidade crítica, e a progresiva toma de posición persoal.

Neste proceso, é necesaria a presenza dun campo de experiencia amplo e rico en estímulos formativos, que teñen en conta a diversidade de capacidades, intereses e estilos cognitivos dos alumnos, e dun profesorado que guíe, medie e oriente, é fundamental.

3. DESEÑO CURRICULAR

3.1. LOMCE

As vantaxes e oportunidades que nos ofrece a presente Lei de Educación (LOE), modificada pola Lei 8/2013, de 9 de Decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), as esixencias e necesidades cada vez máis pluriculturales da nosa sociedade, xunto coas directrices establecidas polo Consello de Europa no Marco Común Europeo de referencia para as linguas, son tres claves significativas que quedan reflexadas no Proxecto do texto All About Us 1,2,3!

Cunha clara vocación educativa e de aprendizaxe onde os alumnado aprenden Inglés a través de actividades motivadoras con carácter lúdico que permita de forma inconsciente e natural a adquisición da lingua estranxeira, e que conteña o reto de potenciar a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento dunha lingua estranxeira non só como unha materia máis senón coma o descubrimento dun mundo externo do que formamos parte e que o alumnado adquira toda as competencias marcadas pola LOMCE centrándonos, como é lóxico, na competencia en comunicación lingüística e facendo fincapé nas competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e sentido da iniciativa e

espírito emprendedor. Por outra parte, incorporar o conxunto de elementos transversais, recollidos tamén na LOMCE, ó proceso de aprendizaxe.

Como era de esperar a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC, traballaranse intensamente ó longo de todo o proceso, pero tamén terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade afectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos ámbitos, co rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo o xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo o desenrolo sostible e o medio ambiente, os riscos no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenrolo do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Este proxecto ten en conta cambios como a globalización que esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira e o impacto das Novas Tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de realizar unha tarefa. Elementos que se converteron nunha ferramenta clave no proceso de aprendizaxe, non só nesta Etapa senón ó longo de toda a vida.

Deste xeito os mestres e mestras crearemos as condicións esenciais para que esa aprendizaxe se produza atendendo á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumn@ e a búsqueda do desenrolo do talento de cada un deles. Preparará e organizará o traballo, axudando no desenrolo do mesmo; coordinará accións; impulsando actitudes positivas cara o idioma e a cultura inglesa, captando e desenrolando o interese do alumn@ cara o novo e a creatividade, intervindo de forma activa e reflexiva, e tratando os erros coma signos de progreso.

Pola súa parte, o alumnado debe participar de forma activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo, como define a LOMCE, o centro e a razón de ser da educación.

3.2. Currículo

A definición de currículo que a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa recolle no seu artigo 6 é a seguinte: enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas.

O currículo estará integrado polos seguintes elementos:

a) Os obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa: referentes relativos ós logros que o alumno debe alcanzar ó finalizar o proceso educativo, como

resultado das experiencias de ensinanza-aprendizaxe intencionalmente planificadas con tal fin.

b) As competencias, ou capacidades para aplicar de maneira integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

c) Os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, estratexias, destrezas e actitudes que contribúen ó logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en materias, que se clasifican en disciplinas, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas nos que participe o alumnado.

d) A metodoloxía didáctica, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.

e) Os criterios de avaliación do grado de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa: referentes de avaliación que definen o que se quere valorar, o que o alumnado debe lograr, tanto en termos de conceptos como en procedementos ou actitudes. Responden directamente ó que se pretende lograr coa materia.

f) Os estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis: concrecións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados das aprendizaxes e concretan mediante accións o que o alumno debe saber, e saber facer, en cada materia. Deben permitir graduar o coñecemento ou logro alcanzado. Teñen que ser observables, medibles e avaliáveis, xa que contribúen e facilitan o deseño de probas estandarizadas e comparables.

3.3. Obxectivos

As esixencias e necesidades na sociedade do século XXI propiciaron axustes no eido escolar, preparando ós alumnos e alumnas para vivir nun mundo progresivamente máis internacional, multicultural e multilingüe ó tempo que tecnoloxicamente máis avanzado. O noso país atópase comprometido como membro da Unión Europea no fomento e coñecemento doutras linguas comunitarias, tal como se recolle nun dos obxectivos da Estratexia de Lisboa. Pola súa parte, o Consello de Europa no Marco de Referencia Común Europeo para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, establece directrices tanto para a aprendizaxe de linguas coma para a valoración da competencia nas diferentes linguas dun falante. Estas pautas foron un referente clave para a elaboración do currículo da área.

O currículo básico establece que a Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución práctica de conflitos, que lles permitan manexarse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e empregar de maneira axeitada a lingua castelá, a lingua cooficial da Comunidade Autónoma se a houbera, e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir polo menos nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e manexarse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, a Xeografía, a Historia e a Cultura, con especial atención ós relacionados e vinculados a Galicia.
- i) Iniciarse no emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Empregar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos demais, respectar as diferenzas e empregar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ó ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, ós prexuízos de calquera tipo e ós estereotipos sexistas.
- n) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia ás mulleres e homes que realizaron contribucións importantes á cultura e á sociedade galegas.

3.4. Competencias clave

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006, da UNESCO e da OCDE, entre outras, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias como complemento á aprendizaxe dos contidos. Na definición que a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo, atopámonos cos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe, entre os que se atopan as competencias clave. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, o que supón un importante cambio dirixido a aquilo que o alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo no relativo ás competencias clave, que se consideran prioritarias de cara ó desenvolvemento do alumnado.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo orientado á acción e baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que serán demostrados polos alumnos (é algo máis ca unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De maneira moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os coñecementos en acción, é dicir, mobilizar os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta de aquela na que se aprendeu), activar recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Hai un aspecto que debe destacarse: formar en competencias permite a aprendizaxe ó longo de toda a vida, facendo fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento.

A formación académica do alumno transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata nunca, polo que unha formación competencial dixital, por exemplo, permitirá acceder a este instrumento para obter a información que se precise en cada intre (obviamente, despois de analizarse a súa calidade). Se ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade tódolos contidos do currículo, está claro que o alumno deberá formarse nesta competencia, a de aprender a aprender.

No noso sistema educativo considérase que as competencias clave que debe ter o alumno cando remata a súa escolaridade OBRIGATORIA para enfrontarse ós retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática e Competencias clave en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas.
- Senso de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

Pero que entendemos por cada unha desas competencias de forma sucinta, e recollendo o máis significativo do que establece o currículo escolar, cada unha delas proporciona á formación persoal e intelectual do alumno o seguinte:

-Competencia en comunicación lingüística.

Trátase dunha competencia moi complexa. Está vinculada á acción comunicativa dentro dunhas prácticas sociais, na que o individuo, ademais de producir, tamén recibe mensaxes con distintas finalidades. Supón a apertura dunha vía de coñecemento, dentro e fóra da escola, enriquecemento cultural e constitúe un obxectivo de aprendizaxe permanente, considerando a lectura coma o principal medio para a ampliación da aprendizaxe e desta competencia. O individuo, mediante o emprego da linguaxe como instrumento de comunicación, pon en funcionamento unha serie de actitudes e valores como son o respecto polas normas de convivencia, o exercicio da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto ós dereitos humanos e o

pluralismo, a resolución de conflitos, o desenvolvemento das capacidades afectivas en tódolos ámbitos, interese pola aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia como fonte de pracer. A competencia en comunicación lingüística está constituída por cinco compoñentes:

lingüístico, pragmático-discursivo, socio-cultural, estratéxico e persoal, que se concretan en diferentes dimensións na interacción comunicativa.

-Competencia matemática e Competencias clave en ciencia e tecnoloxía.

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Require coñecementos sobre os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral. A súa adquisición supón, en suma, establecer unha relación profunda entre o coñecemento conceptual e o coñecemento procedemental implicados na resolución dunha tarefa matemática determinada.

Esta competencia inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto ós datos e a veracidade. Os ámbitos integrados na competencia matemática son os referentes ós números, a álgebra, a xeometría e a estatística.

As Competencias clave en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ó mundo físico e á interacción responsable co mesmo. Contribúen ó desenvolvemento do pensamento científico e capacitan o individuo para identificar, formular e resolver situacións da vida cotiá, para actuar fronte ós retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

O desenvolvemento destas competencias require unha serie de coñecementos científicos relativos á física, química, bioloxía, xeoloxía, matemáticas e tecnoloxías, que se derivan de conceptos, procesos e situacións interconectadas; así como unhas destrezas que permitan utilizar e manipular ferramentas tecnolóxicas, datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo. As actitudes e valores integrados nestas competencias están relacionados coa asunción de criterios éticos, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico e a responsabilidade sobre a conservación dos recursos naturais e ambientais, así como a adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudable nun ámbito natural e social.

-Competencia dixital.

Implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación. Supón a adecuación ós cambios que introducen as novas tecnoloxías e a adquisición de novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente nun ámbito dixital.

Require o coñecemento das principais aplicacións informáticas, e precisa do desenvolvemento de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas en distintos contextos.

O individuo deberá ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles co fin de resolver os problemas reais dun modo eficiente, así como avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas, a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

A adquisición desta competencia require ademais actitudes e valores que permitan ó usuario adaptarse ás novas necesidades establecidas polas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación ós propios fins e a capacidade de interaccionar socialmente en torno a elas. Por outra parte, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborador, así como a motivación e a curiosidade pola aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.

-Aprender a aprender.

Esta competencia supón, por un lado, iniciarse na aprendizaxe e por outro, ser capaz de continuar aprendendo de xeito autónomo, aspecto fundamental para a aprendizaxe permanente. Aprender a aprender inclúe unha serie de coñecementos e destrezas que requiren unha reflexión e toma de conciencia sobre os propios procesos de aprendizaxe, polo que os procesos de coñecemento se convirten en obxecto do coñecemento e deberase aprender a executalos axeitadamente. As actitudes e valores clave na adquisición desta competencia son a motivación para aprender e a confianza para alcanzar as metas da aprendizaxe.

-Competencias sociais e cívicas.

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, para comprender a realidade social do mundo no que se vive e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural. A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo, e require a adquisición de coñecementos que permitan comprender e analizar os códigos de conduta e o comportamento adecuado para convivir en sociedade.

Os elementos fundamentais desta competencia son a capacidade de comunicarse de forma construtiva en distintos ámbitos e a seguridade nun mesmo, a integridade e a honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís.

Nesta competencia son fundamentais a habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público, para manifestar solidariedade e interese polos problemas da comunidade, o respecto dos dereitos humanos, a igualdade, a apreciación e comprensión das diferentes relixións ou culturas.

O desenvolvemento destas competencias implica afrontar os conflitos con valores éticos e exercer os dereitos e deberes cidadáns desde unha actitude solidaria e responsable.

-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Esta competencia refírese á capacidade de transformar ideas en actos, o que implica adquirir conciencia dunha situación e optar con criterio propio, levando adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.

A adquisición desta competencia é determinante para a formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Esta competencia require uns coñecementos relacionados coa capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais; e unhas destrezas como a capacidade de análise, de planificación, organización, xestión, toma de decisións, resolución de problemas, liderado, pensamento crítico, avaliación e autoavaliación. Require o desenvolvemento de actitudes e valores como a predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa, o autocoñecemento e a autoestima, a independencia, o interese e esforzo, e o espírito emprendedor.

-Conciencia e expresións culturais.

Esta competencia implica coñecer, apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos.

Require coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a tódolos niveis. Comprende a concreción da cultura e outras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá. Incorpora o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas e a identificación entre as diferentes manifestacións artísticas e a sociedade.

A adquisición desta competencia pon en funcionamento destrezas como a aplicación de diferentes habilidades de pensamento para poder comprender, valorar, emocionarse e gozar das diferentes manifestacións artísticas. Supón, ademais, actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respecto por elas e pola conservación do patrimonio.

3.5. Contribución da área ao desenvolvemento das CCBB.

As Competencias clave Integradas. CCBB.

A sociedade actual, cada vez máis diversa e global demanda un tipo de cidadán competente, que saiba o que di e o que fai de forma creativa e autónoma.

Desde a área de linguas estranxeiras, este adestramento necesariamente continúa, é un proceso de construción do coñecemento social e emocional que interactúan permanentemente no corpo, mente, razón e emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continua, baseada na adquisición de competencias, o alumnado, polos coñecementos que adquiriu, debe ser capaz de aplicar o que sabe en situacións específicas, é dicir, aplicar e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que ten para resolver feitos diferentes en contextos diferentes. Notablemente, o carácter combinado de aprendizaxe por competencias: o alumno, mediante o que sabe, debe demostrar que o pode aplicar, pero tamén o que sabe ser e estar. Así, vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo de formación integral do alumno. En suma, estamos recoñecendo que a escola non é só preparar os alumnos no coñecemento de coñecementos técnicos e científicos, senón tamén como cidadáns, para que eles poidan amosar unha gama de actitudes sociais, cívicas e intelectuais, que implican o respecto aos outros, responsabilidade, colaboración e cooperación..

O noso proxecto de recolle e integra os diferentes elementos do currículo- obxectivos, patróns de aprendizaxe e competencias- para o ensino de criterios e indicadores de Lingua Estranxeira e de competencia para avaliar a adquisición de competencias e para a realización dos obxectivos da materia.

3.5.1. Competencias clave nesta materia

Imos expoñer os aspectos máis relevantes no noso proxecto, a expensas do que a práctica educativa diaria poida aconsellar en cada momento:

-Competencia en comunicación lingüística:

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ó desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de

novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

-Competencia matemática e Competencias clave en ciencia e tecnoloxía.

Utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas Competencias clave o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

-Competencia dixital.

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

-Competencia para aprender a aprender.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente ó incluír contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces.

Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro, entre outras.

-Competencias sociais e cívicas.

As linguas non só serven ós falantes para comunicarse socialmente, senón que tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.

Este feito favorece a comprensión da realidade social na que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración, e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente ós demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

-Conciencia e expresións culturais.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura. Esta competencia incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

4.OBXECTIVOS.

CONCRECIÓN CURRICULAR DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA

OBXECTIVOS DA ÁREA DE 2º EDUCACIÓN PRIMARIA:

-Escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de diversas tarefas concretas relacionadas coa experiencia do alumnado.

-Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

-Escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.

-Ler de xeito comprensivo textos diversos, relacionados coas experiencias e intereses do alumnado, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.

-Aprender a usar con progresiva autonomía medios variados, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.

-Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.

-Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.

-Coñecer aspectos doutras culturas que utilizan a lingua estudada e amosan unha actitude de respecto cara a mesmas.

-Utilizar os coñecementos e as experiencias previas coas linguas galega e castelá para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.

-Identificar aspectos fonéticos, de ritmo, de acentuación e de entoación, así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.

-Desenvolver de forma progresiva a sensibilidade crítica que permite desvelar os estereotipos sexistas, clasistas, racistas, que a lingua comporta.

OBXECTIVOS DAS COMPETENCIAS CLAVE:

-Coñecer e utilizar apropiadamente a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura e de respecto á diversidade lingüística.

-Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- Coñecer, valorar e desfrutar do contorno natural, social e cultural e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación del.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolvendo a sensibilidade estética e a capacidade de disfrute das súas diferentes manifestacións e iniciarse na construción de propostas persoais.
- Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por ningunha causa.
- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o do resto das persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona. Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e na prevención dos accidentes de tráfico.
- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a actuar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

4.1. Criterios de avaliación.

Os criterios de avaliación que establece o currículo para o segundo curso de Educación Primaria na área de lingua estranxeira están organizados en cinco seccións principais: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia intercultural, e son os seguintes:

Bloque 1. Comprensión de textos orais.

-B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.

-B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.

-B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares.

-B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.

Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción.

-B2.1. Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).

-B2.2. Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.

-B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos.

-B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.

-B3.2. Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.

-B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas relacionadas coas convencións ortográficas básicas que expresan pausas, exclamacións e interrogacións.

-B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando unha entoación e pronuncia adecuadas.

Bloque 4. Producción de textos escritos.

-B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de asPEtos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.

-B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.

-B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural.

-B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.

-B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.

-B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.

-B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.

-B5.5. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.

-B5.6. Comprender e expresar a posesión.

-B5.7. Expresar e identificar os seus gustos.

- B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.
- B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.
- B5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e, ou”, adecuándoas aos propósitos comunicativos.
- B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.
- B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.
- B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.
- B5.14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.
- B5.15. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada..

4.2. Instrumentos de avaliación das Competencias clave:

Observación directa do traballo diario do alumnado, así como das súas participacións nas actividades propostas na aula.

Intercambios orais: preguntas sinxelas, diálogos, debates...

Actividades específicas relacionadas cos obxectivos das competencias.

Auto-avaliación: incluiremos actividades nas que os alumnos e alumnas poidan avaliar o seu propio traballo e proceso de aprendizaxe.

5. CONTIDOS DE 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Os contidos que conforman esta materia e este curso agrupáronse en: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua estranxeira e conciencia cultural. Estes cinco bloques, relacionados cos dous centros de atención específicos: a linguaxe oral e a linguaxe escrita, recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións, e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira.

Bloque 1. Comprensión de textos orais.

B1.1. Estratexias de comprensión:

- Iniciación, a través do xogo e da expresión corporal e musical, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación moi sinxelas conectadas cos intereses do alumnado.
- Captación da idea global e identificación dalgúns elementos específicos en textos orais, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.
- Identificación do tema de textos sinxelos, adaptados á idade e próximos á súa experiencia (contos, rimas, cancións...).
- Asociación de palabras e expresións sinxelas con elementos paraverbais.
- Asociación de palabras e frases sinxelas con elementos xestuais e visuais ou co apoio de ilustracións en soporte papel e dixital.
- Seguimento verbal e non verbal de instrucións moi sinxelas.
- Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e expresións moi básicas da lingua estranxeira.

B1.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación sinxelos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo, e ton da lingua estranxeira e uso para a comprensión oral.

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción.

B2.1. Estratexias de produción:

Planificación:

- Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.

Execución:

- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais.
- Usar linguaxe non verbal que corresponda á situación comunicativa (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).
- Sinalar obxectos ou realizar accións que aclaren o significado.

- Participar en representacións, memorizar e recitar poemas, cantar cancións, contar contos etc., empregando respostas verbais e non verbais (movemento, accións, debuxos, modelado ou mímica).
- Reproducir textos orais coñecidos, repetir e reproducir de acordo con modelos orais.
- Imitar situacións de comunicación breves a través de dramatizacións, de xogos, de rutinas etc.
- Participar con actitude de colaboración en xogos, dramatizacións... que precisen de sinxelas intervencións orais.
- Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación, seguindo modelos.
- Participar oralmente en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais facilitadas por rutinas de comunicación.
- Producir textos orais moi sinxelos e coñecidos previamente mediante a participación activa en rutinas, representacións, cancións, recitados, dramatizacións etc.

B2.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos: iniciación a algúns aspectos básicos da fonética, do ritmo, acentuación e ton da lingua estranxeira e uso para a comprensión oral.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos.

B3.1. Estratexias de comprensión:

- Activación progresiva dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema de textos próximos a súa idade.
- Identificación, moi guiada, da idea global de textos sinxelos e do seu interese (contos, cancións, rimas...) co apoio das ilustracións correspondentes.
- Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto co apoio de ilustracións.

B3.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.
- Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidade do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.

B3.3. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:

-Identificación e uso de léxico e de estruturas elementais propias da lingua estranxeira, previamente empregadas.

-Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.

Bloque 4. Producción de textos escritos.

B4.1. Estratexias de produción:

Planificación:

-Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, diálogo teatral... próximos á súa idade.

Execución:

-Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.

-Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e material dixital adaptado á súa idade.

-Seleccionar e empregar progresivamente o léxico adecuado ao tema.

-Iniciarse no uso dalgún recurso cohesivo para non repetir palabras.

-Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais sinxelas e de lectura.

-Iniciarse no emprego de materiais dixitais próximos a súa idade para reproducir mensaxes escritos sinxelos.

B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:

-Uso dos signos de puntuación máis básicos.

-Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural.

B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

-Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.

-Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía.

-Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidade do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.

-Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

B5.2. Funcións comunicativas:

-Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.

-Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais (nome, apelido, idade, gustos).

-Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os animais máis próximos a súa contorna, bebida... Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico etc.

-Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a localización de obxectos etc.

-Identificación e seguimento de instrucións.

-Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa.

-Expresión do que lle gusta e non lle gusta.

-Identificación dos materiais que compoñen os obxectos.

-Identificación das partes do corpo e da cara.

-Identificación dos membros da familia próximos.

-Identificación dos elementos máis próximos á súa contorna.

-Expresión de habilidade e capacidade para realizar unha acción en negativa e afirmativa.

-Realización de preguntas e respostas en relación ao permiso e axuda.

-Formulación de preguntas e respostas sobre o estado de ánimo.

-Formulación de preguntas e respostas en relación á cantidade.

B5.3. Estruturas sintáctico- discursivas:

-Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita e estado (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, What's your favourite colour?, My favourite colour is/It's, I'm (hungry)).

- Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses e o tempo atmosférico (What day is it today?, It's, What's the weather like today?, It's, What month are you in?, I'm in).
- Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's is it?, It's in/on/under/next to).
- Identificación e seguimento de instrucións (Touch your (legs)...).
- Expresión de posesión en primeira e terceira persoa (I've got, He/She's got) e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa (Have you got?, Yes, I have/No, I haven't, Has he/she got?, Yes, he/she has, No, he/she hasn't).
- Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don't like (chips)).
- Expresión de cantidade: contar desde 21 a 50.
- Expresión das cores, das partes do corpo e cara, de elementos próximos (What's this?, It's...), membros da familia (Who's this?, This is my (brother), alimentos (What's this?, This is).
- Identificación das pezas de roupa (I'm wearing).
- Expresión de habilidade en afirmativa e negativa (I can, I can't).
- Preguntas e respostas sobre permiso e axuda (Can I...?).
- Preguntas e respostas sobre o estado de ánimo (Are you (hungry? Yes, I am/No I'm not).
- Expresión da cantidade de obxectos ou persoas (How many... are there?)

B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a cores, números ata o 50, materiais escolares, formas xeométricas básicas, membros da familia, comidas e bebidas máis cotiás, xoguetes, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, accións, materiais, animais domésticos (de compañía e de granxa), partes do corpo e da cara, e partes da casa.

6.CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Os criterios de avaliación que establece o currículo para o segundo curso de Educación Primaria na área de lingua estranxeira están organizados en cinco seccións principais: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia intercultural, e son os seguintes:

Bloque 1. Comprensión de textos orais.

-B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.

-B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.

-B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares.

-B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción.

-B2.1. Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).

-B2.2. Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.

-B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos.

-B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.

-B3.2. Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.

-B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas relacionadas coas convencións ortográficas básicas que expresan pausas, exclamacións e interrogacións.

-B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando unha entoación e pronuncia adecuadas.

Bloque 4. Producción de textos escritos.

-B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.

-B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.

-B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural.

-B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.

-B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.

-B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.

-B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.

-B5.5. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.

-B5.6. Comprender e expresar a posesión.

-B5.7. Expresar e identificar os seus gustos.

-B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.

-B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.

-B5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e, ou”, adecuándoas aos propósitos comunicativos.

-B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.

-B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.

-B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.

-B5.14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.

-B5.15. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada..

7. ACTIVIDADES.

As actividades realizaránse de forma similar neste nivel e nos outros dous niveis tendo en conta o libro de texto de cada nivel , as idades e os seus coñecementos, adaptando estas actividades ás aulas segundo os niveis.

-Actividades de inicio da aula e da unidade.

Trátase de activar os coñecementos previos dos alumnos nas novas cuestións e temas que van traballar ou repasar os xa traballados . Isto xeralmente faise a través de actividades de reflexión (brainstorming) ou actividades de revisión, repaso, a través de xogos, intercambios comunicativos con soporte de flashcards de apoio, carteis, música, posters, etc...

-De desenrolo da lección ou unidade.

Cada unha das unidades do método inclúe diferentes tipos de actividades que chaman as intelixencias múltiples e se destinan a facilitar a adquisición, creación, desenvolvemento e perfeccionamento das distintas habilidades que compoñen a maior parte da competencia no idioma inglés.

Estas actividades son:

-O Vocabulario relacionado cos diversos campos conceptuais que se desenrolan na unidade didáctica.(Vocabulary).

-A lectura e comprensión de textos (Reading).

-As estruturas gramaticais (Grammar).

-Os sons estudados (Pronunciation).

-A Comprensión e expresión oral da lingua en todos os seus asPETos (Listening and

Speaking).

-A comprensión e a expresión escrita (Writing).

-Reforzo e ampliación .

O proxecto parte do recoñecemento de que, en cada clase hai alumnos / as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ao perseguir o obxectivo de que cada alumno / a parte do proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance éxito de acordo co seu nivel de habilidade, capacidade e interese.

A variedade de exercicios e actividades utilizados nos materiais permite que todos os alumnos / as podan atopar algún que estea dacordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos /as sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para os que precisan de máis apoio.

Actividades de rutina.

Trátase de crear unha rutina para que os alumnos se sintan cómodos, especialmente no primeiro ciclo desta etapa. Cada lección comeza e acaba coa mesma rutina:

-Hello song, para iniciar a lección.

-Bye bye song, para finalizar a lección.

Lesson routine, para iniciar o desenvolvemento da lección

-De desenvolvemento da lección

Cada unha das unidades do método inclúe diferentes tipos de actividades que apelan ás intelixencias múltiples e que están destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte de competencia da lingua inglesa. Estas actividades son:

- Cancións (songs) e xogos (games).
- Actividades de lectoescritura (pencil activities in the Class Book).
- Historias (stories).
- Cut-outs.
- Actividades de pronuncia (pronunciation activities).

- Actividades interdisciplinarias (cross-curricular activities).

De reforzo e ampliación.

O proxecto parte do recoñecemento de que en toda clase hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ó tempo que persegue o obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ó seu nivel de capacidade e interese.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que tódolos alumnos/as poidan encontrar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.

As actividades ás que nos referimos son as seguintes:

- Actividades extra no Teacher's Guide.
- Actividades opcionais no Teacher's Guide.
- As actividades propostas no Teacher's Resource CD-ROM:
 - Mixed Ability Worksheets: con 4 niveis diferentes de actividades:
 - Worksheet 1: Catch up: para revisión xeral.
 - Worksheet 2: Support: para consolidación extra.
 - Worksheet 3: Reinforcement: para práctica extra ao nivel do AB.
 - Worksheet 4: Extension: para un desafío maior.
 - Extra activity worksheets: picture & word cards, mini-libros, proxectos interdisciplinares.
- As actividades propostas no Activity Book.
- As actividades extra propostas no Activity Book:
 - Finished?: para aqueles alumnos que terminan pronto e baseadas no contido da lección.

De desenvolvemento de competencias clave.

Algunhas actividades contribúen máis especificamente ó desenvolvemento dunha ou varias competencias clave, entre as que se incluírían:

- Brainstorming
- Role-plays
- Actividades interactivas
- Actividades na lousa dixital
- Actividades baseadas en distintos soportes
- Actividades de investigación ou estudos de casos
- Actividades en grupo.(Se a situación da Covid-19 o permite).
- Interpretacións de datos, gráficas, etc.
- Textos culturais, cancións, rimas, etc.
- Actividades nas que se traballan as emocións

De avaliación.

A avaliación da aprendizaxe en Educación Primaria será continua e global e terá en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo. O profesor avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de logro das competencias coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

As actividades de avaliación poderían clasificarse en varios niveis:

Actividades de avaliación formativa, onde o profesor avaliará o traballo continuado dos alumnos e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades como:

- Ejercicios do Activity Book
- Ejercicios de Review (CB)

Actividades de avaliación sumativa coa realización das diversas actividades de avaliación referidas en All About Us 2! (Teacher's Resource CD-ROM):

- Unit tests 1-6 (standard, higher e challenge)
- End-of-term 1-3 (standard, higher e challenge)
- End-of-year test (standard, higher e challenge)

Actividades de autoavaliación e autoestudo, nas que o alumno se inicia en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas:

-As actividades propostas no Skills Record Book: ademais de consolidar o aprendido na clase, permítelles aos alumnos comprobar os seus coñecementos e rexistrar os seus progresos para cada unidade.

-As táboas de vocabulario 1-6 (Teacher's Resource CD-ROM)

Complementarias.

Este tipo de actividades entre as que se incluírán: saídas culturais, asistencia a obras de teatro en Inglés, conmemoración de festividades características da sociedade anglosaxona etc., serán deseñadas polo equipo de profesores do departamento de inglés do centro.

7.1.Organización de tempos, agrupamentos e espazos

O tempo, entendido como o dedicado ó ensino no centro, é un recurso fundamental e limitado na aprendizaxe dunha materia. A programación que se formula neste documento será adaptada polo mestre de acordo ós seus horarios e ritmos da clase.

Con respecto ós alumnos, o profesor pode seguir diferentes criterios para o agrupamento destes:

-Recursos humanos

-Profesorado de apoio

-Orientador/a

-Criterios

-En función da orde alfabética

-Agrupamentos flexibles

-Pequenos grupos de reforzo dentro/fóra da aula.

-Alumnos con distinto tipo de necesidades de orixe sensorial en distintos grupos na aula.

Á hora de realizar as tarefas, completar actividades, proxectos, etc. a organización dos alumnos realízase en función do tipo de interacción que se dá nese momento na aula:

-Profesor-alumno

-Traballo individual

-Traballo en parellas

-Traballo en grupo

Os recursos cos que os/as profesores/as poden contar e os posibles espazos en que se poden desenvolver os procesos de ensino-aprendizaxe son, neste momento, cada vez máis variados. Como resultado, os contextos da aprendizaxe son tamén máis amplos. Os profesores poden levar a cabo actividades e proxectos que inclúan diferentes ambientes:

-O centro educativo

-A comunidade

-O contexto familiar

A aula deixou de ser o único lugar onde se imparte unha materia. Tódolos centros educativos conta cunha serie de recursos espaciais, materiais e virtuais, que se poden empregar para impartir a materia pero adaptándose a situación da Covid-19:

-Aula virtual

-Sala de informática – Aula de audiovisuais

-Biblioteca

-Usos múltiples

-Ximnasio

-Patio

Ten un papel moi importante a incorporación das TIC na educación, proporcionando diversos recursos materiais que ofrecen a posibilidade de deseñar as súas clases de forma personalizada e axustándose ás necesidades de cada momento:

-Vídeo-DVD

-TV

-Radiocasete/ reprodutor CD

-Cámara de vídeo – Gravadora audio

-Ordenadores (PC, portátiles ...)

-Pantalla Dixital Interactiva

-Conexión a Internet (WiFi, outros...)

Mais alén dos recursos materiais e espaciais, non podemos deixar de mencionar os procesos cognitivos que interveñen coas fases de aprendizaxe do alumnado. Estes procedementos que fan posible a incorporación dos coñecementos que se queren transmitir ós alumnos son moi complexos. Desde a atención necesaria para prepararse para recibir a información ata a memorización que permita o acceso a esta información cando sexa necesario, coa participación, entre outros, dos seguintes procesos:

- Acceso
- Identificación
- Entendemento
- Reprodución
- Reflexión
- Conexión
- Síntese
- Creación.

8.METODOLOXÍA.

O currículo de lingua estranxeira para a E.P. promove un ensino integrador das linguas, baséase no desenvolvemento progresivo da competencia comunicativa e da competencia intercultural e impulsa a utilización das diversas linguaxes que posibilitan a comunicación verbal, non verbal, audiovisual e dixital.

Na E.P.,o estudo da lingua estranxeira terá como meta a paulatina familiarización coa nova lingua e a súa utilización en situacións de comunicación sinxelas e significativas para os nenos e nenas desa idade. Na nosa metodoloxía tomaremos como punto de partida o enfoque comunicativo, polo que fomentaremos a adquisición da competencia comunicativa, que, segundo Canale e Swain inclúe as seguintes subcompetencias: gramática, sociolingüística, sociocultural, discursiva e estratéxica. O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus intereses e coñecementos previos, polo que nos centraremos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuírle sentido ao que aprende. Favorécese así a aprendizaxe significativa, o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. Teremos en conta esta situación ofrecendo actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do mesmo neno e a seguir coa exploración do mundo que os rodea. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do currículo: o coñecemento do medio, a ed. Artística...

É importante incluír a práctica das 4 destrezas lingüísticas: ler, escoitar, falar e escribir; aínda que teremos en conta que **priorizaremos a adquisición da competencia oral.**

O noso currículo divide a aprendizaxe da lingua estranxeira en catro bloques diferentes:

-Escoitar e falar: a metodoloxía partirá de actividades de identificación de obxectos ou comprensión de instrucións sinxelas e progresará cara a actividades mais complexas.

-Ler e escribir: a introdución de actividades de lectura será gradual e sempre cun fin comunicativo.

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ó alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ó que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona diferentes actividades que contribúen ó desenvolvemento das competencias clave.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións. Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso o noso proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. No noso proxecto existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento. Estas actividades non aparecen no Class Book. Están explicadas no Teacher's Guide e poden ser de grande utilidade para o traballo diario do mestre.

A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. No noso proxecto, o alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ó nivel que mostra o alumno/a, debendo: iniciar o input da lingua, axudar ó individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro. Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. No noso proxecto enténdese que os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxense ó finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo.

A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrixir as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe; no noso proxecto existe un Caderno de Avaliación con follas de avaliación fotocopiabes para cada unidade, que permiten ó mestre/a anotar as observacións referentes ó progreso de cada alumno. Tal e como está concibido, o mestre/a pode adaptalo doadamente ás súas necesidades específicas.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. O noso proxecto toma en conta esta situación ó ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela. Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas. Por iso, as competencias clave poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cales as puidese adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente.

8.1. Metodoloxía de ALL ABOUT US.

A metodoloxía do noso proxecto desenvólvese como indicamos a continuación:

All About Us é un curso de seis niveis para estudantes de lingua inglesa de 1º a 6º de Educación Primaria. É un curso centrado no neno, que permite ó alumnado de tódolos niveis e capacidades aprender facendo, aprender xuntos e aprender uns dos outros.

Ofrece unha grande cantidade de vídeos, deseñados para traballar de forma independente e en combinación co resto de materiais, e que permiten a máxima participación do alumnado e a eficiencia da aula, con ou sen lousa interactiva.

O fío conceptual de **All About Us** baséase na vida real. En cada nivel do curso, os nenos seguen e comparten as experiencias e aprendizaxes dun alumno británico. Este enfoque supón un cambio importante, orienta totalmente a aprendizaxe cara á comunicación de nenos reais en situacións reais. Desta maneira, a presentación da linguaxe pode enfocarse en situacións da vida real e interacción social.

Preséntase un neno novo en cada nivel do curso, para reflectir as propias experiencias e intereses cambiantes da vida dos nenos nas diferentes idades. A medida que os alumnos progresan a través dos niveis, poden compartir e comparar as súas experiencias e as súas vidas coas dos personaxes, acadando unha sensación verdadeira de crecer xuntos.

O curso baséase en situacións, cun evento na vida do neno como punto de partida de cada unidade, por exemplo, o primeiro día de volta á escola ou indo de picnic. A situación é presentada polo personaxe central a través dun vídeo, e mellorada por unha animación, con efectos de son, e o audio do vocabulario básico.

Despois, o personaxe central acompaña ós nenos mentres progresan a través de cada unidade, empregando máis vídeos para presentar historias, vídeos culturais de estilo documental e nos proxectos das unidades.

As historias tamén constitúen unha característica importante do curso. Non soamente proporcionan un contexto significativo para o idioma, senón que tamén permiten traballar valores específicos. Desta maneira, os nenos forman conexións importantes entre os valores que ven representados na historia e o seu propio desenvolvemento social.

All About Us baséase nunha metodoloxía sólida, baseada en asegurar o desenvolvemento das Competencias clave. Inclúe actividades de pensamento e actividades e desafío que requiren un desenvolvemento cognitivo e o traballo colaborativo. Baseándose no contido do curso no mundo real, as habilidades de pensamento crítico e autoavaliación tamén se desenvolven animando ós nenos a ter curiosidade e cuestionar o mundo que lles rodea, ó tempo que reflicten sobre as súas propias interaccións.

Ó centrarse nun día na vida dun neno británico, o contexto de cada unidade é abertamente cultural e tamén se enriquece con vídeos sobre a cultura británica, nas leccións específicas de Cultura. Invítase ós alumnos a explorar e reflectir sobre o mundo que se lles presenta, comparando a vida do personaxe coa súa.

A lección intercurricular está relacionada co tema da unidade, o que lles permite revisar continuamente e desenvolver a súa aprendizaxe do idioma. Facer ligazóns a outras áreas temáticas desta maneira amplía o significado e a perspectiva do que os nenos aprenderon e amplía os seus horizontes.

All About Us ofrece unha ampla variedade de actividades e materiais que recoñecen os estilos de aprendizaxe individuais e lle permiten atender habilidades mixtas dentro da aula. Anímase ós nenos a traballar segundo a súa propia capacidade, con recursos de reforzo e extensión, e probas a dous niveles de dificultade para proporcionar flexibilidade adicional.

Materiais e recursos didácticos

O libro de texto utilizado é All About Us 2 de Oxford University Press.

O alumno dispón do Class Book cunha unidade introductoria na que se presentan os personaxes que van acompañar ó alumnado ó longo de todo o curso, seis unidades con 9 leccións cada unha, nas que se presenta o contido clave, tres historias de repaso e 3 proxectos colaborativos, un por trimestre e material sobre tres festividades.

Ademáis, o All About Me Booklet ofrece práctica adicional para consolidar a linguaxe aprendida en cada unidade, e propiciar a autoavaliación no alumnado. Constitúe un elemento moi útil para a conexión coa familia e compartir o aprendido na clase.

Dispón do Activity Book, con páxinas de actividades para cada lección, e proxectos, material de seguemento para as unidades de festividades, cut-outs e adhesivos de vocabulario.

O profesor dispón da Guía didáctica cunha sección introductoria que inclúe a descrición da metodoloxía e o concepto do curso, a presentación da función de cada lección, a secuencia dos recursos e os pasos estándares de ensino; anotacións didácticas concisas para cada lección, sixestións para actividades extra, referencias ás competencias clave, suxestións para actividades de warm-up, a versión solucionada das actividades do alumno, transcripcións das audicións, un banco de ideas con suxestións para xogos e actividades, o listado de palabras e unha carta para os pais.

Dispón do Teacher's Resource Pack co póster All About Us e flashcards para presentar o vocabulario clave.

Os CDs de audio coa gravación de tódalas cancións, historias e actividades de comprensión oral. Dispón do iPack coa versión dixital do CB e AB, audio, vídeo e xogos, as versións interactivas das actividades do CB e Ab, xogos dixitais para cada unidade e unha sección de recursos cos pósteres, flashcards, vídeos e cancións. Na páxina web de Oxford Premium dispoñen do material para a avaliación, os test das unidades, trimestrais, e de final de curso, materiais para o Portfolio e para a avaliación das competencias clave.

E por último, os recursos na web Oxford Online Learning Zone, con práctica interactiva, para ser utilizados na casa ou na aula. Os recursos multimedia mencionados integran por completo o uso das TIC na aula, permitindo ós profesores adaptar as mellores solucións dixitais dacordo ó alumnado ou ó centro no que se desenvolve o ensino.

9. TEMPORALIZACIÓN.

Esta programación levaráse a cabo en 2º de Educación Primaria durante o curso 2021-2022. Adaptarase ó horario da Lei de Educación ,a LOMCE ,e neste curso terá un horario de Lingua Inglesa de dúas sesións en 1º e 2º, e de tres sesións de Inglés en 3º de E.P.

A presente programación de 2º de Educación Primaria, está planificada para ser levada a cabo durante todo o curso académico 2021-2022 nun período de 2 sesións semanais de cincuenta e cinco minutos. Utilizaremos el libro de texto All About Us 2, con dous unidades por trimestre, tendo en conta as vacacións, datas de avaliación e festas, e traballaránse dúas unidades en cada trimestre dun total de seis, e a starter ao comezo do primeiro trimestre. Estes traballo se complementará con fichas e celebracións culturais dos países de fala inglesa.Realizaráse este traballo por trimestre deste xeito sempre e cando o alumnado evolucione positivamente e segundo o ritmo de traballo do grupo-clase, ademais de xogos e doutras actividades diversas, e tendo en conta as vacacións e outras celebracións.

2º de Educación Primaria.

Distribución das unidades didácticas:

1º TRIMESTRE

Este trimestre daremos tres unidades didácticas:

STARTER UNIT: All about me. (Presentacións).

-UNIT 1: A garden party .(Unha festa no xardín)

-**UNIT 2:** Let´S play at my house. (A casa)

2º TRIMESTRE

Este trimestre daremos dúas unidades didácticas:

-**UNIT 3:** Let´s go to SCHOOL. (O cole)

-**UNIT 4:** A day at the FARM (A granxa)

3º TRIMESTRE

Este trimestre daremos dúas unidades didácticas:

-**UNIT 5:** It´s my birthday. BIRTHDAY & FOOD: (Cumpreanos e comida).

-**UNIT6:** I´m on my holiday! HOLIDAY- CLOTHES- FEELINGS.
(Vacacións e sentimentos, estados de ánimo).

Traballaremos tamén as seguintes festas:

1º TRIMESTRE

HALLOWEEN

CHRISTMAS

2º TRIMESTRE

CARNIVAL

3º TRIMESTRE

SPRING

Ao rematar cada unidade didáctica faremos unha proba de avaliación.

As datas son aproximativas e flexibles. Traballaremos dous temas por trimestre agás o primeiro que contén a Unidade Starter.

10. MATERIAIS E RECURSOS.

O libro de texto utilizado en 2º é All About US 2 de Oxford University Press.

O alumno/a dispón do Class Book cunha unidade introdutoria na que se presentan as personaxes que van acompañar ós alumnos/as ao longo do curso, seis unidades oito leccións cada unha nas que se presenta contido clave, tres unidades de repaso, material sobre festividades e un CD con todas as cancións do curso. E tamén dispón do Activity book, cunha páxina de reforzo, tres de ampliación y unha de pronunciación para cada unidade. Inclúe actividades Finished? para la atención á diversidade, e un Picture Dictionary

para cada unidade, actividades para o Portfolio e 6 cut-outs para os xogos de comunicación. Dispón tamén do Skills Record Book, para consolidar o aprendido na clase e levar un control do seu progreso.

O profesor dispón da Guía didáctica (Teacher's Guide), con anotacións didácticas concisas para cada lección, suxerencias para actividades extra e ideas, a versión solucionada das Mixed Ability Worksheets, anotacións para o desenrolo das Competencias clave en cada lección, indicacións para integrar o material audiovisual e un banco de ideas con suxerencias para xogos e actividades. O Teacher's Resource CD-ROM contén material para a avaliación, os tests das unidades e worksheets para a práctica adicional sobre as historias, vocabulario, gramática, Competencias clave, etc. Dispón ademais dun DVD coa versión animada de cada historia, un video clip sobre o tema intercurricular e video clips das cancións; os CDs de audio con todas as cancións, historias e audicións.

O Teacher's Resource Pack contén 96 flashcards, wordcards, story cards, cross-curricular cards, posters e o Granny's chest.

O iPack, con material para a presentación y e práctica nas Pizarras interactivas.

E por último, os recursos na web Oxford Online Learning Zone con práctica interactiva, para ser utilizados na casa ou na aula.

Os recursos multimedia mencionados (iPack, Teacher's Resource CD-ROM, DVD e a web) integran por completo o uso das TIC na aula, permitindo aos profesores adaptar as mellores solucións dacordo ao alumnado ou ó centro no que se desenrola a ensinanza.

Ademais, outros tipos de materiais didácticos xa aparecen anteriormente xunto á relación de contidos nos recadros correspondentes ás distintas Unidades Didácticas.

O libro de texto utilizado é All About Us da editorial Oxford University Press. O alumno dispón do Class Book cunha unidade introdutoria na que se presentan os personaxes que van acompañar aos alumnos ao longo do curso, seis unidades con oito leccións cada unha nas que se presenta o contido clave, tres unidades de repaso, material sobre festividades e un CD con tódalas cancións do curso. E tamén dispón do Activity book, cunha páxina de reforzo, tres de ampliación e unha de pronunciación para cada unidade. Inclúe actividades Finished para a atención á diversidade, tres láminas de repaso de vocabulario e os seis mini-books das historias das unidades. Dispón tamén do Skills Record Book, para consolidar o aprendido en clase e levar un control do seu progreso.

O profesor dispón da Guía didáctica (Teacher's Guide), con anotacións didácticas concisas para cada lección, suxestións para actividades adicionais e ideas, a versión solucionada das Mixed Ability Worksheets, anotacións para o desenvolvemento das Competencias clave en cada lección, indicacións para integrar o material audiovisual e un banco de ideas con suxestións para xogos e actividades. O Teacher's Resource CD-ROM contén material para a avaliación, os tests das unidades e worksheets para a práctica adicional sobre as historias, vocabulario, gramática, Competencias clave, etc. Dispón ademais dun DVD coa versión animada de cada historia, un vídeo clip sobre o tema intercurricular e vídeo clips das cancións; os CDs de audio con tódalas cancións, historias e audicións.

O Teacher's Resource Pack contén 108 flashcards, 113 wordcards, story cards, cross-curricular cards, posters e o Uncle Harry's parcel. O iPack, con material para a presentación e práctica nas lousas interactivas.

E por último, os recursos na web Oxford Online Learning Zone con práctica interactiva, para ser utilizados na casa ou na aula. Os recursos multimedia anteriormente mencionados (iPack, Resource CD-ROM, DVD e web do profesor) integran plenamente o uso das TIC na aula, o que permite que os profesores adaptar as mellores solucións dixitais de acordo cos alumnos ou a escola na que desenvolve ensino.

11. AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe. Por tanto, non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

Dentro do proceso de avaliación poden distinguirse as seguintes modalidades:

-Avaliación inicial, que facilita a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.

- Avaliación formativa continua, que pretende coñecer se se van logrando os obxectivos propostos, cando aínda se pode intervir modificando o camiño para conseguilos; é dicir, avaliación do proceso e como proceso.

Este tipo de avaliación ten un especial carácter regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo desde o seu comezo, o que require unha avaliación inicial previa.

- **Avaliación sumativa**, que estima os méritos ao finalizar o currículo (máis cuantitativa), na que se valora, sobre todo, o dominio das capacidades adquiridas; isto é, avaliación do resultado.

O proceso de avaliación rexerese segundo os seguintes principios:

- Que sexa un medio, non un fin en si mesma.
- Que constitúa un proceso continuo, progresivo e sistemático.
- Que atenda ás diferenzas individuais.
- Hai que partir do que se quere avaliar e despois avalialo.
- Traballar en equipo á hora do seu deseño.
- Ter flexibilidade ao elixir os criterios ou probas.
- Debe basearse en criterios claros e o máis obxectivos posibles.
- Hai que dotala dun mínimo de requisitos para a súa realización.
- Debe tratar aspectos cualitativos e cuantitativos.
- Ten que recoller ao máximo todos os aspectos da personalidade.
- Reflectir de maneira clara: que, como e cando debe realizarse.
- Propiciar ao seu termo ó proceso de reorganización específico e global (feedback).

A aprendizaxe do alumno debe ser avaliada sistemática e periodicamente, tanto para medir individualmente os coñecementos e competencias adquiridas como para, e por el, introducir no proceso educativo cantas sexan precisas se a situación o require (cando a aprendizaxe dos alumnos non responden para o que, a priori, non se espera deles).

Se asumimos que as competencias clave supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, a forma de comprobar ou avaliar se o alumno as adquiriu é reproducir situacións máis reais posibles de aplicación, e nesas situacións o común é que o alumno se sirva desa bagaxe acumulada (todo tipo de contidos) pero responda, sobre todo, a situacións prácticas.

A avaliación por competencias permite avaliar tanto o cumprimento dos obxectivos do curso, como o grao de adquisición das competencias clave. Algúns criterios son ligados expresamente a conceptos, e outros, preferentemente á procedementos e actitudes.

En función do obxectivo que persigamos avaliar, contamos con varias modalidades, como é o caso da avaliación sumativa, realizada en diferentes momentos do curso e que temos que identificar coas finais de avaliación e de curso (ordinaria e extraordinaria, cando sexa o caso). Haberá outras avaliacións, como a inicial (non clasificada) e a final e, sobre todo, a continua ou formativa, aquela que ocorre durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe, inmersa nel, e que insiste, polo tanto, no carácter orientador e de diagnóstico do ensino.

Realizaráse ademais unha avaliación individualizada a tódolos alumnos ó finalizar 6ª de primaria e deberá tamén demostrar o grao de adquisición de competencias clave, así como a realización dos obxectivos da etapa.

O resultado das avaliacións individualizadas expresarase en niveis e se constarán nun informe de carácter informativo e orientador que se entregará ós pais ou titores. O nivel obtido será indicativo da progresión e a aprendizaxe dos alumnos, polo que se non son adecuados deberán aplicarse as medidas ou programas máis apropiados para eles.

Ademais de avaliar a aprendizaxe dos alumnos, tamén se avalía o proceso de ensino dos profesores, polo que quedará incluído un procedemento de avaliación dos programas didácticos e seus indicadores na proposta pedagóxica de cada centro escolar.

11.1. Directrices e instrumentos para a realización da Avaliación Inicial.

A avaliación realizarase preferentemente na segunda quincena do mes de setembro.

Aplicaranse probas orais e escritas sinxelas para avaliar as oito Competencias clave. Os resultados da avaliación ante o proceso de avaliación, a mestra haberá de avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Os criterios de avaliación propios da área serán os que aparecen fixados nos apartados correspondentes a estes dentro do currículo de primeiro ciclo

Os resultados das avaliacións reflectirante trimestralmente na aplicación XADE e/ou no caderno do profesor.

Os instrumentos empregados para a realización de dita son a observación directa na aula así como probas obxectivas orais e escritas.

11.2. Procedementos de avaliación.

- **Avaliación e criterios de promoción do alumnado.**

O procedemento co que se levará a cabo a toma de decisións sobre a avaliación e a promoción do alumnado de Inglés en Educación Primaria farase segundo o establecido nos artigos 9 e 10 do Decreto 1513/2006, do 7 de decembro polo que se establecen as ensinanzas mínimas da Educación Primaria, e a Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e tendo en conta a nova lei , a LOMCE, o seguinte:

- A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua e global e terá en conta o progreso do alumno ou a alumna no conxunto das áreas do currículo.
- A avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado.
- O proceso de avaliación terá como obxectivos: proporcionar unha información constante do proceso educativo; mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa; e detectar as dificultades no momento en que se produzan.
- A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos do currículo.
- Os criterios de avaliación das distintas áreas e de Inglés en particular serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das Competencias clave como o de consecución dos obxectivos xerais da etapa e os obxectivos en cada unha delas, e para decidir sobre a promoción do alumnado.
- Os pais, nais ou titores legais deberán ser informados tanto sobre os criterios de avaliación que se aplicarán coma sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas ou pupilos para a avaliación das aprendizaxes.
- A mestra levará a cabo a avaliación, preferentemente a través da observación continuada da evolución do proceso de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e da súa maduración persoal. Ao termo do curso, valorarase o progreso global de cada alumno e alumna, no marco do proceso de avaliación continúa levado a cabo. E, ao finalizar o ciclo, o Equipo Docente, tendo en conta os criterios de avaliación comúns e os de promoción que figuran nos correspondentes currículos de cada área e ciclo, e informados o pai, a nai ou os titores legais, tomará a decisión sobre a promoción ou non do alumno/a

ao seguinte Ciclo. Para a adopción da decisión tomarase especialmente en consideración a información e o criterio do profesor ou a profesora titor.

11.3. Instrumentos de avaliación.

Levaremos a cabo unha avaliación , inicial , continua e formativa, integrada e sistemática no proceso educativo. Basearase na observación directa e diaria nos traballos e logros individuais e colectivos, da actividade, do esforzo, así como da participación do grupo. Tamén faremos preguntas individuais e para ver o grado de consecución das aprendizaxes, pero sen crearlles aos nenos conciencia de exame. A avaliación inicial realizarase preferentemente na segunda quincena do mes de setembro.

Aplicaranse probas orais e escritas para avaliar as oito Competencias clave. Os resultados da avaliación inicial reflectiranse na aplicación XADE e/ou no caderniño do profesor. Os instrumentos empregados para a realización de dita avaliación son a observación directa na aula así como probas obxectivas orais e escritas.

11.4. Actividades de recuperación e reforzo.

Reforzo e ampliación .

O proxecto parte do recoñecemento de que, en cada clase hai alumnos / as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ao perseguir o obxectivo de que cada alumno / a parte do proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance éxito de acordo co seu nivel de habilidade, capacidade e interese.

A variedade de exercicios e actividades utilizados nos materiais permite que todos os alumnos / as podan atopar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos /as sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para os que precisan de máis apoio.

As actividades as que nos referimos son as seguintes:

- Actividades extra na Guía do Profesor.
- Actividades extra na Teacher's Guide.
- Actividades opcionais no Teacher's Guide.
- As actividades propostas no Teacher's Resource CD-ROM:
- Mixed Ability Worksheets: con 4 niveis diferentes de actividades:

Worksheet 1: Catch up: para revisión xeral.

Worksheet 2: Support: para consolidación extra.

Worksheet 3: Reinforcement: para práctica extra ó nivel del AB.

Worksheet 4: Extension: para un desafío maior.

-Extra activity worksheets: cut-outs, word cards, actividades de consolidación basadas nas leccións intercurriculares, os fotogramas ,as historias co guión impreso, mini books e actividades de cut-out para as unidades de festivals.

As actividades propostas nos Activities Book.

As actividades extra propostas no Activity Book:

Finished para aqueles alumnos/as que rematen rápido e baseadas no contido da lección.

De desenrolo das Competencias clave.

Algunhas actividades contribúen máis especificamente ó desenvolvemento dunha ou varias Competencias clave, entre as que se incluírían:

Brainstorming, Role-plays.

Actividades interactivas.

Actividades na pizarra dixital.

Actividades baseadas en distintos soportes.

Actividades de investigación o estudos de casos.

Actividades en grupo

Interpretacións de datos, gráficas, etc.

Textos culturais, cancións, rimas, etc.

Actividades nas que se traballan as emocións.

A Avaliación da aprendizaxe en Educación Primaria será continua e global terá en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo. A mestra/o mestre avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de logro das competencias como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente.

As actividades de avaliación poderían clasificarse en varios niveis:

-Actividades de avaliación formativa, onde o profesor/a avaliará o traballo continuado dos alumnos/as e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización das actividades como:

Exercicios do Activity Book.

Exercicios do Review , (CB y AB).

- De avaliación sumativa con la realización das diversas actividades de avaliación referidas en All About Us! (Teacher's Resource CD-ROM):

Unit tests 1-6 (standard, higher y challenge)

End-of-term 1-3 (standard, higher y challenge)

End-of-year test (standard, higher y challenge)

-Actividades de autoavaliación e autoestudio, nas que o alumno iníciase en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas:

-As actividades propostas nos Skills Builder Book: ademáis de consolidalo aprendido na clase, perite aos alumnos/as comprobar os seus coñecementos e rexistrar os seus progresos para cada unidade.

-O self-evaluation de cada unidade (AB).

-A s táboas de vocabulario 1-6 (Teacher's Resource CD-ROM).

- Complementarias.

Este tipo de actividades entre as que se incluírían conmemoración de festividadeas características de la sociedade anglosaxona, serán preparadas polas mestras de Inglés do centro e traballadas no libro de texto.

11.5. Criterios de avaliación.

Os criterios de avaliación que establece o currículo para o segundo curso de Educación Primaria na área de lingua estranxeira están organizados en cinco seccións principais: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia intercultural, e son os seguintes:

Bloque 1. Comprensión de textos orais.

-B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que

non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.

-B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.

-B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares.

-B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción.

-B2.1. Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.

-B2.2. Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.

-B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos.

-B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.

-B3.2. Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.

-B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas relacionadas coas convencións ortográficas básicas que expresan pausas, exclamacións e interrogacións.

-B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando unha entoación e pronuncia adecuadas.

Bloque 4. Producción de textos escritos

-B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da

súa contorna máis inmediata e de asPETos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.

-B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.

-B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural.

-B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.

-B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.

-B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.

-B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.

-B5.5. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.

-B5.6. Comprender e expresar a posesión.

-B5.7. Expresar e identificar os seus gustos.

-B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.

-B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.

-B5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e, ou”, adecuándoas aos propósitos comunicativos.

-B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.

-B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.

-B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.

-B5.14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.

-B5.15. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada..

11.6. Estándares de aprendizaxe medibles.

Os estándares de aprendizaxe para este curso foron organizados en cinco seccións principais: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia intercultural. Recollemos a continuación o lexislado:

Bloque 1. Comprensión de textos orais.

-PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.

-PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.

-PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.

-PLEB1.4. Segue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down...).

Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción.

-PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles.

-PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).

-PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.

-PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.

-PLEB2.5. Aмосa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos.

-PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.

-PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.

-PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.

-PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.

Bloque 4. Produción de textos escritos.

-PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.

-PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.

-PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.

-PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...).

-PLEB4.5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural.

-PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.

-PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social.

-PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais.

-PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me...).

-PLEB5.5. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximas á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado.

-PLEB5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas.

-PLEB5.7. Expressa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa.

-PLEB5.8. Expressa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.

-PLEB5.9. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos.

-PLEB5.10. Diferencia preguntas e respostas moi simples.

-PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades.

-PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións etc.

-PLEB5.13. Expressa estados de ánimo elementais (happy / sad, bored...).

-PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.

-PLEB5.15. Amonsa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.

-PLEB5.16. Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.

11.7. Criterios de promoción da Lingua Inglesa.

- 1.Exprésase oralmente , de forma clara e ordeada, utilizando o léxico adecuado ó seu nivel.
- 2.Comprende mensaxes orais sinxelos.
- 3.Participa en situacións de comunicación ,empregando os hábitos e as normas convencionais que as rexen (quendas de intervención , petición de palabra...)
- 4.Le e comprende textos sinxelos breves en Inglés .
- 5.Escribe dun xeito lexible, de forma clara, ordeada e limpa, respectando a direccionalidade, linealidade e separación de palabras.
- 6.Realiza textos sinxelos curtos con sentido, coherencia e vocabulario axeitado , respectando as normas ortográficas elementais :
maiúsculas e punto final.
- 7.Memoriza e reproduce textos orais : Chants, cancións,Nursery Rhymes...
- 8.Identifica palabras, e letras.

Nota aclaratoria:

Estes son os criterios de promoción da área de lingua inglesa en 2º EP.

Estes criterios de promoción serán establecidos a nivel de centro durante este curso escolar.

11.8. Criterios de avaliación.

Xa foron expostos no apartado dos contidos das Unidades Didácticas dos distintos niveis de Educación Primaria.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS CCBB.

Mínimos esixibles:

2º NIVEL de Educación Primaria:

- Coñecer as distintas formas de saludos(Greetings) e despedida.
- Coñecer a forma de presentación: I´m(Annie). How are you? E resposta.
- Coñecer os números do 1 1ó 20 de xeito oral e escrito.
- Coñecer as cores en Inglés de xeito oral e escrito.

-What's your name?

-How are you? I'm fine, thanks.

-I'm wearing (trainers)...

-He's wearing....

-Where's my...?

-Coñecer ou identificar os días da semana e os meses do ano. what's the day today?

-Coñecer ou identificar o vocabulario relacionado co tempo atmosférico.

-Comprender e coñecer vocabulario utilizado en el aula.

-Pedir permiso. Can I go .../ drink...?

-I have got/ I haven't got (legs).

-What's this?

-Where are you going?

-I like.../ I don't like...

-Receptive language: come on, I'm bored, come and see.

-It's ...(fantastic).

-The.... is in the

-Coñecer preposicións sinxelas.

-Have you got...(a pet)?

-Coñecer algunhas cancións das Unidades.

-Vocabulario relativo á cultura e dos países de fala inglesa.

-Coñecer ao menos o 75 % do vocabulario das seis unidades do libro de texto..-

11.9. Criterios de cualificación de 2º de Educación Primaria da área da Lingua Inglesa.

Comprensión oral e escrita	25%
Expresión oral e escrita	25 %
Controis e probas	30 %
Esforzo ,progreso e actitude	20%

11.10. Rúbrica de avaliación de competencias.

Incluimos un modelo denominado Rúbrica de Avaliación de competencias para cada unidade e para o curso completo que nos permite avaliar o grao de adquisición das competencias clave indicando o nivel de cualificación que vai adquirindo o alumno.

Na rúbrica indícase cada unha das competencias clave seguidas do seu especificque en indicadores. No modelo correspondente a cada unidade inclúense unicamente as competencias e os indicadores que se desenvolveron concretamente nesa unidade; en cambio, no modelo proposto para a avaliación xeral inclúense tódalas competencias e tódolos seus indicadores. Á hora de avaliar coas rúbricas, recoméndase cualificar, en primeiro lugar, cada un dos indicadores ou aqueles nos que se centrou o profesor, obtendo deste xeito unha visión global da competencia para avaliála seguidamente.

No proceso de avaliación, identificamos cinco niveis de cualificación, e para o seu rexistro aconsellamos a seguinte escala cualitativa ordenada de menor a maior: Insuficiente (IN): Non conseguido; Suficiente (SU): Conseguido con nivel baixo nos diferentes ámbitos; Ben (BE) Conseguido con nivel medio; Notable (NT): conseguido con nivel alto, e Sobresaliente (SB): Conseguido totalmente. Para establecer os criterios de cualificación deben aplicarse estes niveis ós criterios de avaliación detallados para a área de lingua estranxeira. Para poder avaliar ós alumnos, o profesorado precisa unha serie de instrumentos que lle permitan obter uns datos concretos. No modelo propoñemos os instrumentos que cremos máis indicados para a obtención destes datos, como poden ser:

observación, proba escrita, proba oral, caderno de clase, portfolio. O profesor poderá modificar a modelo substituíndo ou incluíndo outros instrumentos empregados. Os indicadores nos que se especifican as competencias clave, que incluímos na modelo, e que nos permiten demostrar a competencia real do alumno para esta materia e este curso son os que indicamos a continuación:

1.Competencia en comunicación lingüística (CL).

Indicadores
CL1. ESCOITAR
CL1.1. Identifica palabras, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese.
CL1.2. Identifica frases sinxelas, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese .
CL1.3. Capta a idea global en textos orais e identifica algúns detalles específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.
CL1.4. Recoñece aspectos sonoros, de ritmo, acentuación e entoación de expresións que aparecen nos contextos comunicativos habituais.
CL2. FALAR
CL2.1. Canta unha canción empregando de maneira axeitada os elementos lingüísticos e paralingüísticos apropiados.
CL2.2. Recita tonadillas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. coa entoación e pronuncia axeitadas.
CL2.3. Participa en representacións sinxelas.
CL3. CONVERSAR
CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.

CL4. LER

CL4.1. Le palabras presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares e de interese.

CL4.2. Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares de interese.

CL5. ESCRIBIR

CL5.1. Escribe palabras a partir de modelos e cunha finalidade esPEífica.

CL5.2. Escribe frases a partir de modelos e cunha finalidade esPEífica.

2. Competencia matemática, científica e tecnolóxica (CMCT).

Indicadores

CMCT1. Conta números ata o 10.

CMCT2. Resolve problemas sinxelos.

CMCT3. Relaciona os elementos e recursos fundamentais coa vida das persoas.

3. Competencia dixital (CD).

Indicadores

CD1. Utiliza o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira.

4. Aprender a aprender (AA)

Indicadores

AA1. Usa estratexias para aprender a aprender, como usar dicionarios visuais.

AA2. Usa estratexias básicas de comprensión como captar a idea global en textos orais coa axuda dos elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.

AA3. Usa estratexias básicas de interacción, como pedir axuda, acompañar á comunicación con xestos, etc.

5. Competencias sociais e cívicas (SC).

Indicadores

SC1. Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.

SC2. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación coas outras persoas.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEE).

Indicadores

SIEE1. Mostra interese e curiosidade por aprender a lingua estranxeira.

SIEE2. Identifica asPETos persoais que lle axudan a aprender mellor.

7. Conciencia e expresións culturais (CEC).

Indicadores

CEC1. Recoñece algunhas manifestacións culturais presentes no mundo anglosaxón.

CEC2. Realiza composicións plásticas sinxelas.

CEC3. Reproduce esquemas rítmicos e melódicos coa voz.

CEC4. Participa e goza dos xogos e escenificacións.

11.11. Rúbrica de avaliación de contidos

Inclúese un modelo denominado Rúbrica de Avaliación de contidos xeral que nos permite avaliar o nivel que adquiriu o alumno, ademais dunha táboa de consulta cos distintos niveis de adquisición para cada un dos estándares de aprendizaxe de cada bloque lingüístico.

Elementos de avaliación

Existe unha relación entre os distintos elementos do currículo que interveñen no proceso de avaliación: criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave e indicadores. Na seguinte táboa recollemos estes elementos organizándoos en catro bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos.

ELEMENTOS DE AVALIACIÓN:

Bloque 1. Comprensión de textos orais

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias – Indicadores	
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que	PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.	CL	<p>CL1.3. Capta a idea global en textos orais e identifica algúns detalles específicos coa axuda dos elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.</p> <p>CL1.4. Recoñece aspectos sonoros, de ritmo, acentuación e entoación de expresións que aparecen nos contextos comunicativos habituais.</p>

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias – Indicadores	
axude á comprensión.			
B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.	PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.	CL	CL1.1. Identifica palabras, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese.
B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares.	PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.	CL AA	CL1.2. Identifica frases sinxelas, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese. AA2. Usa estratexias básicas de comprensión como captar a idea global en textos orais coa axuda dos elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.
B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.	PLEB1.4. Segue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa	CL	CL1.3. Capta a idea global en textos orais e identifica algúns detalles específicos coa axuda dos elementos lingüísticos e non

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias – Indicadores
	contorna (Open/close the book, sit down...).	lingüísticos do contexto.

Bloque 2. Producción de textos orais: Expresión e interacción.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias – Indicadores
B2.1. Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and / or).	PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles.	CL CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.
B2.2. Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).	CL CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias – Indicadores	
<p>necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.</p>	<p>PLEB2.3. Aмосa unha actitude de escoita atenta.</p>	<p>CL SC</p>	<p>CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.</p> <p>SC2. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación coas outras persoas.</p>
<p>B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.</p>	<p>PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.ex. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.</p>	<p>CL SC</p>	<p>CL2.1. Canta unha canción empregando de maneira axeitada os elementos lingüísticos e paralingüísticos apropiados.</p> <p>CL2.2. Recita tonadillas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. coa entoación e pronuncia axeitadas.</p> <p>SC1. Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.</p>
	<p>PLEB2.5. Aмосa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira</p>		

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias – Indicadores	
<p>B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.</p>	<p>PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionados cos temas traballados previamente de forma oral.</p>	CL	<p>CL4.1. Le palabras presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares e de interese.</p> <p>CL4.2. Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares de interese.</p>
<p>B3.2. Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.</p>	<p>PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.</p>	CL	<p>CL4.2. Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares de interese.</p>
<p>B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas relacionadas coas convencións ortográficas básicas que expresan pausas, exclamacións e interrogacións.</p>	<p>PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.</p>	CL AA	<p>CL4.2. Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares de interese.</p> <p>AA1. Usa estratexias para aprender a aprender, como usar dicionarios visuais.</p>

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias – Indicadores	
B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando unha entoación e pronuncia adecuadas.	PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.	CL AA	CL4.2. Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares de interese. AA1. Usa estratexias para aprender a aprender, como usar dicionarios visuais.

Bloque 4. Producción de textos escritos.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias – Indicadores	
B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.	CL	CL5.1. Escribe palabras a partir de modelos e cunha finalidade específica.
B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para	PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi	CL	CL5.2. Escribe frases a partir de modelos e

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias – Indicadores	
a produción de textos escritos.	sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.		cunha finalidade específica.
B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.	PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.	CL	CL5.2. Escribe frases a partir de modelos e cunha finalidade específica.
	PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...)		
	PLEB4.5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.	CL AA	CL5.2. Escribe frases a partir de modelos e cunha finalidade específica. AA1. Usa estratexias para aprender a aprender, como usar dicionarios visuais.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias – Indicadores	
B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.	PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao d.	SC	SC2. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación coas outras persoas.
B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.	PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social.	CL SC	CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. SC2. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación coas outras persoas.
B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.	PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais.	CL SIEE	CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. SIEE1. Mostra interese e curiosidade

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias – Indicadores	
			por aprender a lingua estranxeira.
B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.	PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me...)..	CL SC	CL1.2. Identifica frases sinxelas, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese. SC2. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas.
B5.5. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.	PLEB5.5. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado.	CL	CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.
B5.6. Comprender e expresar a posesión.	PLEB5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas	CL	CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.
B5.7. Expresar e identificar os seus gustos.	PLEB5.7. Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you cant/can't), o acordo (That'sright).	CL	CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias – Indicadores	
			comunicación predicibles.
B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	PLEB5.8. Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.	CL	CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.
B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.	PLEB5.9. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos.	CL	CL1.2. Identifica frases sinxelas, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese.
B5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e, ou”, adecuándoas aos propósitos comunicativos.	PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples.	CL	CL1.4. Recoñece aspectos sonoros, de ritmo, acentuación e entoación de expresións que aparecen nos contextos comunicativos habituais.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias – Indicadores	
<p>B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.</p>	<p>PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades..</p>	<p>CL SC</p>	<p>CL2.3. Participa en representacións sinxelas.</p> <p>SC1. Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.</p>
<p>B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.</p>	<p>PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións, etc..</p>	<p>CL SC</p>	<p>CL1.1. Identifica palabras, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese.</p> <p>CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.</p> <p>CL4.2. Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares de interese.</p> <p>CL5.1. Escribe palabras a partir de modelos e cunha finalidade específica.</p> <p>SC1. Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa</p>

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias – Indicadores	
			actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.
B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.	PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...).		
B5.14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación	PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.		
B5.15. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr	PLEB5.15. Aмосa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.		

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias – Indicadores	
unha competencia integrada.			
	PLEB5.16. Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.		

11.12. Procedementos para avaliar a propia programación.

Avaliación da práctica docente.

Os mestres avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que incluimos a continuación un modelo cos indicadores de logro e os elementos a avaliar. Esta programación revisarase anualmente baseándose nas conclusións obtidas durante as reunións de ciclo que se realizan unha vez ao mes durante o curso, e das reunións de avaliación . Nestas xuntanzas faranse propostas de mellora. Teránse en conta as valoracións dos resultados obtidos, porcentaxes de alumnado que supera os contidos da materia, niveis de competencia acadados, consecución de obxectivos por grupos...., así como tamén as medidas tomadas no seu momento para solucionar os diversos problemas que puntualmente puideran xurdir.

Avaliación da Programación

Observacións-Decisións

Adaptabilidade e consecución dos obxectivos		
Enfoque metodolóxico		
Criterios e instrumentos de avaliación		

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Non todos os alumnos teñen as mesmas capacidades nin teñen a mesma motivación ou ritmo de aprendizaxe. Por iso presentaremos unha gran variedade de actividades. Estas actividades atéñense a criterios didácticos que contemplan o grao de dificultade e o tipo de aplicación que se pode facer das mesmas. Con este fin, inclúense actividades de motivación, actitudes previas, diagnóstico de coñecemento, de ampliación, de esforzo e de avaliación.

A intervención educativa terá en conta ós alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade física, sensorial, sobredotación ou que necesite axudas técnicas e linguaxes alternativas, seguiranse as directrices que marque o Plan de Atención á Diversidade do Centro.

Todo o que se faga nesta materia será de acordo co diagnóstico psicopedagóxico en estreita relación co Departamento de Orientación do Centro e en sintonía cos profesores compañeiros de Pedagogía Terapéutica.

A diversidade derivada do interese dos alumnos atenderase a través dunha metodoloxía plural para que cada alumno aprenda de acordo coa súa situación persoal. Na programación tense en conta unha serie de aspectos que permiten individualizar o máis posible o proceso de ensino- aprendizaxe. Para iso adóptanse as seguintes medidas:

- a) Distinguir entre contidos prioritarios, complementarios e de ampliación elixíndose en cada caso máis apropiado.
- b) Propoñer variedade de actividades para un mesmo contido, non todos os alumnos realizaran as mesmas actividades.

- c) Utilizar metodoloxías diversas.
- d) Empregar materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade.
- e) Favorecer agrupamentos en clase que posibiliten a interacción; agrupamentos flexibles e grupos distintos.
- f) Graduar as diversas aproximacións que poden darse a un mesmo criterio de avaliación.

Ademais para a atención á diversidade temos o correspondente Equipo de Orientación e as titora e dúas coidadoras, que velan para que se lles ofrezca unha educación de calidade e atendan as súas necesidades e características individuais.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Terase en conta a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de interese e capacidades do alumnado:

-ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA): Os contidos nucleares da unidade didáctica ou traballos preséntanse de xeito máis pautado, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos e alumnas.

-PLANS INDIVIDUAIS: dirixidos a alumnos/as que requiren, (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación), con fichas de reforz e / ou ampliación.

-ACTIVIDADES MULTINIVEL: que os alumnos e alumnas atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións.

16. POSIBLES ESCENARIOS EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA:

ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E / OU NON PRESENCIAL.

En canto aos diferentes escenarios de ensinanza aprendizaxe neste ano tan atípico, contéplanse tres supostos:

-Ensinanza presencial: desenvolveríase de maneira relativamente normal. Afectaría a actividades de rotación e traballo en grupo, que mentres dure esta situación sanitaria, non se poderían realizar e se adaptaron para facelas evitando contactos entre alumnos/as e movementos na aula.

-Ensinanza non presencial: mediante a aula virtual. Maioritariamente a mestra realizará vídeos coas explicacións, nas que o alumnado poderá ver á mestra, as fichas, o libro de contos e outros materiais na pantalla, de xeito que podan acceder a diferentes audios tanto da mestra como de outras fontes para traballar a parte oral da lingua inglesa. Tamén realizaranse debuxos e traballos con letra escrita, tanto en formato dixital como por escrito ao seu nivel, ademáis de mandar audios para traballar a súa pronunciación. En caso de alumnado sen conectividade, procederase ao envío de material por outros sistemas como o correo electrónico , Whatsapps ,etc... Este alumnado pola súa idade precisará a axuda dun adulto para este tipo de ensinanza.

-Ensinanza semipresencial: alternarase o ensino presencial co ensino a partir da aula virtual. Este alumnado a estas idades precisará tamén a axuda dun adulto para este tipo de ensinanza e para a realización das actividades propostas.

13. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.

OS CONTIDOS TRANSVERSAIS.

O currículo oficial recoñece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Por iso, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das áreas, o atravesan ou o impregnan. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas comúns ou transversais. A LOE, no seu artigo 19.2, de principios pedagóxicos, determina que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores se traballaran en todas as áreas.

Este documento amosa a integración das ensinanzas transversais nos obxectivos, nas competencias, nos diferentes bloques de contidos e nos criterios de avaliación, que se poderían plasmar na área de inglés desta maneira, tendo en conta a nova lei LOMCE:

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

-Amosar actitudes de solidariedade, colaboración e axuda á hora de realizar actividades de grupo .

-Aceptar as limitacións propias e respectar as dos demais.

-Valorar o noso patrimonio musical, como parte do patrimonio cultural e artístico de Galicia.

EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Partir do diálogo como principio para resolver os conflitos.
- Aprender a non impoñer as nosas propostas fronte ás dos demais´
- Tentar ofrecer a nosa propia experiencia como forma de axuda a dos demais, principalmente na realización de actividades en grupo.

EDUCACIÓN AMBIENTAL E PARA A SAUDE

- Coidar a hixiene do aparato vocal mediante o control da voz, a respiración, a articulación..., para poder cantar e falar correctamente.
- Desenvolvemento de actitudes críticas sobre a contaminación acústica e os posibles prexuízos que esta produce na nosa saúde.
- Valorar e procurar o silencio como condición necesaria para o desenvolvemento das experiencias musicais.

EDUCACIÓN PARA O CONSUMO RESPONSABLE.

- Ser quen de ensinar ao noso alumnado a necesidade de actuar con responsabilidade diante da cantidade de produtos que o mercado ofrece, evitando a influencia perniciosa da publicidade.

CULTURA DA NOSA COMUNIDADE AUTONOMA.

- Usar a música como medio ideal para coñecer as manifestacións culturais de Galicia, e a partir de aquí as doutras Comunidades Españolas, Europeas e Universais.

14.CONTRIBUCIÓN DA ÁREA A.

14.1.Proxecto lector.

Farase no momento da xornada escolar que o/a mestre/a considere máis axeitado. Na clase de inglés, tamén adicaremos as especialistas un tempo á lectura de contos, contos da biblioteca do centro, revistas, cómics, etc... neste idioma nas sesións de Inglés.

14.2. Plan TIC.

PLAN DE INTEGRACION DAS TICS.

Tamén realizaremos actividades relacionadas coas Novas Tecnoloxías, utilizando distintos CD´s de xogos en Inglés e escoitaremos diversos contos relacionados co método da aula, así coma outros contos tradicionais en Inglés e contos ingleses, os "Nursery Rhymes" e máis cancións tradicionais inglesas.

Os nenos/as traballarán en parellas ou pequenos grupos para que se poidan turnar no manexo do ordenador da aula e na pantalla dixital, durante períodos de non máis de 5 minutos, mentres o resto do grupo mira e axuda a solucionar as actividades.(Se a situación da pandemia o permite).

14.3 Plan de convivencia.

Accións de contribución ao plan de convivencia

Tal como se está a plantexar no Plan de Convivencia as accións son:

Actuacións preventivas.

Actividades que favorezan a relación de familia e centro.

Actividades de sensibilización fronte o acoso.

Actividades para a integración e participación do alumnado.

Actuacións do profesorado titor para a integración do alumnado de ingreso

Actividades de sensibilización da comunidade educativa en igualdade homes e mulleres.

Actuacións conxuntas de órganos de goberno, de coordinación docente entre distintos equipos docentes e a orientadora.

Actuacións específicas para a prevención da violencia sexista, racista ou outro tipo.Todas estas accións son desenvolvidas mediante a asistencia á charlas, participación en diferentes concursos de coeducación....

Ademais na aula:

-Amosar actitudes de solidariedade, colaboración e axuda á hora de realizar actividades de grupo .

-Aceptar as limitacións propias e respectar as dos demais.

-Valorar o noso patrimonio musical, como parte do patrimonio cultural e artístico de Galicia e de países de fala Inglesa.

14.4. Proxecto lingüístico.

A participación activa nas actividades propostas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega para desenvolver o Plan de Fomento do uso do galego neste curso son:

-Recollida e selección de material en galego para o alumnado inmigrante do centro.

-Dende a área de lingua Inglesa participaremos e cooperaremos participando nas actividades propostas que se propoñan desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

15. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

Participarase en tódalas actividades que se recollan no Proxecto Educativo a nivel de centro e a maiores na área de Lingua Estranxeira (Inglés) realizaranse as actividades seguintes:

- Halloween.
- Christmas
- Carnival
- Easter

16. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS.

a) Reunión dos mestres/as titores cos pais e as nais do alumnado do seu curso antes do 30 de novembro para informalos sobre os seguintes aspectos: funcionamento e organización da aula e do centro, necesidade de materiais, programación xeral do curso, procedementos e criterios de avaliación, horarios, profesorado, funcionamento dos diversos plans e proxectos educativos cos que conta o centro, funcionamento da ANPA, procedementos de comunicación a utilizar entre o centro e as familias, dereitos e deberes do alumnado e das familias no cumprimento das súas respectivas responsabilidades. Para esta charla utilizarase como guión unha circular informativa elaborada polo equipo directivo e que se repartirá a todas as familias do alumnado do centro.

b) Fixar anualmente no plan anual de centro o día da semana e a hora de titoría coas familias.

c) Manter reunións cos pais e as nais, polo menos unha ao trimestre, para informar sobre os resultados e marcha académica dos seus fillos/ás.

d) Celebrar entrevistas periodicamente coas familias do alumnado que presente un baixo rendemento ou problemas de comportamento, co fin de paliar estes dentro do posible.

e) Facer partícipes ás familias dos traballos escolares significativos que vaia realizando o alumnado e dos resultados neles obtidos para a súa supervisión e seguimento.

f) Favorecer a participación dos pais na vida do centro, facilitándolles información dos diversos temas, así como os medios e o asesoramento precisos para unha execución máis eficaz das súas competencias.

g) Confeccionar e emitir con carácter periódico circulares dirixidas ás familias nas que se oriente sobre a adquisición de determinados hábitos que permitan unha mellora na formación, socialización e desenvolvemento da autonomía persoal do alumnado: hábitos de traballo, hábitos lectores, hábitos de saúde e hixiene, hábitos de respecto e coidado do medio, comportamentos cidadáns, etc.

h) Utilizar a Axenda Escolar como vehículo de Información Titorial que sirva de enlace e comunicación entre o centro e a familia.

Todo isto levarase a cabo en tódolos niveis. Na área de Linguas Inglesa as familias estarán continuamente informadas xa o que o alumnado levará a súas casa as actividades realizadas na aula, ademais dos exames e controis realizados. As mestras de Inglés estará en permanente contacto cos / cas titores/as e informaranlles das aprendizaxes e evolucións do alumnado e de outras informacións necesarias.

PROGRAMACIÓN DO 3º NIVEL

DE

EDUCACIÓN PRIMARIA.

Mestra: M^a Esther Rodríguez Velasco.

C.E.I.P. CAMPOMAIOR-(Ordes).

Curso 2021-2022.

1-INTRODUCCIÓN

Xustificación da programación.

As vantaxes e oportunidades que nos ofrece a presente Lei de Educación (LOE), modificada pola Lei 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), as particularidades do currículo desenvolvido para a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, as esixencias e necesidades cada vez máis pluriculturais da nosa sociedade, xunto coas directrices establecidas polo Consello de Europa no Marco común europeo de referencia para as linguas, son claves significativas que quedan reflectidas no proxecto All About Us.

Cunha clara vocación educativa e de aprendizaxe, onde os alumnos aprenden Inglés a través de actividades motivadoras con carácter lúdico, que permiten de maneira inconsciente e natural a adquisición da lingua estranxeira, e que encerran o reto de potenciar a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento dunha lingua estranxeira, non só como unha materia máis, senón coma o descubrimento dun mundo externo do que todos formamos parte responsable, promóvese a interacción na clase para desenvolver unha actitude de alerta cara ás normas e ós valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para a etapa da Educación Primaria.

A finalidade do noso proxecto é, en primeiro lugar, conseguir que o alumnado adquira tódalas competencias marcadas pola LOMCE, centrándonos, como é lóxico, na competencia en comunicación lingüística, e facendo especial énfase nas competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Por outra banda, incorporar o conxunto de elementos transversais no proceso de aprendizaxe, recollidos tamén pola LOMCE. Como é de agardar, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC traballaranse intensamente ó longo de todo o proceso. Así mesmo terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos eidos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Este proxecto ten en conta cambios tan significativos e evidentes coma a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de executar unha tarefa, elementos que se converteron nunha prioridade e nun instrumento clave no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ó longo de toda a vida.

Neste proxecto, o profesorado deberá crear as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe, atendendo particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e á busca do desenvolvemento do talento de cada un deles. Así mesmo preparará e organizará o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo; coordinará accións, impulsando actitudes positivas cara ó idioma e á cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese do alumno cara ó novo e á creatividade, participando de maneira activa e reflexiva, e tratando os erros coma sinais de progreso. Pola súa parte, o alumnado debe participar de maneira activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo, como define a LOMCE, o centro e a razón de ser da educación.

A aprendizaxe dunha Lingua Estranxeira é considerada un elemento enriquecedor, tanto polas necesidades culturais dos nosos tempos como polo alto grao de compatibilidade dos procedementos involucrados na aprendizaxe do Inglés cós obxectivos propostos pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio.

A capacidade dos nenos para aprender idiomas é coñecida e aceptada pola maioría dos esPEialistas, ao que se engade a posibilidade de integrar ó ensino do Inglés na metodoloxía en xeral.. Ao iniciar o estudo dunha Lingua Estranxeira a una idade temperá, pretendese que a adquisición da lingua se realice dun xeito lúdico e estimulante que prepare ó neno para o proceso continuado que abarcará a Educación Primaria e Secundaria na súa totalidade.

Así, a introdución temperá de Linguas Estranxeiras ou adicionais debe ser entendida en relación co contexto educativo en que ten lugar. Para o alumnado de Educación Primaria da Comunidade Autónoma de Galicia, o Inglés é a terceira lingua dentro do seu sistema de educación bilingüe.

A presente programación está baseada na ORDE do 23 de xullo de 2014 pola que se regula a implantación para o curso 2014/2015 dos cursos primeiro, terceiro e quinto de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o calendario de aplicación da Lei orgánica 8/2013, para a mellora da calidade educativa, LOMCE (Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa).

Nesta programación os cursos a ter en conta para dita aplicación son primeiro e terceiro, xa que corresponde ao primeiro e segundo ciclo de Educación Primaria. Con esta nova Lei, a Lingua Estranxeira no primeiro nivel do primeiro ciclo (primeiro) mantén as dúas sesións de Inglés semanais; pola contra, no primeiro nivel do segundo ciclo de Educación Primaria (terceiro), incrementa as súas sesións pasando a ter tres sesións semanais de Lingua Estranxeira.

1.2. As Competencias clave Integradas.

A sociedade actual, cada vez máis heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán competente, que saiba o que fai e o que di de maneira creativa e autónoma.

Desde a área de linguas estranxeiras, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interaccionan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continuo, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, será capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Cabe destacar o carácter combinado da aprendizaxe por competencias: o alumno, mediante o que sabe, debe demostrar que sabe aplicalo, pero ademais que sabe ser e estar. De esta maneira vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do alumno. En suma, estamos recoñecendo que a institución escolar non só prepara ó alumno no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respecto ós demais, responsabilidade e cooperación.

O noso proxecto recolle e integra os diferentes elementos curriculares - obxectivos, estándares de aprendizaxe e competencias- para a ensinanza da lingua estranxeira, así como criterios e indicadores de competencias para a avaliación da adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da materia.

2. CONTEXTUALIZACIÓN.

A presente programación que expoño a continuación para o curso 2021-2022 desenvólvese nun marco legislativo de transición entre a Lei Orgánica 1/ 1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, e a nova Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación, que de acordo có Real Decreto 806/ 2006, de 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do Sistema Educativo establecida na LOE cambiado pola nova lei LOMCE.

Así mesmo, o referente inmediato desta programación será Proxecto Curricular de centro no cal inclúense Proxectos de Centro nos que participamos todos e cada un dos docentes motivando aos / as nenos/as de cara á lectura e as outras actividades.

En canto ao grupo de alumnos/as ao cal remítese esta programación, estaría formado por nenos e nenas de idades comprendidas entre os 6 e os 9 anos, agrupados en dúas unidades de cada nivel (1º, 2º, 3º) de Educación Primaria. Son nenos e nenas que xa recibiron ensinanza de Inglés en Educación Infantil.

O Ceip Campomaior é un centro que escolariza alumnos de Educación infantil e alumnos de Educación Primaria. Está situado nun entorno semiurbano, na rúa Travesía de Campomaior s/n ,15680, e pertence ao concello de Ordes (A Coruña).O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio / medio-baixo, e nel predominan os pais/nais con estudos primarios. A maioría dos nenos e das nenas son galego falantes.

O horario lectivo do centro é de luns a venres en xornada continua de 9:30 a 14:30.

A organización e funcionamento do centro axustarase ó disposto no D. 374/1996 e na O. do 22 xullo de 1997.

A distribución do alumnado por aula é a seguinte:

Curso	Número de alumnado
3º A	19
3ºB	19

En total son 38 alumnos/as. Neste curso contan cos mestres especialistas.

A lingua materna predominante nos grupos é o Galego, polo que a Lingua vehicular será tamén o Galego.

2.1. Características dos nenos/as de primaria.

Durante a Educación Primaria os nenos e as nenas progresan paulatinamente no seu desenvolvemento cognitivo e utilizan estratexias de organización e xestión das aprendizaxes máis elaboradas. Así organizan e amplían progresivamente os seus esquemas cognitivos e van formando una visión máis axustada da realidade.

Como consecuencia da súa rodaxe social, os nenos e as nenas van superando o pensamento centrado en si mesmos e dirixen a súa atención aos aspectos obxectivos da realidade; son capaces de entender os puntos de vista doutros e comezan a percibir a súa situación do medio. É moi importante propoñer actividades de grupo que facilitan a relación e inserción social. Tamén adquire una grande importancia o traballo dos contidos transversais e a educación en valores nas diversas áreas, co fin de potenciar a reflexión e a capacidade crítica, e a progresiva toma de posición persoal.

Neste proceso, é necesaria a presenza dun campo de experiencia amplo e rico en estímulos formativos, que teñen en conta a diversidade de capacidades, intereses e estilos cognitivos dos alumnos, e dun profesorado que guíe, medie e oriente, é fundamental.

3. DESEÑO CURRICULAR

3.1. LOMCE

As vantaxes e oportunidades que nos ofrece a presente Lei de Educación (LOE), modificada pola Lei 8/2013, de 9 de Decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), as esixencias e necesidades cada vez máis pluriculturales da nosa sociedade, xunto coas directrices establecidas polo Consello de Europa no Marco Común Europeo de referencia para as linguas, son tres claves significativas que quedan reflexadas no Proxecto do texto All About Us en todos os niveles.

Cunha clara vocación educativa e de aprendizaxe onde os alumnado aprenden Inglés a través de actividades motivadoras con carácter lúdico que permita de forma inconsciente e natural a adquisición da lingua estranxeira, e que conteña o reto de potenciar a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento dunha lingua estranxeira non só como unha materia máis senón coma o descubrimento dun mundo externo do que formamos parte e que o alumnado adquira topalas competencias marcadas pola LOMCE centrándonos, como é lóxico, na competencia en comunicación lingüística e facendo fincapé nas competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e sentido da iniciativa

e espírito emprendedor. Por outra parte, incorporar o conxunto de elementos transversais, recollidos tamén na LOMCE, ó proceso de aprendizaxe.

Como era de esperar a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC, traballaranse intensamente ó longo de todo o proceso, pero tamén terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade afectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos ámbitos, co rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo o xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo o desenrolo sostible e o medio ambiente, os riscos no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenrolo do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Este proxecto ten en conta cambios como a globalización que esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira e o impacto das Novas Tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de realizar unha tarefa. Elementos que se converteron nunha ferramenta clave no proceso de aprendizaxe, non só nesta Etapa senón ó longo de toda a vida.

Deste xeito os mestres e mestras crearemos as condicións esenciais para que esa aprendizaxe se produza atendendo á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumn@ e a búsqueda do desenrolo do talento de cada un deles. Preparará e organizará o traballo, axudando no desenrolo do mesmo; coordinará accións; impulsando actitudes positivas cara o idioma e a cultura inglesa, captando e desenrolando o interese do alumn@ cara o novo e a creatividade, intervindo de forma activa e reflexiva, e tratando os erros coma signos de progreso.

Pola súa parte, o alumnado debe participar de forma activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo, como define a LOMCE, o centro e a razón de ser da educación.

3.2. Currículo

A definición de currículo que a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa recolle no seu artigo 6 é a seguinte: enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas.

O currículo estará integrado polos seguintes elementos:

- a) Os obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa: referentes relativos ós logros que o alumno debe alcanzar ó finalizar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensinanza-aprendizaxe intencionalmente planificadas con tal fin.
- b) As competencias, ou capacidades para aplicar de maneira integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- c) Os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, estratexias, destrezas e actitudes que contribúen ó logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias.

Os contidos ordénanse en materias, que se clasifican en disciplinas, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas nos que participe o alumnado.

- d) A metodoloxía didáctica, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.
- e) Os criterios de avaliación do grado de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa: referentes de avaliación que definen o que se quere valorar, o que o alumnado debe lograr, tanto en termos de conceptos como en procedementos ou actitudes. Responden directamente ó que se pretende lograr coa materia.
- f) Os estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis: concrecións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados das aprendizaxes e concretan mediante accións o que o alumno debe saber, e saber facer, en cada materia. Deben permitir graduar o coñecemento ou logro alcanzado. Teñen que ser observables, medibles e avaliáveis, xa que contribúen e facilitan o deseño de probas estandarizadas e comparables.

3.2. OBXECTIVOS.

As esixencias e necesidades na sociedade do século XXI propiciaron axustes no eido escolar, preparando ós alumnos e alumnas para vivir nun mundo progresivamente máis internacional, multicultural e multilingüe ó tempo que tecnoloxicamente máis avanzado. O noso país atópase comprometido como membro da Unión Europea no fomento e coñecemento doutras linguas comunitarias, tal como se recolle nun dos obxectivos da Estratexia de Lisboa. Pola súa parte, o Consello de Europa no Marco de Referencia Común Europeo para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, establece directrices tanto para a

aprendizaxe de linguas coma para a valoración da competencia nas diferentes linguas dun falante. Estas pautas foron un referente clave para a elaboración do currículo da área.

O currículo básico establece que a Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución práctica de conflitos, que lles permitan manexarse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e empregar de maneira axeitada a lingua castelá, a lingua cooficial da Comunidade Autónoma se a houbera, e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir polo menos nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e manexarse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, a Xeografía, a Historia e a Cultura, con especial atención ós relacionados e vinculados a Galicia.
- i) Iniciarse no emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Empregar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos demais, respectar as diferenzas e empregar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ó ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, ós prexuízos de calquera tipo e ós estereotipos sexistas.
- n) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia ás mulleres e homes que realizaron contribucións importantes á cultura e á sociedade galegas.

3.4. Competencias clave.

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006, da UNESCO e da OCDE, entre outras, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias como complemento á aprendizaxe dos contidos. Na definición que a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo, atopámonos cos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe, entre os que se atopan as competencias clave. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, o que supón un importante cambio dirixido a aquilo que o alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo no relativo ás competencias clave, que se consideran prioritarias de cara ó desenvolvemento do alumnado.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo orientado á acción e baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que serán demostrados polos alumnos (é algo máis ca unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De maneira moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os coñecementos en acción, é dicir, mobilizar os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta de aquela na que se aprendeu), activar recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Hai un aspecto que debe destacarse: formar en competencias permite a aprendizaxe ó longo de toda a vida, facendo fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento. A formación académica do alumno transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata nunca, polo que unha formación competencial dixital, por exemplo, permitirá acceder a este instrumento para obter a información que se precise en cada intre (obviamente, despois de analizarse a súa calidade). Se ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade tódolos contidos do currículo, está claro que o alumno deberá formarse nesta competencia, a de aprender a aprender.

No noso sistema educativo considérase que as competencias clave que debe ter o alumno cando remata a súa escolaridade OBRIGATORIA para enfrontarse ós retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática e Competencias clave en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas.
- Senso de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

Pero que entendemos por cada unha desas competencias de forma sucinta, e recollendo o máis significativo do que establece o currículo escolar, cada unha delas proporciona á formación persoal e intelectual do alumno o seguinte:

-Competencia en comunicación lingüística.

Trátase dunha competencia moi complexa. Está vinculada á acción comunicativa dentro dunhas prácticas sociais, na que o individuo, ademais de producir, tamén recibe mensaxes con distintas finalidades. Supón a apertura dunha vía de coñecemento, dentro e fóra da escola, enriquecemento cultural e constitúe un obxectivo de aprendizaxe permanente, considerando a lectura coma o principal medio para a ampliación da aprendizaxe e desta competencia. O individuo, mediante o emprego da linguaxe como instrumento de comunicación, pon en funcionamento unha serie de actitudes e valores como son o respecto polas normas de convivencia, o exercicio da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto ós dereitos humanos e o pluralismo, a resolución de conflitos, o desenvolvemento das capacidades

afectivas en tódolos ámbitos, interese pola aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia como fonte de pracer. A competencia en comunicación lingüística está constituída por cinco compoñentes: lingüístico, pragmático-discursivo, socio-cultural, estratéxico e persoal, que se concretan en diferentes dimensións na interacción comunicativa.

-Competencia matemática e Competencias clave en ciencia e tecnoloxía.

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Require coñecementos sobre os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral. A súa adquisición supón, en suma, establecer unha relación profunda entre o coñecemento conceptual e o coñecemento procedemental implicados na resolución dunha tarefa matemática determinada. Esta competencia inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto ós datos e a veracidade. Os ámbitos integrados na competencia matemática son os referentes ós números, a álgebra, a xeometría e a estatística.

As Competencias clave en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ó mundo físico e á interacción responsable co mesmo. Contribúen ó desenvolvemento do pensamento científico e capacitan o individuo para identificar, formular e resolver situacións da vida cotiá, para actuar fronte ós retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas. O desenvolvemento destas competencias require unha serie de coñecementos científicos relativos á Física, Química, Bioloxía, Xeoloxía, Matemáticas e Tecnoloxías, que se derivan de conceptos, procesos e situacións interconectadas; así como unhas destrezas que permitan utilizar e manipular ferramentas tecnolóxicas, datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo. As actitudes e valores integrados nestas competencias están relacionados coa asunción de criterios éticos, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico e a responsabilidade sobre a conservación dos recursos naturais e ambientais, así como a adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudable nun ámbito natural e social.

-Competencia dixital.

Implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación. Supón a adecuación ós cambios que introducen as novas tecnoloxías e a adquisición de novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente nun ámbito dixital. Require o coñecemento das principais aplicacións informáticas, e precisa do desenvolvemento de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas en distintos contextos. O individuo deberá ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles co fin de resolver os problemas reais dun modo eficiente, así como avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas, a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

A adquisición desta competencia require ademais actitudes e valores que permitan ó usuario adaptarse ás novas necesidades establecidas polas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación ós propios fins e a capacidade de interaccionar socialmente en torno a elas. Por outra parte, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborador, así como a motivación e a curiosidade pola aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.

-Aprender a aprender.

Esta competencia supón, por un lado, iniciarse na aprendizaxe e por outro, ser capaz de continuar aprendendo de xeito autónomo, aspecto fundamental para a aprendizaxe permanente. Aprender a aprender inclúe unha serie de coñecementos e destrezas que requiren unha reflexión e toma de conciencia sobre os propios procesos de aprendizaxe, polo que os procesos de coñecemento se convirten en obxecto do coñecemento e deberase aprender a executalos axeitadamente. As actitudes e valores clave na adquisición desta competencia son a motivación para aprender e a confianza para alcanzar as metas da aprendizaxe.

-Competencias sociais e cívicas.

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, para comprender a realidade social do mundo no que se vive e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural. A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo, e require a adquisición de coñecementos que permitan comprender e analizar os códigos de conduta e o comportamento adecuado para convivir en sociedade.

Os elementos fundamentais desta competencia son a capacidade de comunicarse de forma construtiva en distintos ámbitos e a seguridade nun mesmo, a integridade e a honestidade. A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís.

Nesta competencia son fundamentais a habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público, para manifestar solidariedade e interese polos problemas da comunidade, o respecto dos dereitos humanos, a igualdade, a apreciación e comprensión das diferentes relixións ou culturas. O desenvolvemento destas competencias implica afrontar os conflitos con valores éticos e exercer os dereitos e deberes cidadáns desde unha actitude solidaria e responsable.

-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Esta competencia refírese á capacidade de transformar ideas en actos, o que implica adquirir conciencia dunha situación e optar con criterio propio, levando adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral. A adquisición desta competencia é determinante para a formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento. Esta competencia require uns coñecementos relacionados coa capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais; e unhas destrezas como a capacidade de análise, de planificación, organización, xestión, toma de decisións, resolución de problemas, liderado, pensamento crítico, avaliación e autoavaliación. Require o desenvolvemento de actitudes e valores como a predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa, o autoconhecimento e a autoestima, a independencia, o interese e esforzo, e o espírito emprendedor.

-Conciencia e expresións culturais.

Esta competencia implica coñecer, apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos. Require coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a tódolos niveis. Comprende a concreción da cultura e outras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá. Incorpora o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas e a identificación entre as diferentes manifestacións artísticas e a sociedade.

A adquisición desta competencia pon en funcionamento destrezas como a aplicación de diferentes habilidades de pensamento para poder comprender, valorar, emocionarse e gozar das diferentes manifestacións artísticas. Supón, ademais, actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respecto por elas e pola conservación do patrimonio.

4.2. Instrumentos de avaliación das Competencias clave:

Observación directa do traballo diario do alumnado, así como das súas participacións nas actividades propostas na aula.

Intercambios orais: preguntas sinxelas, diálogos, debates...

Actividades específicas relacionadas cos obxectivos das competencias.

Auto-avaliación: incluiremos actividades nas que os alumnos e alumnas poidan avaliar o seu propio traballo e proceso de aprendizaxe.

3.5. Contribución da área ao desenvolvemento das CCBB.

As Competencias clave Integradas. CCBB.

A sociedade actual, cada vez máis diversa e global demanda un tipo de cidadán competente, que saiba o que di e o que fai de forma creativa e autónoma.

Desde a área de linguas estranxeiras, este adestramento necesariamente continúa, é un proceso de construción do coñecemento social e emocional que interactúan permanentemente no corpo, mente, razón e emocións. Nun proceso de aprendizaxe continua, baseada na adquisición de competencias, o alumnado, polos coñecementos que adquiriu, debe ser capaz de aplicar o que sabe en situacións específicas, é dicir, aplicar e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que ten para resolver feitos diferentes en contextos diferentes. Notablemente, o carácter combinado de aprendizaxe por competencias: o alumno, mediante o que sabe, debe demostrar que o pode aplicar, pero tamén o que sabe ser e estar.

Así, vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceitos, procedementos e actitudes), exemplo de formación integral do alumno. En suma, estamos recoñecendo que a escola non é só preparar os alumnos no coñecemento de coñecementos técnicos e científicos, senón tamén como cidadáns, para que eles poidan mostrar unha gama de actitudes sociais, cívicas e intelectuais, que implican o respecto aos outros, responsabilidade, colaboración e cooperación..

O noso proxecto de recolle e integra os diferentes elementos do currículo- obxectivos, patróns de aprendizaxe e competencias- para o ensino de criterios e indicadores de Lingua Estranxeira e de competencia para avaliar a adquisición de competencias e para a realización dos obxectivos da materia.

3.5.1. Competencias clave nesta materia.

Imos expoñer os aspectos máis relevantes no noso proxecto, a expensas do que a práctica educativa diaria poida aconsellar en cada momento:

-Competencia en comunicación lingüística:

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ó desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

-Competencia matemática e Competencias clave en ciencia e tecnoloxía.

Utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións. As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas Competencias clave o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

-Competencia dixital.

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

-Competencia para aprender a aprender.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente ó incluír contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces. Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro, entre outras.

-Competencias sociais e cívicas.

As linguas non só serven ós falantes para comunicarse socialmente, senón que tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta. Este feito favorece a comprensión da realidade social na que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración, e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente ós demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

-Conciencia e expresións culturais.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura. Esta competencia incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura,

as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

4.OBXECTIVOS.

CONCRECIÓN CURRICULAR DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

As esixencias e necesidades na sociedade do século XXI propiciaron axustes no eido escolar, preparando ós alumnos e alumnas para vivir nun mundo progresivamente máis internacional, multicultural e multilingüe ó tempo que tecnoloxicamente máis avanzado. O noso país atópase comprometido como membro da Unión Europea no fomento e coñecemento doutras linguas comunitarias, tal como se recolle nun dos obxectivos da Estratexia de Lisboa. Pola súa parte, o Consello de Europa no Marco de Referencia Común Europeo para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, establece directrices tanto para a aprendizaxe de linguas coma para a valoración da competencia nas diferentes linguas dun falante. Estas pautas foron un referente clave para a elaboración do currículo da área.

O currículo básico establece que a Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución práctica de conflitos, que lles permitan manexarse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e empregar de maneira axeitada a lingua castelá, a lingua cooficial da Comunidade Autónoma se a houbera, e desenvolver hábitos de lectura.

- f) Adquirir polo menos nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e manexarse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, a Xeografía, a Historia e a Cultura, con especial atención ós relacionados e vinculados a Galicia.
- i) Iniciarse no emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Empregar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos demais, respectar as diferenzas e empregar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ó ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, ós prexuízos de calquera tipo e ós estereotipos sexistas.
- n) Fomentar a Educación Vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia ás mulleres e homes que realizaron contribucións importantes á cultura e á sociedade galegas.

4.1. Criterios de avaliación.

Os criterios de avaliación que establece o currículo para o terceiro curso de Educación Primaria na área de lingua estranxeira están organizados en cinco seccións principais: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia intercultural, e son os seguintes:

-Bloque 1. Comprensión de textos orais.

-B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e contén co apoio visual correspondente.

-B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis relevante do texto.

-B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.

-Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción.

-B2.1. Falar de si mesmo e das persoas da súa contorna inmediata, de obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and / or).

-B2.2. Participar de forma activa e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.

-B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.

-Bloque 3. Comprensión de textos escritos

-B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.

-B3.2. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións, interrogacións e interrogacións.

-B3.3. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.

-Bloque 4. Producción de textos escritos.

-B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.

-B4.2. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.

-B4.3. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.

-Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural.

-B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.

-B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.

-B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.

-B5.4. Obter e dar información básica persoal, a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.

-B5.5. Expresar nocións básicas e relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma, cor, tempo atmosférico.

-B5.6. Expresar a localización dos obxectos.

-B5.7. Expresar e identificar os seus desexos.

-B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.

-B5.9. Recoñecer as estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.

-B5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e, ou”, adecuándoas aos propósitos comunicativos.

-B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.

-B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.

-B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.

-B5.14. Distinguir a función ou funcións comunicativas do texto e os seus expoñentes máis habituais.

5. CONTIDOS DE 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Os contidos que conforman esta materia e este curso, agrupáronse en: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia intercultural. Estes cinco bloques, relacionados cos dous centros de atención específicos: a linguaxe oral e a linguaxe escrita, recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira.

□ Bloque 1. Comprensión de textos orais

B1.1. Estratexias de comprensión:

-Activación de coñecementos previos a partir de debuxos, mímica, preguntas... para á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación breves conectadas cos seus intereses e adaptadas a súa idade.

-Interpretación das ideas principais expresadas en textos orais sinxelos a partir das súas experiencias e coñecementos.

-Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos orais, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.

-Identificación e asociación de significados apoiándose no contexto, ilustracións...

-Asociación de palabras e expresións con elementos paraverbais (entoación, pausas, énfases...) e non verbais (expresión facial, xestos...).

-Seguimento verbal e non verbal de instrucións sinxelas en situacións comunicativas habituais.

-Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos, para a adquisición do léxico e expresións cotiás da lingua estranxeira.

B1.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: familiarización cos sons, pautas de ritmo e entoación característicos da lingua estranxeira, a través do modelo do mestre/a e de recursos audiovisuais.

□ Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción.

B2.1. Estratexias de produción:

Planificación:

-Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.

Execución:

-Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.

-Apoiarse nos coñecementos previos.

-Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos paralingüísticos (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).

-Participar en interaccións orais en situacións reais ou simuladas, próximas a súa idade, a través de respostas verbais e non verbais.

-Producir textos orais coñecidos previamente mediante a participación activa en rutinas.

-Producir textos orais cotiás de índole diversa tendo en conta tanto elementos lingüísticos como extralingüísticos: utilizar xestos ou recorrer a imaxes para axudar na comprensión de producións orais.

-Participar activamente en intercambios lingüísticos orais breves para expresar as necesidades de comunicación máis inmediatas, tendo en conta as habituais fórmulas de cortesía.

B2.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:

-Uso axeitado dos sons propios da lingua estranxeira: pronuncia de palabras e frases cotiás de forma comprensible.

-Iniciación ás normas que regulan a interacción oral (quendas de palabra, volume de voz e ritmo axeitado).

-Uso e identificación de aspectos fonéticos básicos, de ritmo e entoación para a produción de textos breves orais.

□ Bloque 3. Comprensión de textos escritos.

B3.1. Estratexias de comprensión:

-Actualización moi guiada de los coñecementos previos sobre el tipo de texto que se va a ler (p. e., como acostuman a ser los personaxes de los contos, como termina la historia, onde sucede la trama...).

-Identificación de la idea global de textos moi sinxelos, elementais e moi familiares (contos, cancións ou chants...), e encadrados por imaxes redundantes e títulos moi evidentes del contido textual.

-Identificación de palabras clave moi evidentes, concretas, sinxelas e familiares relacionadas con los personaxes a través del linguaxe no verbal o con el apoio de ilustracións.

B3.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais:

-Uso dos signos de puntuación máis básicos.

-Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafía-son.

-Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, @.

□ Bloque 4. Producción de textos escritos.

B4.1. Estratexias de produción:

Planificación

-Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: contos, notas, dramatizacións ...

Execución

-Producir a mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas.

-Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e de programas informáticos.

-Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema e usar algún recurso cohesivo para non repetir palabras.

-Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais e de lectura.

-Empregar programas informáticos para reproducir mensaxes escritos sinxelos

-Reproducir progresivamente a forma gráfica de certas palabras en situacións comunicativas, sen modelos dados, a través de hipóteses ou tratando de recordar a súa forma.

-Producir a partir de modelos, de palabras e expresións, coñecidas previamente en interaccións orais, para transmitir información.

-Iniciar a reelaboración de informacións en ficheiros, libriños... breves textos escritos afíns aos intereses e experiencias de alumnos e alumnas, cunha intención comunicativa.

B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais:

-Uso dos signos de puntuación máis básicos.

-Uso de símbolos de uso frecuente: €.

-Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións grafía-son.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural

B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

-Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse.

-Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social na lingua estranxeira.

-Aspectos sociais e culturais próximos aos intereses dos nenos e nenas dos países onde se fala a lingua estranxeira estudada e doutros países do mundo.

-Recoñecemento da realidade plurilingüe da propia contorna.

-Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara aos demais para comprender e facerse comprender.

B5.2. Funcións comunicativas:

-Establecemento de relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.

- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais.
- Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico etc.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a localización de obxectos etc.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo.
- Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación á cantidade.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias.
- Realización de preguntas e respostas sobre a habilidade.
- Expresión de habilidades e capacidades en afirmativo e negativo.
- Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta.
- Descrición de persoas, plantas e animais.
- Expresión de desexos.
- Formulación de preguntas sobre o desexo.
- Expresión de instrucións.
- Preguntas e respostas sobre petición e ofrecemento de axuda (Can I have (pasta), please?).

B5.3. Estructuras sintáctico- discursivas:

- Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, estado de ánimo, comida favorita... (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, I'm (bored), What's your favourite food?, My favourite food is...).
- Expresión de posesión en primeira e terceira persoa (I've got, He/She's got) e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa (Have you got?, Yes, I have / No, I haven't, Has he/she got?, Yes, he/she has, No, he/she hasn't).
- Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses e o tempo atmosférico (What day is it today?, It's, What's the weather like today?, It's, What month are you in?, I'm in).

- Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's is it?, It's in/on/under/next to).
- Expresión de cantidade: contar desde 51 a 100.
- Preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo (How much is it?, It's).
- Preguntas e respostas sinxelas sobre a cantidade de obxectos o persoas (How many... are there?).
- Preguntas e respostas sobre o gusto en primeira persoa (Do you like (cheese)?, Yes, I do/ No, I don't).
- Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don't like (chips)).
- Realización de preguntas e respostas sobre habilidade (Can you (swim)?, Yes, I can;, No I can't).
- Expresión de habilidades en afirmativo e negativo (I can (play tennis), I can't (play golf)).
- Identificación das pezas de roupa (I'm wearing, he/she's wearing).
- Preguntas e respostas sobre a vestimenta (What's she/he wearing?, Who's wearing (shoes)?).
- Expresión de desexos (I want to (make a cake)).
- Preguntas sobre o desexo (Do you want to (play basketball?)).
- Expresión de instrucións (Touch your (legs), listen, please...).
- Realización de preguntas e respostas (What's this?, It's...).
- Preguntas e respostas sobre petición e axuda (Can I have (pasta), please?).

B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a posesións persoais, a cores, números ata o 100, preposicións, días da semana, roupa, materiais e escolares, roupa, adxectivos para describir persoas, partes do corpo e a cara, deportes, equipamento deportivo, actividades ao aire libre, comida, moedas, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, accións, materiais, animais salvaxes, partes do corpo e da cara, e partes da casa.

6. Criterios de avaliación.

Os criterios de avaliación que establece o currículo para o terceiro curso de Educación Primaria na área de lingua estranxeira están organizados en cinco seccións principais: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia intercultural, e son os seguintes:

Bloque 1. Comprensión de textos orais.

-B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e contén co apoio visual correspondente.

-B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis relevante do texto.

-B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción.

-B2.1. Falar de si mesmo e das persoas da súa contorna inmediata, de obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and / or).

-B2.2. Participar de forma activa e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.

-B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos.

-B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.

-B3.2. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións, interrogacións e interrogacións.

-B3.3. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.

□ **Bloque 4. Producción de textos escritos.**

-B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.

-B4.2. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.

-B4.3. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.

□ **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural.**

-B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.

-B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.

-B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.

-B5.4. Obter e dar información básica persoal, a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.

-B5.5. Expresar nocións básicas e relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma, cor, tempo atmosférico.

-B5.6. Expresar a localización dos obxectos.

-B5.7. Expresar e identificar os seus desexos.

-B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.

- B5.9. Recoñecer as estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.
- B5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e, ou”, adecuándoas aos propósitos comunicativos.
- B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.
- B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.
- B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.
- B5.14. Distinguir a función ou funcións comunicativas do texto e os seus expoñentes máis habituais.

APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES.

Este alumnado de 3º de EP adquiriu as aprendizaxes imprescindibles no curso anterior polo que no é necesario un plan de reforzo e recuperación. Realizarase a avaliación inicial e repasaranse todos os contidos. O alumnado traballará estes coñecementos e aprendizaxes pero faránse as adaptacións necesarias de aqueles aprendizaxes imprescindibles para calquera dos escenarios en función da situación sanitaria que poidera xurdir. En caso de ser necesario realizarase un plan de reforzo e recuperación para esta materia.

7. Actividades

- Actividades de inicio de lección.

Trátase de activar os coñecementos previos dos alumnos nos temas novos que se van traballar ou de repasar os xa traballados. Isto adóitase facer a través de actividades de brainstorming ou actividades de repaso, mediante xogos, intercambios comunicativos con soporte de flashcards, pósteres, cancións, etc.

- De desenvolvemento da lección.

Cada unha das unidades do método inclúe diferentes tipos de actividades que apelan ás intelixencias múltiples e que están destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que

conforman a maior parte de competencia da lingua inglesa.

Estas actividades son:

- O vocabulario relacionado cos diversos campos conceptuais que se desenvolven na unidade didáctica (Vocabulary).
- A lectura e comprensión de textos (Reading).
- As estruturas gramaticais (Grammar).
- Os sons estudados (pronunciation activities) (Pronunciation).
- A comprensión e a expresión oral da lingua en tódalas súas vertentes (Listening and Speaking).
- A comprensión e a expresión escrita (pencil activities in the Class Book) (Writing).

De reforzo e ampliación.

O proxecto parte do recoñecemento de que en tódalas clases hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ó tempo que persegue o obxectivo de que tódolos/as alumno/a participen no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ó seu nivel de capacidade e interese. A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que tódolos/as alumnos/as poidan encontrar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe. Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.

As actividades ás que nos referimos son as seguintes:

-Actividades adicionais no Teacher's Guide.

-Actividades opcionais no Teacher's Guide.

-As actividades propostas no Teacher's Resource CD-ROM:

oMixed Ability Worksheets: con 4 niveis diferentes de actividades:

Worksheet 1: Catch up: para revisión xeral.

Worksheet 2: Support: para consolidación adicional.

Worksheet 3: Reinforcement: para práctica adicional ao nivel do AB.

Worksheet 4: Extensión: para un desafío maior.

O Extra activity worksheets: cut-outs, wordcards, actividades de consolidación baseadas nas leccións intercurriculares, os fotogramas das historias co guión imprimido, mini books e actividades de cut-out para as unidades de festivals.

-As actividades propostas no Activity Book.

-As actividades adicionais propostas no Activity Book:

-Finished: para aqueles alumnos que rematan pronto e baseadas no contido da lección.

De desenvolvemento de competencias clave.

Algunhas actividades contribúen máis especificamente ó desenvolvemento dunha ou varias competencias clave, entre as que se incluírían:

- Brainstorming
- Role-plays
- Actividades interactivas
- Actividades na lousa dixital
- Actividades baseadas en distintos soportes
- Actividades de investigación ou estudos de casos
- Actividades en grupo
- Interpretacións de datos, gráficas, etc.
- Textos culturais, cancións, chants, etc.
- Actividades nas que se traballan as emocións.

(Se a situación da Covid-19 permite actividades en grupo / gran grupo).

De avaliación.

A avaliación da aprendizaxe en Educación Primaria será continua e global e terá en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo. O profesor avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de logro das competencias coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

As actividades de avaliación poderían clasificarse en varios niveis:

Actividades de avaliación formativa, onde o profesor avaliará o traballo continuado dos alumnos e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades como:

- E exercicios do Activity Book
- E exercicios de Review (CB e AB)

Actividades de avaliación sumativa coa realización das diversas actividades de avaliación referidas en Big Surprise! (Teacher's Resource CD-ROM):

- Unit tests 1-6 (Standard, Higher & Challenge)
- End-of-term 1-3 (Standard, Higher & Challenge)
- End-of-year test (Standard, Higher & Challenge)

Actividades de autoavaliación e autoestudo, nas que o alumno se inicia en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas:

- As actividades propostas no Skills Builder Book: ademais de consolidar o aprendido en clase, permiten aos alumnos comprobar os seus coñecementos e rexistrar os seus progresos para cada unidade.
- O self-evaluation de cada unidade (AB).
- As táboas de vocabulario 1-6 (Teacher's Resource CD-ROM).

Complementarias.

Este tipo de actividades entre as que se incluírán: saídas culturais, asistencia a obras de teatro en inglés, conmemoración de festividadeas características da sociedade anglosaxona etc., serán deseñadas polo equipo de profesores do departamento de inglés de cada centro.

7.1. Organización de tempos, agrupamentos e espazos

O tempo, entendido como o dedicado ó ensino no centro, é un recurso fundamental e limitado na aprendizaxe dunha materia. A programación que se formula neste documento deberá ser adaptada por cada profesor de acordo ós seus horarios e ritmos da clase. Con respecto ós alumnos, o profesor pode seguir diferentes criterios para o agrupamento destes:

- Recursos humanos
- Profesorado de apoio

-Orientador/a

-Criterios

-En función da orde alfabética

-Agrupamentos flexibles

-Pequenos grupos de reforzo dentro/fóra da aula.

-Alumnos con distinto tipo de necesidades de orixe sensorial en distintos grupos na aula.

Á hora de realizar as tarefas, completar actividades, proxectos, etc. a organización dos alumnos realízase en función do tipo de interacción que se dá nese momento na aula:

-Profesor-alumno

-Traballo individual

-Traballo en parellas

-Traballo en grupo

Os recursos cos profesores poden contar e os posibles espazos en que se poden desenvolver os procesos de ensino-aprendizaxe son, neste momento, cada vez máis variados. Como resultado, os contextos da aprendizaxe son tamén máis amplos. Os profesores poden levar a cabo actividades e proxectos que inclúan diferentes ambientes:

-O centro educativo

-A comunidade

-O contexto familiar

A aula deixou de ser o único lugar onde se imparte unha materia. Tódolos centros educativos contan cunha serie de recursos espaciais, materiais e virtuais, que se poden empregar para impartir a materia:

-Aula virtual

-Sala de informática – (Aula de audiovisuais).

-Biblioteca

-Usos múltiples

-Ximnasio

-Patio

Ten un papel moi importante a incorporación das TIC na educación, proporcionando diversos recursos materiais que ofrecen a posibilidade de deseñar as súas clases de forma personalizada e axustándose ás necesidades de cada momento:

-Vídeo-DVD

-TV

-Radiocasete/ reprodutor CD

-Cámara de vídeo – Gravadora audio

-Ordenadores (PC, portátiles ...)

-Pantalla Dixital Interactiva

-Conexión a Internet (WiFi, outros...)

Mais alén dos recursos materiais e espaciais, non podemos deixar de mencionar os procesos cognitivos que interveñen coas fases de aprendizaxe do alumnado. Estes procedementos que fan posible a incorporación dos coñecementos que se queren transmitir ós alumnos son moi complexos. Desde a atención necesaria para prepararse para recibir a información ata a memorización que permita o acceso a esta información cando sexa necesario, coa participación, entre outros, dos seguintes procesos:

-Acceso

-Identificación

-Entendemento

-Reprodución

-Reflexión

-Conexión

-Síntese

-Creación.

8.METODOLOXÍA.

O currículo de lingua estranxeira para a E.P. promove un ensino integrador das linguas, baséase no desenvolvemento progresivo da competencia comunicativa e da competencia intercultural e impulsa a utilización das diversas linguaxes que posibilitan a comunicación verbal, non verbal, audiovisual e dixital.

Na E.P., o estudo da lingua estranxeira terá como meta a paulatina familiarización coa nova lingua e a súa utilización en situacións de comunicación sinxelas e significativas para os nenos e nenas desa idade. Na nosa metodoloxía tomaremos como punto de partida o enfoque comunicativo, polo que fomentaremos a adquisición da competencia comunicativa, que, segundo Canale e Swain inclúe as seguintes subcompetencias: gramática, sociolingüística, sociocultural, discursiva e estratéxica. O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus intereses e coñecementos previos, polo que nos centraremos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuírllle sentido ao que aprende. Favorécese así a aprendizaxe significativa, o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos.

Teremos en conta esta situación ofrecendo actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do mesmo neno e a seguir coa exploración do mundo que os rodea. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do currículo: o coñecemento do medio, a ed. Artística...

É importante incluír a práctica das 4 destrezas lingüísticas:

-ler, escoitar, falar e escribir; aínda que teremos en conta que priorizaremos a adquisición da competencia oral.

O noso currículo divide a aprendizaxe da lingua estranxeira en tres bloques diferentes:

-Escoitar e falar: a metodoloxía partirá de actividades de identificación de obxectos ou comprensión de instrucións sinxelas e progresará cara a actividades mais complexas.

-Ler e escribir: a introdución de actividades de lectura será gradual e sempre cun fin comunicativo.

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ó alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ó que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona diferentes actividades que contribúen ó desenvolvemento das competencias clave.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso o noso proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. No noso proxecto existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento. Estas actividades non aparecen no Class Book. Están explicadas no Teacher's Guide e poden ser de grande utilidade para o quefacer diario do mestre.

A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. No noso proxecto, o alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ó nivel que mostra o alumno/a, debendo: iniciar o input da lingua, axudar ó individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. No noso proxecto enténdese que os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfire regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríranse ó finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrir as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe; no noso proxecto existe un Caderno de Avaliación con follas de avaliación fotocopiabiles para cada unidade, que permiten ó mestre/a anotar as observacións referentes ó progreso de cada alumno. Tal e como está concibido, o mestre/a pode adaptalo doadamente ás súas necesidades específicas.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. O noso proxecto toma en conta esta situación ó ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela. Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas. Por iso, as competencias clave poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cales as puidese adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente.

8.1. Metodoloxía de All About Us 3.

A metodoloxía do noso proxecto desenvólvese como indicamos a continuación:

All About Us 3 é unha serie de seis niveis para o alumnado de Primaria cun enfoque baseado nas historias e nos personaxes. Baseado en sólidos principios educativos, extensa investigación de aula e as directrices do Marco Común Europeo, All About Us 3 proporciónalles a todos os alumnos unha experiencia positiva de aprendizaxe. Todas as actividades -cancións, chants, historias, leccións intercurriculares, exercicios de pronunciación, xogos, traballos manuais e autoavaliación- foron coidadosamente seleccionadas para garantir que toda a aprendizaxe dos nenos sexa divertida, motivadora e significativa ten un nivel All About Us 3 punto cautivador, historias atractivas e temas interesantes, que combinados crean un método de lingua inglesa encantador para os alumnos de Primaria.

Alla BOUT Us fai que contar historias resulte doado. Este curso ofrece unha gran variedade de historias, material para contalas e consellos prácticos para asegurar que as leccións sexan efectivas e agradables.

Cada nivel inclúe 6 historias belamente ilustradas de diferentes xéneros. Hai dende fábulas tradicionais e contos de fadas ata historias modernas de acción e dende historias fantásticas ata experiencias da vida real. Todas as historias foron especialmente elixidas para cativar a imaxinación e intereses dos nenos. Contén leccións intercurriculares con atractivos materiais, soporte de vídeo e explicacións paso a paso para presentar os temas.

Desenvolve as destrezas dos nenos sistematicamente e ofrece múltiples oportunidades para repasar.

Nos dous primeiros cursos trabállase principalmente a comprensión e expresión oral e introdúcese coidadosamente a comprensión e a expresión escrita. O Phonics Resource Pack acelera a adquisición das destrezas de comprensión e expresión escrita en Inglés. En terceiro e cuarto, séguense traballando as catro destrezas da aprendizaxe dun idioma e, particularmente, ofrécense oportunidades para personalizar as actividades de comprensión e expresión escrita. No quinto e sexto curso, a serie trata de axudar aos nenos para que cheguen a ser estudantes autónomos, desenvolvendo a súa capacidade de comprobar, revisar e corrixir o seu propio traballo.

O nivel de All About Us 3 ofrece unha gran variedade de actividades e materiais nos que plasma que existen diferentes estilos de aprendizaxe individuais e que permiten ao profesorado atender os diferentes niveis dentro da clase. Tamén prevé as necesidades educativas especiais e dá soporte aos alumnos nos exames tanto internos coma externos con tests preparados e editables, e a través da avaliación de competencias en todos os niveis.

O nivel de All About Us 3 ofrece unha completa selección de materiais de ensino e aprendizaxe que inclúe: compoñentes dixitais específicos de cada curso para a lousa dixital (iPack) e a páxina web; un Teacher's Resource Pack, un Teacher's Resource CD-ROM moi completo, incluído Mixed Ability Worksheets.

Historias

O valor das historias no ensino de Inglés en Primaria foi amplamente recoñecido xa que forman parte da infancia dos nenos e, polo tanto, eles desenvolveron un entendemento das convencións narrativas que se utilizan nelas, o que lles axuda a predicir e deducir significados e consecuencias. As historias ofrecen, ademais, un contexto significativo para o vocabulario e moi a miúdo inclúen repetición, o que incrementa a exposición do neno á linguaxe de forma natural. Ademais, as historias provén unha variedade de temas e centros de interese que introducirán outras actividades, temas relativos a outras culturas, temas transversais e valores de cidadanía.

Este nivel en All About Us 3 desenvolveuse co fin de levar a cabo a narración da historia de forma doada e divertida. Cada historia cóntase inicialmente mediante a súa visualización no DVD ou iPack. As historias son moi visuais e as ilustracións identifícanse claramente co texto, o que fai que o novo vocabulario sexa doado de entender polos alumnos.

Cando se desexe que os alumnos escoiten a historia de cada unidade, pódese optar polo CD, neste caso beneficiaranse dos efectos sonoros da gravación. Outra alternativa é que o profesor conte a historia con axuda do texto das Story cards acompañado de mímica e xestos suxeridos no Teacher's Guide.

Segundo vai progresando cada unidade, espérase que os nenos participen máis activamente na narración das historias. Inicialmente, só realizan accións para demostrar que entenden o texto, despois únense á narración co vocabulario principal primeiro, os retrosos despois e, gradualmente, frases completas ata ser capaces de facer unha representación completa.

Vocabulario

A presentación e revisión de vocabulario novo neste curso **All About Us** foron coidadosamente planificado para garantir que os nenos sexan adecuadamente expostos a un novo vocabulario e pode internalizar e usar máis tarde. Ademais, todo o vocabulario destes niveis dos textos é útil e especificamente relevante para os alumnos do terceiro curso de Educación Primaria de España.

Cada unidade desencadea a presentación do vocabulario básico. O profesor utilizará para preguntar aos alumnos sobre o tema da unidade e despois mostrará a flashcard correspondente ao vocabulario principal. Isto fará que os alumnos se sintan parte da historia e fará que a presentación do vocabulario sexa divertida. O obxectivo do baúl do faiado é espertar a imaxinación dos alumnos e intensificar a súa anticipación e motivación pola aprendizaxe. Todo o vocabulario clave está gravado para dar soporte ao profesor coa presentación inicial.

A presentación do novo vocabulario complementase cunha presentación oral moi emocionante. Tamén contén unha repetición da canción para animar os alumnos a unirse á aventura e cantar coas personaxes do libro.

-Unha ventá ao mundo da historia

O segundo bloque de vocabulario introdúcese despois da primeira metade da unidade, na lección 5. Está deseñado para complementar o vocabulario aprendido nas leccións 1 e 2, e as estruturas practicadas nas leccións 3 e 4. Este novo grupo léxico xorde directamente do contexto da historia e os mesmos cadros da historia poden introducir este vocabulario. Hai flashcards para dar soporte a esta presentación e poden utilizarse tamén para esta presentación.

Na lección 2, outras dúas palabras de vocabulario, unidas ao bloque presentado, introdúcense por medio do chant da unidade. Tamén están representadas por flashcards e trabállanse ao longo de toda a unidade.

Estruturas

Aínda que a historia ofrece o contexto para un novo vocabulario, el tamén ofrece o marco para as novas estruturas. Nas leccións 3 e 4, resáltanse e practícanse as estruturas clave de cada unidade, revisándose posteriormente na lección 8; progresando claramente do contexto da historia á personalización. Realízase unha reciclaxe regular tanto das estruturas coñecidas coma das novas ao longo de todo o curso.

Ensino intercurricular

O Inglés será o vehículo para aprender sobre un tema e non só un tema en si mesmo. A aprendizaxe intercurricular motivará aqueles nenos que non ven a relevancia do inglés no seu día a día. O libro traslada o vocabulario útil e práctico que os nenos están a aprender a outras áreas do currículo, entre elas o Arte, Música, Historia, Xeografía e cCencias. As áreas elixíronse para reflectir os temas que os nenos están a ver noutras clases do colexio e aumentar os seus coñecementos.

Cross-curricular cards

All About Us é un método para o ensino intercurricular, presentando o tema intercurricular paso a paso coas cross-curricular cards para axudar a que a atención dos nenos se centre no tema e permitirlles que fagan predicións e compartan o que xa saben con toda a clase. Coas actividades do Class Book que seguen á presentación consolídase a comprensión do tema intercurricular e practícase o vocabulario principal.

Comprensión e expresión oral

Axudar os alumnos a comunicarse e a entender a linguaxe falada é fundamental no terceiro curso. A capacidade lingüística dos nenos desenvolverase a través de actividades de comprensión oral, construción de vocabulario e coñecementos básicos de fonética.

Os nenos terán contacto coa forma oral do vocabulario clave e o vocabulary chant do texto, pero tamén, a través das cancións da unidade, os xogos da historia e as actividades intercurriculares.

Ao principio a presentación e actividades céntranse no recoñecemento e unha boa pronuncia do vocabulario principal. Despois anímase aos alumnos a utilizar o vocabulario de forma máis libre participando en pequenos diálogos e xogos. Estes están deseñados para prepararse doadamente e desenvolver a confianza dos alumnos coa linguaxe. A repetición é moi importante, e a través da unidade dáselles aos alumnos a oportunidade de escoitar e practicar o novo vocabulario de diferentes formas. Na lección 6 dáselles unha oportunidade máis centrada en traballar a pronunciación das palabras e frases clave a través de actividades de pronunciación. Estas están deseñadas especificamente para traballar o son clave da historia e a canción, que son problemas comúns para os estudantes de inglés de fala hispana.

Soporte audiovisual.

Os CDs de clase inclúense no método. Estes CDs inclúen todas as cancións, historias e actividades orais do curso, así como os listening tests do Evaluation Competences Booklet.

Ademais, o DVD inclúe o All About Us chant, as cancións a coro da unidade e historias animadas.

Cada Activity Book inclúe un CD de cancións e chants para o alumno. Pódese encontrar material adicional na zona web Oxford Online Learning Zone, como cancións, historias e xogos.

Comprensión e expresión escrita

Os nenos xa terán empezado a desenvolver a capacidade de lectura e escritura na súa propia lingua, tamén coñecen as regras de uso dun libro, e están a aprender as normas da lingua escrita, maiúsculas, puntuación e formación de frases. As actividades de All About Us están deseñadas para reforzar este coñecemento e aplicalo á aprendizaxe do Inglés.

O Activity Book e outro material dispoñible no Teacher's Resource CD-ROM proporcionan unha ampla variedade de actividades escritas deseñadas para reforzar o idioma estudado e desenvolver a confianza do alumno.

Dispóñense de actividades de expresión escrita guiadas e outras máis libres, actividades personalizadas, todas elas coidadosamente desenvolvidas e presentadas. Ao final de cada unidade os alumnos recortan e realizan a súa propia copia da historia. Este libro recortable serve como resumo do vocabulario e da historia sobre a que estiveron a traballar, e reflicte o feito de que agora son capaces de dicir, ler e escribir o texto da historia..

9. TEMPORALIZACIÓN.

Esta programación de 3º de EP levarase a cabo durante o curso 2021-2022. O horario é o da Lei de Educación ,a LOMCE , e neste curso será un horario de Lingua Inglesa de dúas sesións en 1º e 2º e de tres sesións de Inglés en 3º.

A presente programación de 3º de Educación Primaria, está planificada para ser levada a cabo durante todo o curso académico 2021-2022 nun período de 3 sesións semanais de cincuenta e cinco minutos.

Utilizaremos el libro de texto All About Us 3, con dous unidades por trimestre, tendo en conta as vacacións, datas de avaliación e festas e traballaránse dúas unidades en cada trimestre dun total de seis, e a starter ao comezo do primeiro trimestre. Este traballo se complementará con fichas, e celebracións culturais dos países de fala inglesa.

Realizaráse este traballo por trimestre deste xeito, sempre e cando o alumnado evolucione positivamente e segundo o ritmo de traballo do grupo-clase, ademais de xogos e doutras actividades diversas, e tendo en conta as vacacións e outras celebracións.

3º de Educación Primaria.

Distribución das unidades didácticas:

1º TRIMESTRE

Este trimestre daremos tres unidades didácticas:

STARTER UNIT: ALL ABOUT ME.

UNIT 1: I LIKE ANIMALS. ANIMALS AND HABITATS

(Animais en perigo e os seus hábitats)

UNIT 2: MY SCHOOL DAY . SCHOOL (A escola)

2º TRIMESTRE

Este trimestre daremos dúas unidades didácticas:

UNIT 3: I LIKE COOKING. FOOD (Os alimentos)

UNIT 4: I LOVE THE WEEKEND. HOBBIES: (Tempo libre).

3º TRIMESTRE

Este trimestre daremos dúas unidades didácticas:

UNIT 5: MY SCHOOL PLAY. CLOTHES. (A roupa)

UNIT 6: I'M ON A RIDE BIKE. PUBLIC PLACES

(Monto en bici y lugares den la ciudad).

Traballaremos tamén as seguintes festas:

1º TRIMESTRE

HALLOWEEN

CHISTMAS EVE

2º TRIMESTRE

PEACE DAY

3º TRIMESTRE

ST.PATRICK'S DAY

EASTER .

Ao rematar cada unidade didáctica faremos un proba de avaliación. As datas son aproximativas e flexibles. Traballaremos dous temas por trimestre agás o primeiro que contén a Unidade Starter.

10. Materiais e recursos didácticos .

O libro de texto utilizado en 3º de EP é All About Us 3 de Oxford University Press.(OUP).

O alumno/a dispón do Class Book cunha unidade introdutoria na que se presentan as personaxes que van acompañar ós alumnos/as ao longo do curso, seis unidades oito leccións cada unha nas que se presenta contido clave, tres unidades de repaso, material sobre festividades e un CD con todas as cancións do curso. E tamén dispón do Activity book, cunha páxina de reforzo, tres de ampliación y unha de pronunciación para cada unidade. Inclúe actividades Finished? para la atención á diversidade, e un Picture Dictionary para cada unidade, actividades para o Portfolio e 6 cut-outs para os xogos de comunicación. Dispón tamén do Skills Record Book, para consolidar o aprendido na clase e levar un control do seu progreso.

O profesor dispón da Guía didáctica (Teacher's Guide), con anotacións didácticas concisas para cada lección, suxerencias para actividades extra e ideas, a versión solucionada das Mixed Ability Worksheets, anotacións para o desenrolo das Competencias clave en cada lección, indicacións para integrar o material audiovisual e un banco de ideas con suxerencias para xogos e actividades. O Teacher's Resource CD-ROM contén material para a avaliación, os tests das unidades e worksheets para a práctica adicional sobre as historias, vocabulario, gramática, Competencias clave, etc. Dispón ademais dun DVD coa versión animada de cada historia, un video clip sobre o tema intercurricular e video clips das cancións; os CDs de audio con todas as cancións, historias e audicións.

O Teacher's Resource Pack contén 96 flashcards, wordcards, story cards, cross-curricular cards, posters e o Granny's chest. O iPack, con material para a presentación y e práctica nas Pizarras interactivas. E por último, os recursos na web Oxford Online Learning Zone con práctica interactiva, para ser utilizados na casa ou na aula.

Os recursos multimedia mencionados (iPack, Teacher's Resource CD-ROM, DVD e a web) integran por completo o uso das TIC na aula, permitindo aos profesores adaptar as mellores solucións dacordo ao alumnado ou ó centro no que se desenrola a ensinanza.

Ademais, outros tipos de materiais didácticos xa aparecen anteriormente xunto á relación de contidos nos recadros correspondentes ás distintas Unidades Didácticas.

O libro de texto é de Oxford University Press.

O alumno dispón do Class Book cunha unidade introdutoria na que se presentan os personaxes que van acompañar aos alumnos ao longo do curso, seis unidades con oito leccións cada unha nas que se presenta o contido clave, tres unidades de repaso, material sobre festividades e un CD con tódalas cancións do curso. E tamén dispón do Activity book, cunha páxina de reforzo, tres de ampliación e unha de pronunciación para cada unidade. Inclúe actividades Finished para a atención á diversidade, tres láminas de repaso de vocabulario e os seis mini-books das historias das unidades. Dispón tamén do Skills Record Book, para consolidar o aprendido en clase e levar un control do seu progreso.

O profesor dispón da Guía didáctica (Teacher's Guide), con anotacións didácticas concisas para cada lección, suxestións para actividades adicionais e ideas, a versión solucionada das Mixed Ability Worksheets, anotacións para o desenvolvemento das Competencias clave en cada lección, indicacións para integrar o material audiovisual e un banco de ideas con suxestións para xogos e actividades. O Teacher's Resource CD-ROM contén material para a avaliación, os tests das unidades e worksheets para a práctica adicional sobre as historias, vocabulario, gramática, Competencias clave, etc. Dispón ademais dun DVD coa versión animada de cada historia, un vídeo clip sobre o tema intercurricular e vídeo clips das cancións; os CDs de audio con tódalas cancións, historias e audicións.

O Teacher's Resource Pack contén 108 flashcards, 113 wordcards, story cards, cross-curricular cards, posters e o Uncle Harry's parcel.

O iPack, con material para a presentación e práctica nas lousas interactivas.

E por último, os recursos na web Oxford Online Learning Zone con práctica interactiva, para ser utilizados na casa ou na aula.

Os recursos multimedia anteriormente mencionados (iPack, Resource CD-ROM, DVD e web do profesor) integrar plenamente o uso das TIC na aula, o que permite que os profesores adaptar as mellores solucións dixitais de acordo cos alumnos ou a escola na que desenvolve ensino.

11. AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe. Por tanto, non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

Dentro do proceso de avaliación poden distinguirse as seguintes modalidades:

- Avaliación inicial, que facilita a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.
- Avaliación formativa continua, que pretende coñecer se se van logrando os obxectivos propostos, cando aínda se pode intervir modificando o camiño para conseguilos; é dicir, avaliación do proceso e como proceso. Este tipo de avaliación ten un especial carácter regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo desde o seu comezo, o que require unha avaliación inicial previa.
- Avaliación sumativa, que estima os méritos ao finalizar o currículo (máis cuantitativa), na que se valora, sobre todo, o dominio das capacidades adquiridas; isto é, avaliación do resultado.

O proceso de avaliación rexerase segundo os seguintes principios:

- Que sexa un medio, non un fin en si mesma.
- Que constitúa un proceso continuo, progresivo e sistemático.
- Que atenda ás diferenzas individuais.
- Hai que partir do que se quere avaliar e despois avalialo.
- Traballar en equipo á hora do seu deseño.
- Ter flexibilidade ao elixir os criterios ou probas.
- Debe basearse en criterios claros e o máis obxectivos posibles.
- Hai que dotala dun mínimo de requisitos para a súa realización.

- Debe tratar aspectos cualitativos e cuantitativos.
- Ten que recoller ao máximo todos os aspectos da personalidade.
- Reflectir de maneira clara: que, como e cando debe realizarse.
- Propiciar ao seu termo ó proceso de reorganización específico e global (feedback).

A aprendizaxe do alumno debe ser avaliada sistemática e periodicamente, tanto para medir individualmente os coñecementos e competencias adquiridas como para, e por el, introducir no proceso educativo cantas sexan precisas se a situación o require (cando a aprendizaxe dos alumnos non responden para o que, a priori, non se espera deles).

Se asumimos que as competencias clave supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, a forma de comprobar ou avaliar se o alumno as adquiriu é reproducir situacións máis reais posibles de aplicación, e nesas situacións o común é que o alumno se sirva desa bagaxe acumulada (todo tipo de contidos) pero responda, sobre todo, a situacións prácticas.

A avaliación por competencias permite avaliar tanto o cumprimento dos obxectivos do curso, como o grao de adquisición das competencias clave. Algúns criterios son ligados expresamente a conceptos, e outros, preferentemente á procedementos e actitudes.

En función do obxectivo que persigamos avaliar, contamos con varias modalidades, como é o caso da avaliación sumativa, realizada en diferentes momentos do curso e que temos que identificar coas finais de avaliación e de curso (ordinaria e extraordinaria, cando sexa o caso). Haberá outras avaliacións, como a inicial (non clasificada) e a final e, sobre todo, a continua ou formativa, aquela que ocorre durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe, inmersa nel, e que insiste, polo tanto, no carácter orientador e de diagnóstico do ensino.

Realizárase ademais unha avaliación individualizada a tódolos alumnos ó finalizar 6ª de primaria e deberán demostrar o grao de adquisición de competencias clave, así como a realización dos obxectivos da etapa. O resultado das avaliacións individualizadas expresarase en niveis e se constarán nun informe de carácter informativo e orientador que se entregará ós pais ou titores. O nivel obtido será indicativo da progresión e a aprendizaxe dos alumnos, polo que se non son adecuados deberán aplicarse as medidas ou programas máis apropiados para eles.

Ademais de avaliar a aprendizaxe dos alumnos, tamén se avalía o proceso de ensino dos profesores, polo que quedará incluído un procedemento de avaliación dos programas didácticos e seus indicadores na proposta pedagóxica de cada centro escolar.

11.1. Directrices e instrumentos para a realización da Avaliación Inicial.

A avaliación realizarase preferentemente na segunda quincena do mes de setembro.

Aplicaranse probas orais e escritas sinxelas para avaliar as oito Competencias clave. Os resultados da avaliación ante o proceso de avaliación, a mestra haberá de avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Os criterios de avaliación propios da área serán os que aparecen fixados nos apartados correspondentes a estes dentro do currículo de primeiro ciclo. Os resultados das avaliacións reflectiránse trimestralmente na aplicación XADE e/ou no caderno do profesor.

Os instrumentos empregados para a realización de dita son a observación directa na aula así como probas obxectivas orais e escritas.

11.2. Procedementos de avaliación.

- Avaliación e criterios de promoción do alumnado.

O procedemento co que se levará a cabo a toma de decisións sobre a avaliación e a promoción do alumnado de Inglés en Educación Primaria farase segundo o establecido nos artigos 9 e 10 do Decreto 1513/2006, do 7 de decembro polo que se establecen as ensinanzas mínimas da Educación Primaria, e a Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e tendo en conta a nova lei, a LOMCE, o seguinte:

- A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua e global e terá en conta o progreso do alumno ou a alumna no conxunto das áreas do currículo.

- A avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado.

- O proceso de avaliación terá como obxectivos: proporcionar unha información constante do proceso educativo; mellorar tanto os procesos como os resultados

da intervención educativa; e detectar as dificultades no momento en que se produzan.

- A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos do currículo:

- Os criterios de avaliación das distintas áreas e de Inglés en particular serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das Competencias clave como o de consecución dos obxectivos xerais da etapa e os obxectivos en cada unha delas, e para decidir sobre a promoción do alumnado.

- Os pais, nais ou titores legais deberán ser informados tanto sobre os criterios de avaliación que se aplicarán coma sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas ou pupilos para a avaliación das aprendizaxes.

- A mestra levará a cabo a avaliación, preferentemente a través da observación continuada da evolución do proceso de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e da súa maduración persoal. Ao termo do curso, valorarase o progreso global de cada alumno e alumna, no marco do proceso de avaliación continúa levado a cabo. E, ao finalizar o ciclo, o Equipo Docente, tendo en conta os criterios de avaliación comúns e os de promoción que figuran nos correspondentes currículos de cada área e ciclo, e informados o pai, a nai ou os titores legais, tomará a decisión sobre a promoción ou non do alumno/a ao seguinte Ciclo. Para a adopción da decisión tomarase especialmente en consideración a información e o criterio do profesor ou a profesora titor.

11.3. Instrumentos de avaliación.

Levaremos a cabo unha avaliación , inicial , continua e formativa, integrada e sistemática no proceso educativo. Basearase na observación directa e diaria nos traballos e logros individuais e colectivos, da actividade, do esforzo, así como da participación do grupo. Tamén faremos preguntas individuais e para ver o grado de consecución das aprendizaxes, pero sen crearlles aos nenos conciencia de exame. A avaliación inicial realizarase preferentemente na segunda quincena do mes de setembro.

Aplicaránse probas orais e escritas para avaliar as oito Competencias clave. Os resultados da avaliación inicial reflectiranse na aplicación XADE e/ou no caderniño do profesor.

Os instrumentos empregados para a realización de dita avaliación son a observación directa na aula así como probas obxectivas orais e escritas.

11.4. Actividades de recuperación e reforzo.

Reforzo e ampliación .

O proxecto parte do recoñecemento de que, en cada clase hai alumnos / as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ao perseguir o obxectivo de que cada alumno / a parte do proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance éxito de acordo co seu nivel de habilidade, capacidade e interese.

A variedade de exercicios e actividades utilizados nos materiais permite que todos os alumnos / as podan atopar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe. Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos /as sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para os que precisan de máis apoio.

As actividades as que nos referimos son as seguintes:

- Actividades extra na Guía do Profesor.
- Actividades extra na Teacher's Guide.
- Actividades opcionais no Teacher's Guide.
- As actividades propostas no Teacher's Resource CD-ROM:
- Mixed Ability Worksheets: con 4 niveis diferentes de actividades:

Worksheet 1: Catch up: para revisión xeral.

Worksheet 2: Support: para consolidación extra.

Worksheet 3: Reinforcement: para práctica extra ó nivel del AB.

Worksheet 4: Extension: para un desafío maior.

-Extra activity worksheets: cut-outs, word cards, actividades de consolidación basadas nas leccións intercurriculares, os fotogramas ,as historias co guión impreso, mini books e actividades de cut-out para as unidades de festivals.

As actividades propostas nos Activities Book.

As actividades extra propostas no Activity Book:

Finished: para aqueles alumnos/as que rematen rápido e baseadas no contido da lección.

De desenrolo das Competencias clave.

Algunhas actividades contribúen máis especificamente ó desenvolvemento dunha ou varias Competencias clave, entre as que se incluírían:

Brainstorming, Role-plays.

Actividades interactivas.

Actividades na pizarra dixital.

Actividades baseadas en distintos soportes.

Actividades de investigación o estudos de casos.

Actividades en grupo

Interpretacións de datos, gráficas, etc.

Textos culturais, cancións, rimas, etc.

Actividades nas que se traballan as emocións.

De avaliación.

A Avaliación da aprendizaxe en Educación Primaria será continua e global terá en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo. A mestra/o mestre

avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de logro das competencias como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente.

A s actividades de avaliación poderían clasificarse en varios niveis:

-Actividades de avaliación formativa, onde o profesor/a avaliará o traballo continuado dos alumnos/as e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización das actividades como:

Exercicios do Activity Book.

Exercicios do Review , (CB y AB).

- De avaliación sumativa con la realización das diversas actividades de avaliación referidas en All About Us! (Teacher's Resource CD-ROM):

Unit tests 1-6 (standard, higher y challenge)

End-of-term 1-3 (standard, higher y challenge)

End-of-year test (standard, higher y challenge)

-Actividades de autoavaliación e autoestudio, nas que o alumno iníciase en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas:

-As actividades propostas nos Skills Builder Book: ademáis de consolidalo aprendido na clase, perite aos alumnos/as comprobar os seus coñecementos e rexistrar os seus progresos para cada unidade.

-O self-evaluation de cada unidade (AB).

-A s táboas de vocabulario 1-6 (Teacher's Resource CD-ROM).

- Complementarias.

Este tipo de actividades entre as que se incluírían conmemoración de festividades características de la sociedade anglosaxona, serán preparadas polas mestras de Inglés do centro e traballadas no libro de texto.

11.5. Criterios de avaliación.

Os criterios de avaliación que establece o currículo para o terceiro curso de Educación Primaria na área de lingua estranxeira están organizados en cinco seccións principais: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia intercultural, e son os seguintes:

□ Bloque 1. Comprensión de textos orais.

-B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e contén co apoio visual correspondente.

-B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis relevante do texto.

-B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.

□ Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción.

-B2.1. Falar de si mesmo e das persoas da súa contorna inmediata, de obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and / or).

-B2.2. Participar de forma activa e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.

-B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.

□ Bloque 3. Comprensión de textos escritos.

-B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.

-B3.2. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións, interrogacións e interrogacións.

-B3.3. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.

□ Bloque 4. Producción de textos escritos.

-B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.

-B4.2. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.

-B4.3. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.

□ **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural.**

-B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.

-B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.

-B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.

-B5.4. Obter e dar información básica persoal, a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.

-B5.5. Expresar nocións básicas e relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma, cor, tempo atmosférico.

-B5.6. Expresar a localización dos obxectos.

-B5.7. Expresar e identificar os seus desexos.

-B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.

-B5.9. Recoñecer as estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.

-B5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e, ou”,) adecuándoas aos propósitos comunicativos.

-B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.

-B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.

-B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.

-B5.14. Distinguir a función ou funcións comunicativas do texto e os seus expoñentes máis habituais.

11.6. Estándares de aprendizaxe avaliáveis.

Os estándares de aprendizaxe para este curso foron organizados en cinco seccións principais: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia intercultural. Recollemos a continuación o lexislado:

□ Bloque 1. Comprensión de textos orais.

-PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.

-PLEB1.2. Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado.

-PLEB1.3. Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).

-PLEB1.4. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.

-PLEB1.5. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).

-PLEB1.6. Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido.

□ Bloque 2. Produción de textos orais.

-PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles.

-PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.

-PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, chants) aprendidos a través de xogos.

-PLEB2.5. Amosa interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros/as.

□ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos.**

- PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
- PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais.
- PLEB3.3. Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.
- PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora.
- PLB3.5. Iníciase na selección de contos ou narracións da biblioteca de aula para a súa lectura guiada e respectando as súas normas de funcionamento.
- PLB3.6. Amosa interese por informase, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.

□ **Bloque 4. Producción de textos escritos.**

- PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
- PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.
- PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses.
- PLEB4.4. Completa un formulario en liña con seus datos e dos e das demais (nome, apelido e idade...).
- PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.
- PLEB4.6. Escribe en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata de xeito elemental.
- PLEB4.7. Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade.
- PLEB4.8. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.

□ **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural.**

-PLEB5.1. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais.

-PLEB5.2. Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...).

-PLEB5.3. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas.

-PLEB5.4. Expressa e identifica a localización básica de obxectos.

-PLEB5.5. Expressa e identifica de xeito elemental os seus desexos.

-PLEB5.6. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.

-PLEB5.7. Diferenza preguntas e respostas simples.

-PLEB5.8. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións máis habituais.

-PLEB5.9. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados e dramatizacións etc.

-PLEB5.10. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.

-PLEB5.11. Participa de forma activa, cooperadora e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.

-PLEB5.12. Valora a realidade plurilingüe da súa propia contorna.

-PLEB5.13. Amosa interese por coñecer persoas que falan outras linguas e teñen outras culturas.

-PLEB5.15. Relaciona elementos socioculturais estranxeiros cos propios para avanzar no desenvolvemento dunha conciencia intercultural.

11.7. Criterios de promoción da Lingua Inglesa.

- 1.Exprésase oralmente , de forma clara e ordenada, utilizando o léxico adecuado ó seu nivel.
- 2.Comprende mensaxes orais sinxelos.
- 3.Participa en situacións de comunicación ,empregando os hábitos e as normas convencionais que as rexen, (quendas de intervención, petición de palabra...)
- 4.Le e comprende textos sinxelos breves en Inglés .
- 5.Escribe dun xeito lexible, de forma clara, ordenada e limpa, respectando a direccionalidade, linealidade e separación de palabras.
- 6.Realiza textos sinxelos curtos con sentido, coherencia e vocabulario axeitado , respectando as normas ortográficas elementais : maiúsculas e punto final.
- 7.Memoriza e reproduce textos orais : Chants, cancións,Nursery Rhymes...
- 8.Identifica palabras, e letras.

-Nota aclaratoria:

Estes son os criterios de promoción da área de lingua inglesa.

Os criterios de promoción serán establecidos a nivel de centro durante este curso escolar.

11.8.Criterios de avaliación.

Xa foron expostos no apartado dos contidos das Unidades Didácticas dos distintos niveis de Educación Primaria.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA VALORACIÓN POSITIVA.

3º NIVEL de Educación Primaria:

- Coñecer as distintas formas de presentación.
- Coñecer os números ata o 20 e as cores.
- What´s this?. Is it a...?

- Have got.
- Can.
- What´s your favourite ...?
- Do you like...? + respuestas cortas.
- a/an + adjetivo + color+ sustantivo.
- He´s / She´s wearing...
- Is he/ Is she wearing...?
- Where´s the ...? + objetos + partes da casa.
- Preposicións.
- There´s/ There isn´t+ objeto + preposición.
- Vocabulario relativo á cultura e festas dos países de fala inglesa.
- Coñecer ao menos o 75 % do vocabulario das seis unidades do libro de texto.

11.9. Criterios de cualificación de 3º de Educación Primaria da área da Lingua Inglesa.

fichas , cadernos de traballo e probas orais e escritas.	50%
Traballo diario durante a clase	30%
Interese e respecto pola área e os seus materiais	10%
Esforzo ,progreso , actitude e comportamento no grupo -aula.	10%

11.10. Rúbrica de avaliación de competencias.

Incluimos un modelo denominado Rúbrica de Avaliación de competencias para cada unidade e para o curso completo que nos permite avaliar o grao de adquisición das competencias clave indicando o nivel de cualificación que vai adquirindo o alumno.

Na rúbrica indícase cada unha das competencias clave seguidas do seu especifique en indicadores. No modelo correspondente a cada unidade inclúense unicamente as competencias e os indicadores que se desenvolveron concretamente nesa unidade; en cambio, no modelo proposto para a avaliación xeral inclúense tódalas competencias e tódolos seus indicadores. Á hora de avaliar coas rúbricas, recoméndase cualificar, en primeiro lugar, cada un dos indicadores ou aqueles nos que se centrou o profesor, obtendo deste xeito unha visión global da competencia para avaliála seguidamente.

No proceso de avaliación, identificamos cinco niveis de cualificación, e para o seu rexistro aconsellamos a seguinte escala cualitativa ordenada de menor a maior: Insuficiente (IN): Non conseguido; Suficiente (SU): Conseguido con nivel baixo nos diferentes ámbitos; Ben (BE) Conseguido con nivel medio; Notable (NT): conseguido con nivel alto, e Sobresaliente (SB): Conseguido totalmente. Para establecer os criterios de cualificación deben aplicarse estes niveis ós criterios de avaliación detallados para a área de lingua estranxeira.

Para poder avaliar ós alumnos, o profesorado precisa unha serie de instrumentos que lle permitan obter uns datos concretos. No modelo propoñemos os instrumentos que cremos máis indicados para a obtención destes datos, como poden ser: observación, proba escrita, proba oral, caderno de clase, portfolio.

O profesor poderá modificar a modelo substituíndo ou incluíndo outros instrumentos empregados. Os indicadores nos que se especifican as competencias clave, que incluimos na modelo, e que nos permiten demostrar a competencia real do alumno para esta materia e este curso son os que indicamos a continuación:

1.Competencia en comunicación lingüística (CL)

Indicadores
CL1. ESCOITAR

CL1.1. Recoñece o léxico e as realizacións lingüísticas, identificando palabras e frases esenciais relacionadas co seu entorno máis cotián.

CL1.2. Identifica aspectos fonéticos, do ritmo, acentuación e entoación da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos.

CL1.3. Capta o sentido global en textos orais sobre temas familiares e de interese.

CL1.4. Identifica informacións específicas en textos orais sobre temas familiares e de interese.

CL1.5. Comprende globalmente e extrae información específica de situacións curtas e sinxelas coa visualización repetida do documento audiovisual.

CL2. FALAR

CL2.1. Canta unha canción empregando de maneira axeitada os elementos lingüísticos e paralingüísticos apropiados.

CL2.2. Recita tonadillas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. coa entoación e pronuncia axeitadas.

CL2.3. Participa en representacións sinxelas.

CL3. CONVERSAR

CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.

CL4. LER

CL4.1. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos captando o sentido global dos mesmos.

CL4.2. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos identificando a información máis importante.

CL4.3. Ler textos simples sobre temas coñecidos utilizando a información global e específica no desenvolvemento dunha tarefa.

CL4.4. Le textos diversos sobre temas de interese.

CL5. ESCRIBIR

CL5.1. Escribe frases referidas a situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos.

CL5.2. Escribe textos referidos a situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos de diferentes textos sinxelos para transmitir información con diversas intencións comunicativas.

2. Competencia matemática, científica e tecnolóxica (CMCT)

Indicadores

CMCT1. Resolve problemas sinxelos sobre situacións familiares.

CMCT2. Representa os datos obtidos sobre feitos e obxectos da vida cotiá empregando os gráficos estatísticos máis axeitados á situación, táboa ou gráfica.

CMCT3. Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación.

CMCT4. Recoñece as relacións entre algúns factores do medio físico (relevo, chan, clima, vexetación) e as formas de vida e actuacións das persoas.

CMCT5. Aplicar conceptos científicos e conceptos básicos para entender o mundo ao seu redor.

CMCT6. Identifica algunhas especies de seres vivos.

3. Competencia dixital (CD)

Indicadores

CD1. Busca e recompila información sobre temas coñecidos en soporte dixital.

CD2. Emprega o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira.

4. Aprender a aprender (AA)

Indicadores

AA1. Use algunhas estratexias para aprender a aprender, como usar dicionarios bilingües visuais.

AA2. Usa algunhas estratexias de tipo receptivo ou interactivo para resolver problemas de comunicación.

AA3. Valora a lingua estranxeira como ferramenta de aprendizaxe.

5. Competencias sociais e cívicas (SC)

Indicadores

SIEE1. Busca e recompila información sobre temas coñecidos en diferentes soportes.

SIEE2. Emprega estratexias sinxelas de planificación e comprobación do traballo realizado.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)

Indicadores

SIEE1. Busca e recompila información sobre temas coñecidos en diferentes soportes.

SIEE2. Emprega estratexias sinxelas de planificación e comprobación do traballo realizado.

7. Conciencia e expresións culturais (CEC)

Indicadores
CEC1. Mostra curiosidade e interese por coñecer información sobre as persoas e a cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.
CEC2. Emprega técnicas artísticas para a presentación de proxectos ou documentos artísticos.
CEC3. Participa na elaboración de composicións grupais empregando diferentes recursos expresivos musicais e/ou escénicos.

11.11. Rúbrica de avaliación de contidos.

Inclúese un modelo denominado Rúbrica de Avaliación de contidos xeral que nos permite avaliar o nivel que adquiriu o alumno, ademais dunha táboa de consulta cos distintos niveis de adquisición para cada un dos estándares de aprendizaxe de cada bloque lingüístico.

-Elementos de avaliación

Existe unha relación entre os distintos elementos do currículo que interveñen no proceso de avaliación: criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave e indicadores. Na seguinte táboa recolleemos estes elementos organizándoos en cinco bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia intercultural.

ELEMENTOS DE AVALIACIÓN:

Bloque 1. Comprensión de textos orais

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
<p>B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá(os deportes ,os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e contén co apoio visual correspondente.</p>	<p>PLEB1.1. Comprende o sentido xeral ea información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.</p> <p>PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.</p>	CL	<p>CL1.3. Capta o sentido global en textos orais sobre temas familiares e de interese.</p> <p>CL1.4. Identifica informacións específicas en textos orais sobre temas familiares e de interese.</p>
<p>B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, ea información máis relevante do texto.</p>	<p>PLEB1.2.Comprende os puntos principais de narracións e presentación breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado.</p>	CL	<p>CL1.1. Recoñece o léxico e as realizacións lingüísticas, identificando palabras e frases esenciais relacionadas co seu entorno máis cotián.</p>



Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
<p>B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.</p>	<p>PLEB1.3. Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).</p>	<p>CL AA</p>	<p>CL1.2. Identifica aspectos fonéticos, do ritmo, acentuación e entoación da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos.</p> <p>AA2. Usa algunhas estratexias de tipo receptivo ou interactivo para resolver problemas de comunicación.</p>
	<p>PLEB1.4. Identifica a información esencial de mensaxes conversas breves nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes sinxelas e medios de comunicación e da Internet.</p>	<p>CL</p>	<p>CL1.3. Capta o sentido global en textos orais sobre temas familiares e de interese.</p>
	<p>PLEB1.5. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).</p>		
	<p>PLEB1.6. Valora as interaccións orais entre iguais como medio de</p>		



Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
	aprendizaxe compartido.		

Bloque 2. Producción de textos orais: Expresión e interacción

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
<p>B2.1. Falar de si mesmo e das persoas da súa contorna inmediata, de obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos(and / or).</p>	<p>PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a se mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles.</p>	CL	<p>CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.</p>
<p>B2.2. Participar de forma activa e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de</p>	<p>PLEB2.3.Amosa unha actitude de escoita atenta.</p>	CL	<p>CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.</p>
<p>necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.</p>	<p>PLEB2.4.Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves(p. e. cancións, chants) aprendidos a través de xogos.</p>	CL SC	<p>CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.</p> <p>SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar a quen</p>

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
			fala, respectando o turno de palabra.
B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.	PLEB2.5. A moso interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros/as.	CL SC	<p>CL2.1. Canta unha canción empregando de maneira axeitada os elementos lingüísticos e paralingüísticos apropiados.</p> <p>CL2.2. Recita tonadillas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. coa entoación e pronuncia axeitadas.</p> <p>SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.</p>

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias – Indicadores	
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos	PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados	CL	CL4.1. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos captando o

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias – Indicadores	
escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	previamente de forma oral.		sentido global dos mesmos. CL4.2. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos identificando a información máis importante.
B3.2. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións, interrogacións e interrogacións.	PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais.	CL	CL4.2. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos identificando a información máis importante.
B3.3. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.	PLEB3.3. Aмосa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.	CL AA	CL4.2. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos identificando a información máis importante. AA1. Use algunhas estratexias para aprender a aprender, como usar dicionarios bilingües visuais.
	PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora.	CL AA	CL4.2. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos identificando a

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias – Indicadores	
			<p>información máis importante.</p> <p>AA1. Use algunhas estratexias para aprender a aprender, como usar dicionarios bilingües visuais.</p>
	<p>PLB3.5. Iníciase na selección de contos ou narracións da biblioteca de aula para a súa lectura guiada e respectando as súas normas de funcionamento.</p>		
	<p>PLB3.6. Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.</p>		

Bloque 4. Producción de textos escritos

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
<p>B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección</p>	<p>PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.</p>	CL	<p>CL5.1. Escribe frases referidas a situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos.</p>

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
<p>as convencións ortográficas e, os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p>			
<p>B4.2. Aplicar patróns gráficoe convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable..</p>	<p>PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.</p>	<p>CL</p>	<p>CL5.2. Escribe textos referidos a situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos de diferentes textos sinxelos para transmitir información con diversas intencións comunicativas.</p>
<p>B4.3. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.</p>	<p>PLEB4.3.Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses.</p>	<p>CL</p>	<p>CL5.2. Escribe textos referidos a situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos de diferentes textos sinxelos para transmitir información con diversas intencións comunicativas.</p>
	<p>PLEB4.4.Completa un formulario en liña co seus datos e dos/ das demais (nome, apelido e idade..).</p>	<p>CL AA</p>	<p>CL5.2. Escribe textos referidos a situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos de diferentes</p>



Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
			<p>textos sinxelos para transmitir información con diversas intencións comunicativas.</p> <p>AA1. Use algunhas estratexias para aprender a aprender, como usar dicionarios bilingües visuais.</p>
	<p>PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.</p>		
	<p>PLEB4.6. Escribe en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata de xeito elemental.</p>		
	<p>PLEB4.7. Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade.</p>		

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
	PLEB4.8.Valora a lingua escrita como medio de comunicación.		

Bloque 5. Coñecemento de la lingua e conciencia intercultural

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes a una comprensión adecuada do texto.	PLEB5.1.Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos)sobre si mesmo e sobre os demais.	SC	SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar a quen fala, respectando o turno de palabra.
B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.	PLEB5.2.Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...).	CL SC	CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar a quen fala, respectando o



Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
			turno de palabra.
B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.	PLEB5.3. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas.	CL SIEE	CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. SIEE1. Busca e recompila información sobre temas coñecidos en diferentes soportes.
B5.4. Obter e dar información básica persoal, a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.	PLEB5.4. Expresa e identifica a localización básica de obxectos.	CL SC	CL1.2. Identifica aspectos fonéticos, do ritmo, acentuación e entoación da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos. SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar a quen fala,

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
			respectando o turno de palabra.
B5.5. Expresar nocións básicas e relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma, cor, tempo atmosférico.	PLEB5.5. Expresa e identifica de xeito elemental os seus desexos.	CL	CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.
B5.6. Expresar a localización dos obxectos.	PLEB5.6. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.	CL	CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.
B5.7. Expresar e identificar os seus desexos.	PLEB5.7. Diferenza preguntase respostas simples	CL	CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.
B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as	PLEB5.8. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas	CL	CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de

Criteria de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
funcións comunicativas propias do seu nivel.	interaccións máis habituais.		comunicación predicibles.
B5.9. Recoñecer as estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.	PLEB5.9. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados e dramatizacións, etc.	CL	CL1.2. Identifica aspectos fonéticos, do ritmo, acentuación e entoación da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos.
B5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e, ou”, adecuandoas aos propósitos comunicativos.	PLEB5.10. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.	CL	CL1.4. Identifica informacións específicas en textos orais sobre temas familiares e de interese.
B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.	PLEB5.11. Participa de forma activa, cooperadora e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.	CL SC	CL2.3. Participa en representacións sinxelas. SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas



Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
			coñecidos en situacións de comunicación predicibles.
B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.	PLEB5.12.Valora a realidade plurilingüe da súa propia contorna.	CL SC	CL1.1. Recoñece o léxico e as realizacións lingüísticas, identificando palabras e frases esenciais relacionadas co seu entorno máis cotián. CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. CL4.2. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos identificando a información máis importante. CL5.1. Escribe frases referidas a situacións cotiás próximas á experiencia a



Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
			partir de modelos. SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.
B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.	PLEB5.13.Amosa interese por coñecer persoas que falan outras linguas e teñen outras culturas.		
B5.14. Distinguir a función ou función comunicativas do texto e os seus exponentes máis habituais.	PLEB5.14.Relaciona elementos socioculturais estranxeiros cós propios para avanzar no desenvolvemento dunha conciencia intercultural.		

11.12.Procedementos para avaliar a propia programación.

Avaliación da práctica docente

Os mestres avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que incluimos a continuación un modelo cos indicadores de logro e os elementos a avaliar.

Esta programación revisarase anualmente baseándose nas conclusións obtidas durante as reunións de ciclo que se realizan unha vez ao mes durante o curso, e das reunións de avaliación . Nestas xuntanzas faranse propostas de

mellora. Teráanse en conta as valoracións dos resultados obtidos, porcentaxes de alumnado que supera os contidos da materia, niveis de competencia acadados, consecución de obxectivos por grupos...., así como tamén as medidas que puntualmente puideran xurdir.

Avaliación da Programación

Observacións Decisións

Adaptabilidade e consecución dos obxectivos		
Enfoque metodolóxico		
Criterios e instrumentos de avaliación		

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Non todos os alumnos teñen as mesmas capacidades nin teñen a mesma motivación ou ritmo de aprendizaxe. Por iso presentaremos unha gran variedade de actividades. Estas actividades atéñense a criterios didácticos que contemplan o grao de dificultade e o tipo de aplicación que se pode facer das mesmas. Con este fin, inclúense actividades de motivación, actitudes previas, diagnóstico de coñecemento, de ampliación, de esforzo e de avaliación.

A intervención educativa terá en conta ós alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade física, sensorial, sobredotación ou que necesite axudas técnicas e linguaxes alternativas, seguiranse as directrices que marque o Plan de Atención á Diversidade do Centro.

Todo o que se faga nesta materia será de acordo co diagnóstico psicopedagóxico en estreita relación co Departamento de Orientación do Centro e en sintonía cos profesores compañeiros de Pedagogía Terapéutica.

A diversidade derivada do interese dos alumnos atenderase a través dunha metodoloxía plural para que cada alumno aprenda de acordo coa súa situación persoal. Na programación tense en conta unha serie de aspectos que permiten individualizar o máis posible o proceso de ensino- aprendizaxe.

Para iso adóptanse as seguintes medidas:

- a) Distinguir entre contidos prioritarios, complementarios e de ampliación elixíndose en cada caso máis apropiado.
- b) Propoñer variedade de actividades para un mesmo contido, non todos os alumnos realizaran as mesmas actividades.
- c) Utilizar metodoloxías diversas.
- d) Empregar materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade.
- e) Favorecer agrupamentos en clase que posibiliten a interacción; agrupamentos flexibles e grupos distintos.
- f) Graduar as diversas aproximacións que poden darse a un mesmo criterio de avaliación.

Ademais da diversidade obvia entre cada un dos nosos /as alumnos/ as temos que atender as necesidades que surxan ao longo do curso. Todos eles debidamente atendidos polo correspondente Equipo de Orientación e a súa propia titora e dúas coidadoras, que velan para que se lles ofrezca unha educación de calidade e atenda as súas necesidades e características individuais.

-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Terase en conta a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de interese e capacidades do alumnado:

-ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA): Os contidos nucleares da unidade didáctica ou traballos preséntanse de xeito máis pautado, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos e alumnas.

-PLANS INDIVIDUAIS dirixidos a alumnos/as que requiren, (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación), con fichas de reforzamento e / ou ampliación.

-ACTIVIDADES MULTINIVEL: que os alumnos e alumnas atopan, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións...

13. POSIBLES ESCENARIOS EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA:

ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E / OU NON PRESENCIAL.

En canto aos diferentes escenarios de ensinanza aprendizaxe neste ano tan atípico e contéplanse tres supostos:

-Ensinanza presencial: desenvolveríase de maneira relativamente normal. Afectaría a actividades de rotación e traballo en grupo, que mentres dure esta situación sanitaria, non se poderían realizar e se adaptaron para facelas evitando contactos entre alumnos/as e movementos na aula.

-Ensinanza non presencial: mediante a aula virtual. Maioritariamente a mestra realizará vídeos coas explicacións, nas que o alumnado poderá ver á mestra, as fichas, o libro de contos e outros materiais na pantalla, de maneira que podan acceder a diferentes audios tanto da mestra como de outras fontes para traballar a parte oral da lingua inglesa. Tamén realizaranse debuxos e traballos con letra escrita, tanto en formato dixital como por escrito ao seu nivel, ademais de mandar audios para traballar a súa pronuncia. En caso de alumnado sen conectividade, procederase ao envío de material por outros sistemas como o correo electrónico , Whatsapps, etc... Este alumnado pola súa idade precisará a axuda dun adulto para este tipo de ensinanza.

-Ensinanza semipresencial: alternarase o ensino presencial co ensino a partir da aula virtual. Este alumnado a estas idades precisará tamén a axuda dun adulto para este tipo de ensinanza e para a realización das actividades propostas.

14. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.

OS CONTIDOS TRANSVERSAIS.

O currículo oficial recoñece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Por iso, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das áreas, o atravesan ou o impregnan. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas comúns ou transversais. A LOE, no seu artigo 19.2, de principios pedagóxicos, determina que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores se traballaran en todas as áreas.

Este documento amosa a integración das ensinanzas transversais nos obxectivos, nas competencias, nos diferentes bloques de contidos e nos criterios de avaliación, que se poderían plasmar na área de inglés desta maneira, tendo en conta a nova lei LOMCE:

-EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

-Amosar actitudes de solidariedade, colaboración e axuda á hora de realizar actividades de grupo .

-Aceptar as limitacións propias e respectar as dos demais.

- Valorar o noso patrimonio musical, como parte do patrimonio cultural e artístico de Galicia.

-EDUCACIÓN PARA A PAZ

-Partir do diálogo como principio para resolver os conflitos.

-Aprender a non impoñer as nosas propostas fronte ás dos demais´

-Tentar ofrecer a nosa propia experiencia como forma de axuda a dos demais, principalmente na realización de actividades en grupo.

-EDUCACIÓN AMBIENTAL E PARA A SAUDE

-Coidar a hixiene do aparato vocal mediante o control da voz, a respiración, a articulación..., para poder cantar e falar correctamente.

-Desenvolvemento de actitudes críticas sobre a contaminación acústica e os posibles prexuízos que esta produce na nosa saúde.

-Valorar e procurar o silencio como condición necesaria para o desenvolvemento das experiencias musicais.

-EDUCACIÓN PARA O CONSUMO RESPONSABLE.

-Ser quen de ensinar ao noso alumnado a necesidade de actuar con responsabilidade diante da cantidade de produtos que o mercado ofrece, evitando a influencia perniciosa da publicidade.

-CULTURA DA NOSA COMUNIDADE AUTONOMA.

-Usar a música como medio ideal para coñecer as manifestacións culturais de Galicia, e a partir de aquí as doutras Comunidades Españolas, Europeas e Universais.

14.CONTRIBUCIÓN DA ÁREA A:

14.1.Proxecto lector.

Durante o curso 2019-2020 o tempo de lectura se fará no momento da xornada escolar que o titor considere máis axeitado. Na clase de inglés, tamén adicaremos as especialistas algún tempo á lectura de contos, contos da biblioteca do centro, contos do libro de texto revistas, cómics, etc... neste idioma nas sesións de Inglés.

14.2. Plan TIC.

PLAN DE INTEGRACION DAS TICS.

Tamén realizaremos actividades relacionadas coas Novas Tecnoloxías, utilizando distintos CD's de xogos en Inglés e escoitaremos diversos contos relacionados co método da aula, así coma outros contos tradicionais en Inglés e contos ingleses, os "Nursery Rhymes" e máis cancións tradicionais inglesas.

Os nenos/as traballarán en parellas ou pequenos grupos para que se poidan turnar no manexo do ordenador da aula e na pantalla dixital, durante períodos de non máis de 5 minutos, mentres o resto do grupo mira e axuda a solucionar as actividades.

14.3 Plan de convivencia.

Accións de contribución ao plan de convivencia

Tal como se está a plantexar no Plan de Convivencia as accións son:

- Actuacións preventivas.
 - Actividades que favorezan a relación de familia e centro.
 - Actividades de sensibilización fronte o acoso.
 - Actividades para a integración e participación do alumnado.
 - Actuacións do profesorado titor para a integración do alumnado de ingreso
- Actividades de sensibilización da comunidade educativa en igualdade homes e mulleres.

Actuacións conxuntas de órganos de goberno, de coordinación docente entre distintos equipos docentes e a orientadora. Actuacións específicas para a prevención da violencia sexista, racista ou outro tipo. Todas estas accións son desenvolvidas mediante a asistencia á charlas, participación en diferentes concursos de coeducación....

Ademais na aula:

- Amosar actitudes de solidariedade, colaboración e axuda á hora de realizar actividades de grupo .
- Aceptar as limitacións propias e respectar as dos demais.
- Valorar o noso patrimonio musical, como parte do patrimonio cultural e artístico de Galicia e de países de fala Inglesa.

14.4. Proxecto lingüístico.

Dende a área de lingua Inglesa participaremos e cooperaremos participando nas actividades propostas que se propoñan desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

15. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

Participarase en tódalas actividades que se recollan no Proxecto Educativo a nivel de centro e a maiores na área de Lingua Estranxeira (Inglés) realizaránse as actividades seguintes:

- Halloween.
- Christmas
- Carnival
- Easter
- Participación en datas sinaladas colaborando con actividades organizadas por outros.
- Actividades alternativas durante os recreos.

16. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS.

a) Reunión dos mestres/as titores cos pais e as nais do alumnado do seu curso antes do 30 de novembro para informalos sobre os seguintes aspectos: funcionamento e organización da aula e do centro, necesidade de materiais, programación xeral do curso, procedementos e criterios de avaliación, horarios, profesorado, funcionamento dos diversos plans e proxectos educativos cos que conta o centro, funcionamento da ANPA, procedementos de comunicación a utilizar entre o centro e as familias, dereitos e deberes do alumnado e das familias no cumprimento das súas respectivas responsabilidades. Para esta charla utilizarase como guión unha circular informativa elaborada polo equipo directivo e que se repartirá a todas as familias do alumnado do centro.

b) Fixar anualmente no plan anual de centro o día da semana e a hora de titoría coas familias.

c) Manter reunións cos pais e as nais, polo menos unha ao trimestre, para informar sobre os resultados e marcha académica dos seus fillos/ás.

d) Celebrar entrevistas periodicamente coas familias do alumnado que presente un baixo rendemento ou problemas de comportamento, co fin de paliar estes dentro do posible.

e) Facer partícipes ás familias dos traballos escolares significativos que vaia realizando o alumnado e dos resultados neles obtidos para a súa supervisión e seguimento.

f) Favorecer a participación dos pais na vida do centro, facilitándolles información dos diversos temas, así como os medios e o asesoramento precisos para unha execución máis eficaz das súas competencias.

g) Confeccionar e emitir con carácter periódico circulares dirixidas ás familias nas que se oriente sobre a adquisición de determinados hábitos que permitan unha mellora na formación, socialización e desenvolvemento da autonomía persoal do alumnado: hábitos de traballo, hábitos lectores, hábitos de saúde e hixiene, hábitos de respecto e coidado do medio, comportamentos cidadáns, etc.

h) Utilizar a Axenda Escolar como vehículo de Información Titorial que sirva de enlace e comunicación entre o centro e a familia.

Todo isto levarase a cabo en tódolos niveis. Na área de Linguas Inglesa as familias estarán continuamente informadas xa o que o alumnado levará a súas casa as actividades realizadas na aula, ademais poderán ver os exames e controis realizados. As mestras de Inglés estará en permanente contacto cos /

cas titores/as e informaranlles das aprendizaxes e evolucións do alumnado e de outras informacións necesarias.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

☎ 881880886

CEIP CAMPOMAIOR - ORDES

@ ceip.campomaior@edu.xunta.gal

🌐 www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampomaior/

📍 Travesa de Campomaior s/n 15680 ORDES (A CORUÑA)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

☎ 881880886

CEIP CAMPOMAIOR - ORDES

@ ceip.campomaior@edu.xunta.gal

🌐 www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampomaior/

📍 Travesa de Campomaior s/n 15680 ORDES (A CORUÑA)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

☎ 881880886

CEIP CAMPOMAIOR - ORDES

@ ceip.campomaior@edu.xunta.gal

🌐 www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampomaior/

📍 Travesa de Campomaior s/n 15680 ORDES (A CORUÑA)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

☎ 881880886

CEIP CAMPOMAIOR - ORDES

@ ceip.campomaior@edu.xunta.gal

🌐 www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampomaior/

📍 Travesa de Campomaior s/n 15680 ORDES (A CORUÑA)

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTENIR UNHA VALORACIÓN POSITIVA

Coñecer os números ordinais ata o 31.

Saber deletrear o vocabulario.

Coñecer os adxectivos comparativos e superlativos.

Coñecer os adverbios de frecuencia

Coñecer o verbo “To be” en pasado was/were.

Coñecer o “past simple form”

Coñecer o futuro continuo.

Coñecer polo menos o 75 % do vocabulario dos contidos da programación

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

50% Fichas, cadernos de traballo e probas orais e escritas.

30% Traballo diario durante a clase

10% Interese e respecto pola área e os seus materiais.

10% Comportamento no grupo-aula.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

Atendendo ós diferentes criterios, o currículo propón unha serie de ferramentas que nos permiten levar a cabo o proceso de avaliación na aula. No caso de avaliación formativa, serán a observación e o seguimento sistemático do alumno, é dicir, se tomarán en consideración tódalas producións para o desenvolvemento, tanto de carácter individual como de grupo: traballos escritos, presentacións orais e debates, actividades de clase, lecturas e resumos, investigacións, actitude de aprendizaxe, precisión na expresión e autoavaliación entre outros. E a avaliación sumativa, as probas escritas trimestrais e as de recuperación (e final de curso, se o alumno non tiver recuperado algunha, e extraordinaria, no caso de obter unha clasificación insuficiente na ordinaria final de curso). En todo caso, os procesos de avaliación serán variados, de forma que poidan adaptarse a flexibilidade que esixe a propia avaliación.

O currículo tamén establece uns criterios de avaliación e uns estándares de aprendizaxe avaliábeis por materia e curso que nos permiten avaliar a consecución dos obxectivos do curso. Con respecto á avaliación por competencias, dado que estes son moi xenéricos, debemos concentrarnos moito máis, as compartir para facer con que nos sirvan como referencia para a acción educativa e para demostrar a competencia do alumno, e é o que chamamos de indicadores.

Para medir o comportamento, utilizaranse distintas aplicacións, centrándose na que mellor se adapte ao grupo-clase, podendo ser estas: escaleira de comportamento, matriz de comportamento de cores, ClassDojo e similares.

O número de alumnado é:

6ºA	19
6ºB	18

COMPETENCIAS CLAVES NESTA MATERIA

Imos expoñer os aspectos máis relevantes no noso proxecto, a expensas do que a práctica educativa diaria poida aconsellar en cada momento:

Competencia en comunicación lingüística:

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ó desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Competencia matemática e competencias clave en ciencia e tecnoloxía.

Utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos

produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias clave o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

Competencia dixital

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

Competencia para aprender a aprender

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente ó incluír contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces.

Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro, entre outras.

Competencias sociais e cívicas

As linguas non só serven ós falantes para comunicarse socialmente, senón que tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.

Este feito favorece a comprensión da realidade social na que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración, e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente ós demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

Conciencia e expresións culturais

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

Esta competencia incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

☎ 881880886

CEIP CAMPOMAIOR - ORDES

@ ceip.campomaior@edu.xunta.gal

🌐 www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampomaior/

📍 Travesa de Campomaior s/n 15680 ORDES (A CORUÑA)